

Proceso Asistencial de Cardiopatía Isquémica

Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza

Edición Bilingüe Galego/Castelán



XUNTA DE GALICIA

**Consellería de Sanidade
Servizo Galego de Saúde**

Edita: Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza

Depósito Legal: C 1686-2023

Imprime: Tórculo Comunicación Gráfica, S.A.

Equipo de traballo:

Autores:

Carlos Peña Gil

Daniel Rey Aldama

Pablo Tasende

Belén Álvarez

Carmen Neiro

Manuela Sestayo Fernández

Fátima Blanco

Oscar Otero

Margarita Mendoza

Jose Ramón González-Juanatey

Santiago de Compostela, 2023

PROCESO ASISTENCIAL de CARDIOPATÍA ISQUÉMICA



XUNTA
DE GALICIA

PRESENTACIÓN

Procesos Asistenciales de Patoloxías e Procedementos en Cardiología

As patoloxías que afectan o corazón e os procedementos vinculados á súa atención mostran unhas características moi apropiadas para a organización asistencial por procesos, xa que abordan problemas sanitarios de elevada prevalencia e complexidade. Polo impacto social e económico que representan as enfermidades cardiovasculares, necesítase unha coordinación entre niveis asistenciais e dispoñer de indicadores de calidade ben definidos e relevantes.

Neste sentido, é necesario que todo servizo de Cardiología e, en consecuencia, toda área sanitaria dispoña dun “mapa de procesos”. Este mapa debe adaptarse ás características locais, en rede con outros servizos para promover unha atención integral, que permita optimizar os recursos e mellorar os resultados en saúde. O obxectivo é evolucionar desde unha cardiología dos “procedementos” a unha cardiología dos “procesos asistenciais”. Debe organizarse a atención non só das patoloxías de alta prevalencia, senón tamén das de alta complexidade, todas integradas cos procesos de soporte do conxunto da actividade.

Planificar unha organización asistencial, polo menos dos procesos de elevada prevalencia, excesivamente “cardiológico-céntrica” é garantía de fracaso. Na maioría das ocasións dá lugar a unha asistencia fragmentada, ás veces máis centrada nos nosos intereses que nos dos pacientes e das organizacións sanitarias. Temos a responsabilidade de reunir a todos, pacientes, profesionais sanitarios e xestores, na organización dos procesos asistenciais sen esquecer a necesidade, como noutras áreas de xestión sanitaria, dun liderado clínico.

É importante dispoñer de procesos asistenciais integrados, adaptados ás características de cada área sanitaria, o que supón a definición das rutas do paciente dentro da organización sanitaria. Patoloxías como a cardiopatía isquémica, insuficiencia cardíaca, fibrilación auricular ou estenose valvular aórtica, procedementos en áreas de críticos cardiolóxicos e modelos de organización de cardio-oncología ou indicación de técnicas de imaxe adecuadas, son bos exemplos das oportunidades que temos para mellorar a atención aos pacientes dentro dunha necesaria optimización dos recursos sanitarios.

Durante o ano 2021 un grupo multidisciplinar de profesionais da nosa área sanitaria traballaron de forma conxunta e coordinada para definir as características que debe guiar a nosa organización. Grazas a todos, o seu traballo axudará a mellorar a saúde da nosa poboación.

José R. González Juanatey

*Xefe de Servizo de Cardiología e UCC
Catedrático de Cardiología*

Eloína Núñez Masid

*Xerente. Área Sanitaria
Santiago de Compostela e Barbanza*

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN	15
Procesos asistenciais integrados. Xestión por procesos	18
Mellora e redeseño dos servizos asistenciais	22
O proceso de cardiopatía isquémica	25
Xestión do coñecemento médico	26
Xestión dos datos e promoción da investigación clínica	26
Indicadores	26
1. PREVENCIÓN CARDIOVASCULAR NA POBOACIÓN	33
1.1. Estratificación do risco cardiovascular na poboación sa	36
1.2. Avaliación dos diferentes factores de risco cardiovascular modificables	37
1.3. Probas complementarias	42
1.3.1. Probas complementarias sobre tabaquismo	42
1.3.2. Probas complementarias sobre peso	42
1.3.3. Probas complementarias sobre tensión arterial	43
1.3.4. Probas complementarias sobre dislipemia	43
1.3.5. Probas complementarias sobre diabetes	43
2. MANEXO DIAGNÓSTICO DO PACIENTE CON DOR TORÁCICA	53
3. MANEXO DA SÍNDROME CORONARIA AGUDA	65
3.1. Primeiro contacto con sospeita de síndrome coronaria aguda	69
3.2. Valoración do risco isquémico e hemorráxico da SCA	70
3.3. Protocolo de perfusión primaria en infarto con elevación do ST	71
3.4. Manexo de pacientes con síndrome coronaria aguda sen elevación do ST	73
3.4.1. Probas complementarias. Electrocardiograma de 12 derivacións	75
3.4.2. Probas complementarias. Monitorización electrocardiográfica	76
3.4.3. Probas complementarias. Ecocardiograma	77

3.4.4. Probas complementarias. Test de isquemia con imaxe.....	77
3.4.5. Probas complementarias. TAC de coronarias.....	78
3.4.6. Probas complementarias. RMN cardíaca.....	78
3.4.7. Probas complementarias. Coronariografía.....	79
3.4.8. Probas complementarias. Troponinas de alta sensibilidade.....	80
3.4.9. Probas complementarias. Péptidos natriuréticos.....	81
3.4.10. Probas complementarias. Outros biomarcadores.....	81
3.4.11. Probas complementarias. Analítica completa.....	81
3.4.12. Tratamento SCA. Ácido acetilsalicílico.....	82
3.4.13. Tratamento SCA. Nitratos.....	82
3.4.14. Tratamento SCA. Osixenoterapia.....	83
3.4.15. Tratamento SCA. Inhibidores da bomba de protóns.....	83
3.4.16. Tratamento SCA. Anticoagulantes. Antivitamina K.....	83
3.4.17. Tratamento SCA. Anticoagulantes directos.....	84
3.4.18. Tratamento SCA. Prasugrel.....	84
3.4.19. Tratamento SCA. Ticagrelor.....	85
3.4.20. Tratamento SCA. Clopidogrel.....	85
3.4.21. Tratamento SCA. Cangrelor.....	86
3.4.22. Tratamento SCA. Heparina sódica.....	86
3.4.23. Tratamento SCA. Bivalirudina.....	87
3.4.24. Tratamento SCA. Enoxaparina.....	87
3.4.25. Tratamento SCA. Fondaparinux.....	88
3.4.26. Tratamento SCA. Betabloqueantes.....	88
3.4.27. Tratamento SCA. IECA.....	89
3.4.28. Tratamento SCA. Antagonista receptor mineralocorticoide.....	89
3.4.29. Tratamento SCA. Estatinas de alta potencia.....	89
3.4.30. Tratamento SCA. Ezetimiba.....	90
3.4.31. Tratamento SCA. Inhibidores da PCSK9.....	90
3.4.32. Tratamento SCA. Polipíldora Cardiovascular.....	90

3.5. Protocolo tras a alta por SCA.....	91
3.5.1. Consulta por dor torácica tras síndrome coronaria aguda.....	91
4. REHABILITACIÓN CARDÍACA E PREVENCIÓN SECUNDARIA.....	95
4.1. Unidades básicas de rehabilitación cardíaca.....	99
4.2. Programa de rehabilitación cardíaca avanzada.....	118
5. SÍNDROME CORONARIA CRÓNICA.....	137
5.1. Avaliación básica, diagnóstico e avaliación do risco.....	146
5.2. Intervencións no estilo de vida.....	148
5.3. Instauración de tratamento médico óptimo.....	149
5.4. Seguimento, prevención de eventos cardiovasculares e descompensacións.....	149
5.5. Tratamento de eventos cardiovasculares e descompensacións.....	151
5.5.1. Probas complementarias. ECG de 12 derivacións.....	152
5.5.2. Probas complementarias. Holter de 24 horas.....	152
5.5.3. Probas complementarias. Ecocardiograma.....	153
5.5.4. Probas complementarias. Ergometría convencional.....	153
5.5.5. Probas complementarias. TAC de arterias coronarias.....	154
5.5.6. Probas complementarias. Ecocardiograma de esforzo.....	155
5.5.7. Probas complementarias. SPECT de esforzo ou farmacolóxico.....	156
5.5.8. Probas complementarias. Resonancia magnética cardíaca.....	157
5.5.9. Probas complementarias. Anxiografía coronaria invasiva.....	157
ANEXOS.....	169
Anexos de Prevención cardiovascular na poboación.....	169
ANEXO I: Sistema SCORE (Systematic Coronary Risk Estimation) para países de baixo risco cardiovascular.....	169
ANEXO II: Categorías de risco CV.....	169
ANEXO III: Clasificación da intensidade da actividade física e exemplos de graos de intensidade absoluta.....	170
ANEXO IV: Cuestionario de adherencia á dieta mediterránea.....	170

ANEXO V: Criterios diagnósticos de sobrepeso ou obesidade.....	171
ANEXO VI: Como medir correctamente a presión arterial na consulta	171
ANEXO VII: Estratificación do grao de HTA.....	172
ANEXO VIII: Indicacións clínicas para a medición da presión arterial ambulatoria ou domiciliaria	173
ANEXO IX: Test FINDRISC para identificar suxeitos con alto risco de presentar diabetes de tipo 2.....	173
ANEXO X: Preguntas fundamentais para a avaliación dos factores de risco psicosociais na práctica clínica.....	174
ANEXO XI: Escala de somnolencia de Epworth	174
ANEXO XII: Test de Fagerström (dependencia da nicotina).....	175
ANEXO XIII: Test de Richmond (motivación para o abandono do tabaco)....	175
ANEXO XIV: Algoritmo de tratamento para a cesación brusca.....	175
ANEXO XV: Algoritmo de tratamento para a cesación progresiva	176
ANEXO XVI: Terapia substitutiva con nicotina.....	177
ANEXO XVII: Tratamento farmacolóxico do tabaquismo.....	178
ANEXO XVIII: Características dunha dieta saudable.....	179
ANEXO XIX: Pirámide da dieta mediterránea	179
ANEXO XX: Inicio do tratamento antihipertensivo.....	180
ANEXO XXI: Estratexia básica de tratamento farmacolóxico para a hipertensión arterial non complicada.....	180
ANEXO XXII: Estratexias de intervención en función do risco cardiovascular total e da concentración de colesterol unido a lipoproteínas de baixa densidade	180
ANEXO XXIII: Obxectivo terapéutico para o c-LDL.....	180
ANEXO XXIV: Intensidade do tratamento hipolipemiante	180
ANEXO XXV: Algoritmo de tratamento para a redución farmacolóxica do c-LDL.....	180
ANEXO XXVI: Intervencións sobre os hábitos de vida no paciente con diabetes	180

ANEXO XXVII: Algoritmo de tratamento farmacolóxico no paciente con diabetes <i>mellitus</i> de tipo 2	181
ANEXO XXVIII: Intervalos obxectivo do tratamento para a presión arterial medida en consulta	181
ANEXO XXIX: Obxectivos de control glicémico personalizados	181
Anexos de Dor torácica.....	182
ANEXO I: Clasificación dos síntomas de anxina.....	182
ANEXO II: Probabilidade pretest.....	182
ANEXO III: Criterios de alto risco	182
ANEXO IV: Pacientes non candidatos/malos candidatos a TAC.....	182
ANEXO V: Clasificación TIMI	182
ANEXO VI: Protocolo de actuación en Urxencias	183
ANEXO VII: Algoritmo troponinas de alta sensibilidade	183
Anexos de Síndrome coronaria aguda	184
ANEXO I: Fluxo inicial do paciente con sospeita de síndrome coronaria aguda.....	184
ANEXO II: Manexo fase intrahospitalaria	185
ANEXO III: Manexo antitrombótico de pacientes con síndrome coronaria aguda ST	186
ANEXO IV: Manexo antitrombótico con síndrome coronaria aguda sen elevación do segmento ST con indicación de anticoagulación.....	186
Anexos de Prevención secundaria.....	187
ANEXO I: Indicadores	187
ANEXO II: Ficha do paciente	187
ANEXO III: Factores de risco e comorbilidades.....	187
ANEXO IV: Control FRCV á alta.....	188
ANEXO V: Parámetros antropométricos final	188
ANEXO VI: Medicación á alta	189
ANEXO VII: Variables sociolaborais.....	189

ANEXO VIII: Ergometría inicial.....	190
ANEXO IX: Ergometría final.....	190
Anexos de Rehabilitación cardíaca.....	191
ANEXO I: Criterios de inclusión pacientes ingresados	191
ANEXO II: Test de Morisky-Green.....	191
ANEXO III: Análise de hábitos alimentarios. Test de Predimed (dieta mediterránea).....	191
ANEXO IV: Risco de síndrome de apnea do sono. Escala de Epworth	192
ANEXO V: Modelo de primeira visita cardiovascular	193
ANEXO VI: Parámetros antropométricos e analíticos consultas enfermería	195
ANEXO VII: Folla autocontrol paciente.....	197
ANEXO VIII: Enquisa de valoración e suxestións.....	198
ANEXO IX: Estratificación do risco	200
ANEXO X: CHECKLIST proba de esforzo	201
ANEXO XI: Escala de Borg.....	202
ANEXO XII: Informe de ergoespirometría	202
ANEXO XIII: Cuestionario calidade de vida (cuestionario saúde EuroQol 5-D).....	203
ANEXO XIV: Escala de dispnea modificada do MRC (mMRC)	203
ANEXO XV: Cuestionario IPAQ.....	203
ANEXO XVI: Enquisa risco psicológico, test ansiedade depresión	203
ANEXO XVII: Folla de prescrición de exercicio físico cardiovascular	204
ANEXO XVIII: Manexo de abandono tabáquico.....	205
ANEXO XIX: Test de Fagerström, de dependencia da nicotina	208
ANEXO XX: Folla de rexistro de actividade en ximnasio de rehabilitación cardíaca	209
ANEXO XXI: Modelo de alta do programa de rehabilitación.....	209
ANEXO XXII: Automedición de TA (MAPA).....	212
ANEXO XXIII: Consentimento informado.....	213

ANEXO XXIV: Manexo xeral de fármacos cardiovasculares.....	216
ANEXO XXV: Cuestionario SF-36	218
ANEXO XXVI: Informe TM6M.....	225
Anexos de Síndrome coronaria crónica.....	226
ANEXO I: Clasificación clínica tradicional de sospeita de síntomas anxinosos	226
ANEXO II: Clasificación da gravidade da anxina de esforzo segundo a Canadian Cardiovascular Society	226
ANEXO III: Probabilidade pretest de enfermidade coronaria obstrutiva	226
ANEXO IV: PPT segundo o sexo e a natureza dos síntomas.....	226
ANEXO V: Probas non invasivas para a detección de isquemia	226
ANEXO VI: Definición de risco alto de eventos para distintos tipos de probas en pacientes con síndrome coronaria crónica establecida	226
ANEXO VIII: Guías sobre o tratamento con dobre terapia de tratamento antiplaquetario (DAPT).....	226
ANEXO IX: Guías da Sociedade Europea de Cardioloxía 2020, para o manexo da síndrome coronaria aguda en pacientes sen elevación persistente do segmento ST	227
BIBLIOGRAFÍA.....	231



INTRODUCCIÓN

INTRODUCCIÓN

As enfermidades cardiovasculares constitúen a primeira causa de morte en Occidente e son responsables de catro millóns de mortes ao ano en Europa. A medicina científica logrou grandes avances no tratamento do infarto agudo de miocardio (en España prodúcese anualmente 55 600 infartos deste tipo) e diminuíu a mortalidade na fase aguda (5 %). Segundo datos do Instituto Galego de Estatística, das 13 093 mortes contabilizadas no ano 2018 na nosa área sanitaria, 4060 debéronse a causas do sistema circulatorio e a cardiopatía isquémica foi a enfermidade máis frecuente.

O presente proceso asistencial ten como obxectivo reducir o impacto da cardiopatía isquémica na nosa área sanitaria.

Para iso, identifica **cinco subprocesos**:

- Prevención cardiovascular.
- Dor torácica.
- Síndrome coronaria aguda.
- Rehabilitación cardíaca e cardioloxía preventiva.
- Síndrome coronaria crónica.




FIGURA 1. Fluxo xeral PAI cardiopatía isquémica

Por primeira vez, inclúese a **prevención cardiovascular** dentro do proceso; o obxectivo é **reducir a incidencia das enfermidades cardiovasculares na poboación** e poñer énfase na importancia de prever a morte súbita de orixe cardiovascular e relacionada con síndrome coronarias agudas. Dirixida á poboación xeral, desde a infancia ata a idade adulta. Coordinada por médico e enfermería de atención primaria. Propón un manexo global do risco cardiovascular.

A **dor torácica** é unha das causas máis frecuentes de atención nas urxencias hospitalarias e extrahospitalarias. O obxectivo é **identificar ou descartar a orixe coronaria da dor torácica** dunha forma áxil e segura. Xa presente no proceso previo do 2018, actualízase tendo en conta as novas ferramentas diagnósticas, como o anxioTAC coronario e as troponinas ultrasensibles. Inclúese o papel do ecocardiograma en urxencias.

As **síndromes coronarias agudas** son a causa máis frecuente de ingreso urxente no noso servizo. O obxectivo é **diminuír a mortalidade e as complicacións da síndrome coronaria aguda**. Actualízase o coñecemento mediante a inclusión dunha valoración máis personalizada do risco isquémico e trombótico e dun manexo máis áxil, con implementación dunha estratexia invasiva inmediata en pacientes con síndrome coronaria aguda sen elevación do ST de moi alto risco.

Tras o episodio coronario agudo, establécese como estándar de atención o **programa de Rehabilitación Cardíaca e CardioloXía Preventiva**. Os programas de rehabilitación cardíaca defínense como programas de actuación multifactorial encamiñados a **garantir unha condición física, mental e social óptima a aqueles pacientes que sufriron un evento coronario**, para permitir-lles ocupar polos seus propios medios un lugar normal na sociedade. O obxectivo é mellorar o pronóstico a curto prazo, identificando síntomas e complicacións precoces dos procedementos de revascularización a longo prazo e as secuelas psicosociais. Inclúense os programas de rehabilitación comunitaria seguindo o modelo do Centro de Atención Primaria da Estrada e programas en hospitais comarcais como no de Barbanza.

A cardiopatía isquémica crónica, a **síndrome coronaria crónica**, é un período predominantemente asintomático de consolidación da prevención secundaria. O obxectivo é **mellorar o pronóstico a longo prazo e a calidade de vida**. Debe pivotar na capacidade de autoxestión da enfermidade por parte do paciente, sen medicalización excesiva, e na referencia de atención primaria, así como nun acceso áxil en caso de inestabilizacións en forma de síndrome coronarias a través dos servizos de urxencia e das e-consultas.

Procesos asistenciais integrados. Xestión por procesos

A ferramenta organizativa de calquera proceso asistencial é o **proceso de atención integrado (PAI)**, neste caso de cardiopatía isquémica. Un proceso defínese como un conxunto de actividades ou tarefas cuxa execución coordinada produce un determinado servizo ou produto. O control desa execución modélase a través do que se coñece como fluxo de traballo (*workflow*), no que interveñen un conxunto de usuarios e servizos encargados de levar a cabo as actividades que forman parte deste.

A maior parte dos procesos relacionados cos servizos sanitarios implican, en certa medida, a necesidade de xestionar e coordinar as actividades que deben realizar os profesionais sanitarios en diferentes momentos e lugares, asegurando a continuidade dos coidados.

Durante as últimas décadas, as especialidades médicas presentaron múltiples avances diagnósticos e terapéuticos, en maior grao ligados á introdución de tecnoloxías en procesos agudos da contorna hospitalaria. Este foco descoidou o manexo ambulatorio dos pacientes, a súa organización e a súa actualización ante as novas demandas dos usuarios, o que contribuíu á súa consideración como unha actividade de segunda orde nalgúñas contornas. Así, clasicamente, os pacientes con cardiopatía isquémica crónica eran seguidos de forma anual polo especialista en cardioloxía e en paralelo polo médico de atención primaria, sen que as funcións de cada un estivesen predefinidas.

Nos nosos tempos existe unha oportunidade para redeseñar, introducir e desenvolver servizos de alta calidade, que acheguen valor ao paciente e que sexan máis eficientes en termos de xestión adecuada dos recursos fronte aos modelos convencionais de atención. As patoloxías crónicas, e entre elas, pola súa alta prevalencia, a **cardiopatía isquémica**, representan un caso de uso especialmente interesante para estes procesos. O deseño destes servizos debe partir das necesidades dos usuarios e involucrar nun proceso de cocreación a todos os profesionais que participan, dunha forma aberta e horizontal. Os servizos deberían caracterizarse por ser áxiles, accesibles e integrados dentro de procesos ben definidos que aseguren os beneficios da evidencia científica dispoñible e que faciliten a comunicación e a coordinación entre profesionais, paciente e coidadores (táboa 1).

Táboa 1.

Características óptimas dos servizos asistenciais ambulatorios	En contraposición con...
Xestión dentro de procesos asistenciais integrados .	Atención puntual fragmentada e independente.
Servizos abertos e multiespecialidade.	Servizos compartimentados, pechados física e funcionalmente.
Coordinados cos diferentes profesionais que participan no proceso asistencial.	Illados do resto de profesionais que participan no manexo do paciente.
Comunicados , con sistemas de información compartidos.	Incomunicados, sen acceso á información xerada por diferentes provedores.
Servizos controlados con indicadores de proceso e resultado, de acordo con estándares de calidade.	Ausencia de indicadores de proceso e resultado.
Incorporan na súa xestión indicadores de calidade e seguridade . Todo servizo debe achegar valor ao estado de saúde do paciente.	Xestión por indicadores de actividade (número de consultas, número de probas...).
Servizos acesibles e áxiles, con capacidade de adaptación ante novas demandas e con capacidade de priorización e xestión descentralizada por parte dos profesionais. Deslocalizados xeograficamente e con tecnoloxías da información.	Servizos non accesibles, con listaxes de traballo e de espera rixidas e sen capacidade de reacción.
Servizos intelixentes que analicen de forma automática os datos do paciente e que teñan coñecemento dabondo para apoiar as decisións dos profesionais (CDSS).	Servizos onde o único administrador de coñecementos é o profesional sanitario.
Servizos que respondan ás demandas e necesidades dos usuarios e que xeren experiencias agradables .	Servizos que respondan ás demandas dos profesionais ou xestores.
Servizos en contornas amigables con bo ambiente de traballo e que permitan o desenvolvemento profesional en: docencia, investigación e innovación.	Servizos nos que os profesionais son meros executores de tarefas e non participan no desenvolvemento ou na incorporación de innovacións.
Servizos con programas de mellora continua da calidade e con capacidade para xerar e introducir innovacións .	Servizos que permanecen inalterados durante anos, sen cambiar a forma en que se realizan.
Servizos sostibles desde o punto de vista económico, especialmente nas contornas de patoloxías crónicas dependentes do envellecemento da poboación.	Crecemento exponencial dos custos en presenza dun incremento da demanda.

A cardiopatía isquémica aínda é manexada en moitas contornas dunha forma disgregada entre especialistas en cardioloxía e médicos de atención primaria. Na maioría das ocasións, estes profesionais non teñen boas canles de comunicación

co persoal de enfermería, tanto hospitalaria como ambulatoria, nin con outros especialistas corresponsables: endocrinoloxía, pneumoloxía, etc. Existe, pois, a necesidade de dar resposta ás novas necesidades en saúde da poboación con cardiopatía isquémica, de pacientes cada vez máis envellecidos con procesos crónicos e comorbilidades.

Neste ámbito, os servizos de cardioloxía deben asegurar a **accesibilidade** en caso de signos de alarma. A accesibilidade describe o grao en que un servizo está dispoñible para os usuarios que o requiren. Na cardiopatía isquémica pode ser a inestabilización en forma de síndrome coronaria aguda ou o desenvolvemento de insuficiencia cardíaca. A demora para acceder a determinadas prestacións é un denominador común nos sistemas de cobertura universal; porén, convértese nun risco cando o atraso diagnóstico ou terapéutico afecta a un proceso agudo cardiolóxico.

Os servizos asistenciais non deberían concibirse como atencións puntuais, fragmentadas, realizadas por especialistas sen apenas comunicación nin coordinación co resto de profesionais sanitarios con responsabilidades sobre o paciente. Xa que logo, as consultas hospitalarias deberían ser espazos onde se solucionan problemas achegando valor de forma áxil e resolutiva, evitando demoras e hospitalizacións innecesarias, mentres que o seguimento continuado de pacientes crónicos e as revisións de saúde deberían pivotar sobre a atención primaria. Un reto do noso tempo, no que a sostibilidade dos servizos de saúde está en cuestión, é facer que os servizos ambulatorios sexan altamente eficientes e áxiles. O redeseño de procesos asistenciais e a introdución da xestión por procesos poderían acelerar a difusión destas mellores prácticas. Para que isto sexa posible, é necesario un cambio na cultura das organizacións sanitarias, que require integrar a asistencia hospitalaria coa primaria e xerar actitudes participativas e comprometidas entre os profesionais, cambiando o concepto «Unidade de...» polo de «Proceso de...».

Nun escenario de continua innovación terapéutica e tecnolóxica, que nos últimos anos deu lugar a unha tendencia alcista do gasto sanitario, faise necesaria, máis que nunca, unha **reorganización dos servizos** que facilite o uso apropiado e adecuado dos recursos nas contornas de alta demanda. No ámbito da patoloxía crónica, a ferramenta fundamental son os **procesos de atención integrados (PAI)**, que facilitan a **coordinación** e a **continuidade** dos coidados e incorporan a evidencia científica e as características locais para mellorar a predicibilidade e a seguridade, diminuír a variabilidade e garantir os maiores estándares de calidade posibles.

Dentro dun marco organizativo planificado e documentado, os PAI son as ferramentas para coordinar a secuencia de procedementos médicos, de enfermería e

administrativos necesarios para conseguir a máxima eficiencia e predicibilidade no proceso asistencial. O marco ideal para desenvolver son os sistemas organizativos que promovan a integración asistencial e que superen paradigmas de fragmentación (como «primaria fronte a especializada» ou «ambulatorio fronte a hospitalario»): modelos de xestión única que facilitan a toma de decisións para asegurar a continuidade asistencial e a procura da eficiencia global dos procesos. A integración, real ou virtual, dos recursos de atención primaria, hospitalaria e sociosanitaria nunha área sanitaria permite crear sinerxías entre profesionais e tecnoloxía, así como traballar en obxectivos compartidos.

A definición, estandarización e monitorización tanto da actividade asistencial como dos seus responsables, circuítos e secuencias temporais, son o primeiro paso para acometer calquera proceso de mellora da calidade ou de innovación na forma de dispensar servizos sanitarios. Nos procesos asistenciais debe estar claramente definido **o obxectivo** de cada atención, **o beneficio** para o paciente, os criterios de **inclusión** e os motivos de **finalización**. A historia electrónica única e as ferramentas de comunicación de telemedicina facilitan o seguimento por primaria de pacientes con patoloxías crónicas ao permitir consultar entre especialistas sen necesidade de trasladar o paciente.

A descrición xeral do PAI realizouse de acordo coa secuencia de accións e co percorrido do paciente dentro do proceso. En cada unha das accións do proceso hai que definir (táboa 2): os profesionais que as desenvolven (**quen**), o ámbito de actuación (**onde**), a actividade ou o servizo que se realiza (**que**), as súas características de calidade (**como**) e a secuencia lóxica da súa realización (**cando**). Cada acción debe reflectirse na folla de ruta do paciente, secuencia temporal representada polo **fluxograma** (figura 1). Deste xeito, todos os membros do proceso saben que actividades realiza cada profesional e evítanse duplicidades. En caso de recambio de profesionais, o proceso tamén facilita a incorporación de novos profesionais sen que repercuta na variabilidade da atención.

Táboa 2.

Actividade	Definición da actividade de forma concisa (ex.: visita de inclusión)
QUEN	Profesional que desenvolve a actividade (ex.: enfermeira).
ONDE	Lugar onde se realiza (ex.: cuarto do paciente).
CANDO	Momento temporal (ex.: previo á alta hospitalaria).
QUE SERVIZO REALIZA	Servizos que se realizan (ex.: formación e educación).
COMO	Forma en que se prestan os servizos (ex.: explicación e trípticos informativos).

Así, cada PAI debe elaborar a súa listaxe de actividades e a orde en que se realizan, definida nun fluxograma. Cada actividade será a definición do que fai cada profesional en cada momento.

Este documento, que protocoliza a actividade asistencial, debe ser un documento dinámico, suxeito a continuas modificacións e melloras para adaptarse ás novas necesidades dos pacientes. Así mesmo, os procesos deben adaptarse ás incidencias, polo que cada ano deberían efectuarse cambios nas versións do proceso, despois dunha correcta avaliación.

A **comunicación e coordinación** continuas son fundamentais para o correcto funcionamento do proceso. O papel clave recae, na maioría dos casos, nos profesionais de enfermería, que serán a porta de acceso dos pacientes aos diferentes recursos do proceso. Eles detectan as necesidades e activan os profesionais que prestan os servizos de resposta ás devanditas necesidades.

Débese definir tamén como será o proceso de **xestión da información**, o repositorio onde todo o equipo vai poder visualizar de forma única a información de saúde do paciente. Este marco pódese establecer dentro da contorna da historia clínica electrónica ou mediante ferramentas departamentais específicas. É recomendable que o sistema, ademais de servir como repositorio, xere automaticamente datos e indicadores que faciliten a xestión dos pacientes.

Mellora e redeseño dos servizos asistenciais

A **mellora e o redeseño dos servizos asistenciais** deben enmarcarse na complexidade do ecosistema sanitario.

No proceso asistencial interveñen profesionais diversos, o espazo de atención é múltiple e as actuacións realízanse en tempos diferentes; porén, estes condicionantes danse sobre un paciente único e indivisible. Calquera redefinición ou mellora dun servizo sanitario deberá tender obrigatoriamente á integración co resto de actores, especialmente con atención primaria, núcleo dos sistemas sanitarios universais.

Como xa comentamos, a correcta integración de procesos, real ou virtual, dentro dun sistema sanitario é imprescindible como ferramenta de mellora continua da calidade e para manter a eficiencia do sistema e mellorar a calidade da atención.

A introdución de procesos asistenciais como solución de redeseño asistencial en patoloxías con alta prevalencia debe acompañarse de metodoloxías de **mellora continua da calidade** (*lean healthcare*). Nestas metodoloxías, todos os profesionais que participan no proceso de atención suxiren, analizan e

implementan pequenas melloras a curto prazo, de baixo custo, dependentes das persoas e de forma continua. Estas ferramentas melloran a dinámica de participación, motivación e compromiso dos equipos ao acadar fitos de forma continua. O desempeño profesional en procesos integrados e eficientes é un estímulo para os profesionais e unha fonte de satisfacción e identificación coa organización á que pertencen. No caso da cardiopatía isquémica crónica, estas metodoloxías poden facilitar o tránsito desde o modelo convencional a novos modelos baseados en procesos.

Táboa 3.

Retos actuais da xestión por procesos

- Superación do modelo convencional de compartimentación entre asistencia primaria e asistencia especializada. O paciente como centro do sistema, ao redor do cal xiran os servizos.
- Correcta definición dos procesos asistenciais. Avaliación e control da calidade e seguridade dos procesos; diminución da variabilidade. Efectividade comparada dos servizos sanitarios. Avaliación dos beneficios para o estado de saúde do paciente.
- Accesibilidade a servizos sanitarios. Novos sistemas de comunicación e acceso do paciente aos servizos sanitarios.
- Redefinición do papel do paciente na autoxestión da súa enfermidade e na decisión do tipo de servizos e asistencia que quere recibir.
- Introducción de consultas non presenciais.
- Potenciación das consultas de enfermería e do papel dos xestores de pacientes.
- Papel da enfermería como coordinadora.
- Sistemas intelixentes para a xestión da información de saúde do paciente e para a xestión automática de indicadores.

Táboa 4.

Sistematización do proceso de mellora continua

Dinamización e formación participativa (*learning by doing*).

Definición da área de mellora e dos obxectivos que se queren conseguir.

Definición do equipo; comunicación; documentación do proceso.

Os proxectos deben ser promovidos e executados polos profesionais, co compromiso dos mandos.

- Analizar o servizo que prestamos (ex.: como tratamos na nosa área a cardiopatía isquémica crónica). Visión crítica e múltiple.
 - Debuxar o fluxo, medir.
 - Cuestionar paradigmas, a forma en que se fixeron as cousas ata agora.
 - Analizar en que actividades achegamos valor e onde están os desperdicios.
 - Identificar pequenos problemas e conflitos; tanto os percibidos polos profesionais que participan no proceso como os percibidos polos pacientes e a súa contorna.
 - Establecer indicadores.
 - Análise de experiencias previas.
- Planificar. Proposta de mellora.
 - Tormenta de ideas.
 - Simplificar o traballo e automatizar. Eliminar desperdicio.
 - Plan de accións (mellora/tarefa/responsable/prazo).
- Implementar de forma áxil; seguimento programado do proxecto.
- Avaliar e comunicar. Celebrar.
- Accións para a sostibilidade e a mellora continua dos procesos sanitarios.

As metodoloxías de **mellora continua da calidade** (*lean healthcare, kaizen*) baséanse nun proceso sistemático segundo o cal os profesionais analizan os procesos nos que participan e introducen melloras dunha forma continua. Deste xeito, alén de facilitar o cambio, tamén poden facilitar a mellora dos procesos asistenciais establecidos. Neste enfoque participativo débese crear un equipo de mellora multidepartamental e multixerárquico formado por menos de oito persoas, entre as que se debe identificar un líder, que será o encargado de desenvolver o proxecto de mellora. O proxecto debe estar limitado no tempo, ter uns obxectivos concretos e acadables e seguir unha metodoloxía de xestión de proxectos de forma documental. Como sinalamos na táboa 4, o punto de partida

é a análise cualitativa, cuantitativa e crítica dos procesos asistenciais actuais, representados en fluxogramas e analizados mediante o establecemento de indicadores de proceso e resultado. O equipo de mellora realizará a análise dos factores críticos que **achegan valor** ao servizo que se presta, mentres que o que non achega valor ao usuario se considerará un «desperdicio». Posteriormente deberase establecer a secuencia das accións de mellora, os seus responsables e datas, a implementación do plan de acción e a avaliación dos resultados.

Os eixes desta metodoloxía baséanse no compromiso activo dos participantes na mellora dos procesos nos que interveñen e as claves que se utilizan son a simplificación (eliminar actividades sen valor engadido ou duplicadas), a automatización (establecer mecanismos automáticos para accións predicibles e repetitivas), a mellora do ambiente de traballo, a orde e limpeza e a xestión visual do cadro de mando.

Ademais dos beneficios concretos sobre determinados procesos, o efecto global desta estratexia é o cambio de actitude dos participantes, ao potenciar actitudes activas e participativas dos profesionais orientadas á mellora continua dos procesos e servizos que se prestan. Este espírito transmítese aos pacientes e coidadores, e convértese nun eixe máis para identificar puntos débiles e promover melloras. Así, a mellora de servizos debe ter en todo momento presentes as necesidades e expectativas dos usuarios, e os servizos que se deseñen deben orientarse a mellorar a súa experiencia.

O proceso de cardiopatía isquémica

O presente documento debuxa por primeira vez de forma integral o proceso asistencial da cardiopatía isquémica, desde a prevención primaria, o estudo da dor torácica, a síndrome coronaria aguda, os programas de rehabilitación cardíaca e prevención secundaria e a síndrome coronaria crónica.

A estruturación de cada unha das epígrafes é común para facilitar o acceso. En cada unha das fases do proceso introdúcese a secuencia de actividades, as probas complementarias e os tratamentos.

Ademais de definir as tarefas, reflíctese o coñecemento no que se basean as indicacións farmacolóxicas e de probas complementarias, de xeito que facilite a rápida consulta e actualización do coñecemento.

Esta estruturación facilitará tamén a análise de indicadores, tanto de proceso como de resultado, e a identificación de puntos susceptibles de mellora.

Xestión do coñecemento médico

O éxito de calquera proceso asistencial é que as decisións médicas que tomen os diferentes profesionais sexan as adecuadas, de alta calidade, eviten o erro médico e a variabilidade e promovan a adherencia ás recomendacións científicas. Por iso, este documento presenta unha ampla colección de anexos a modo de fontes de coñecemento e algoritmos de decisión.

É probable que, nun futuro próximo, sistemas de xestión da información médica incorporen coñecemento médico que axude o profesional sanitario no proceso de toma de decisións. Nesta contorna, os procesos asistenciais, ademais de xestionar pacientes, xestionarán coñecemento.

Xestión dos datos e promoción da investigación clínica

Cómpre monitorizar o proceso asistencial mediante indicadores de proceso e resultado. É indispensable dispoñer de cadros de mando que permitan coñecer en tempo real o funcionamento do proceso. Para iso, requírese a estruturación da información médica na orixe e sistemas de análise avanzada de datos que permitan o establecemento automático de indicadores. Esta estruturación permitirá a xeración de evidencias do mundo real sobre o conxunto dos pacientes atendidos integrando a actividade asistencial coa investigadora.

A monitorización de resultados de saúde nos nosos pacientes e a xeración de novo coñecemento son unha obriga para a mellora asistencial.

Indicadores

Preséntase unha proposta inicial do conxunto de indicadores identificados no proceso asistencial de cardiopatía isquémica, os cales foron divididos en dúas categorías:

- Indicadores de procesos.
- Indicadores de resultados.

Indicadores de proceso

Prevención cardiovascular

Indicador recollido na historia clínica	Frecuencia	Estándar
Consello antitabaco	Anual	100 %
Consello alimentación e peso	Anual	100 %
Estratificación do risco cardiovascular, varóns >40 anos e mulleres >50 anos	5 anos	100 %
Consello actividade física	Anual	100 %
Consello tensión arterial, dislipemia e diabetes	Anual	100 %

Dor torácica

Indicador	Frecuencia	Estándar
Número de pacientes atendidos, urxencias	Anual	
Número de pacientes atendidos, e-consulta	Anual	
% de anxioTC coronario	Anual	50 %
% de ecocardiograma de esforzo	Anual	30 %
% de SPECT miocárdico	Anual	15 %
% de coronariografía invasiva diagnóstica	Anual	5 %
N.º de ingresos por SCA / necesidade de revascularización	Anual	

Síndrome coronaria aguda

Indicador	Frecuencia	Estándar
Número de pacientes atendidos	Anual	
Coronariografías <2 horas SCASEST de moi alto risco	Mensual	>90 %
Coronariografías <24 horas SCASEST de alto risco	Mensual	>90 %
Terapia reperusión <120 minutos SCACEST	Mensual	>90 %
Medidas de soporte hemodinámico en pacientes en <i>shock</i> cardioxénico	Mensual	50 %
Ecocardiograma ao ingreso	Mensual	>95 %
% valoración satisfacción	Mensual	
Estancia hospitalaria (media)	Mensual	3 días

Rehabilitación cardíaca e cardiología preventiva

Indicador	Frecuencia	Estándar
% ofrece programa de rehabilitación	Mensual	>75 %
Número de pacientes atendidos	>250	
Primeira visita <30 días de alta	Semanal	>80 %
% remitidos programas básicos	Mensual	>10 %
% pacientes de alto risco	Mensual	>25 %
Número de reunións semanais equipo	Mensual	>75 %

Síndrome coronaria crónica

Indicador	Frecuencia	Estándar
Número de dados de alta a primaria tras programa de rehabilitación	Anual	>90 %
Número de pacientes con cardiopatía isquémica coñecida derivados por e-consulta	Anual	<10 %

Indicadores de resultado

Prevención cardiovascular

Indicador	Frecuencia	Estándar
% fumadores	Anual	<15 %
% IMC ≥ 25	Anual	<30 %
% tensión arterial <130/85 mmHg	5 anos	>80 %
Consello actividade física	Anual	100 %
N.º de ingresos por SCA / necesidade de revascularización / insuficiencia cardíaca / ictus / morte cardiovascular	Anual	<3 %

Dor torácica

Indicador	Frecuencia	Estándar
Atrasos ECG urxencias >10 minutos pacientes con dor	Xeración alerta	<10 %
Derivación e-consulta pacientes que deberían derivarse a urxencias	Xeración alerta	<5 %
Atrasos no diagnóstico e tratamento de SCA en urxencias ambulatorias e hospitalarias	Xeración alerta	<10 %
En estudos negativos: N.º de ingresos por SCA / necesidade de revascularización / insuficiencia cardíaca / ictus / morte cardiovascular	Anual	<2 %

Síndrome coronaria aguda


Indicador	Frecuencia	Estándar
Mortalidade intrahospitalaria do IAMSEST	Anual	<5 %
Mortalidade intrahospitalaria da SCACEST	Anual	<5 %
Consentimentos asinados e explicados con información inmediata a familiares tras coronariografía	Anual	100 %
Valoración personalizada do risco isquémico e hemorráxico no informe de alta hospitalaria	Anual	>70 %
Despois da alta: N.º de reingresos por SCA / necesidade de revascularización / insuficiencia cardíaca / hemorraxia grave / ictus / morte xeral / morte cardiovascular aos 30 días	Anual	<5 % reingreso

Rehabilitación cardíaca e cardiología preventiva

Indicador	Frecuencia	Estándar
% acepta programa de rehabilitación	Mensual	>80 %
N.º de ingresos por SCA / necesidade de revascularización / insuficiencia cardíaca / hemorraxia grave / ictus/ morte xeral / morte cardiovascular	Anual	<5 % reingreso SCA
% de fumadores que deixaron de fumar	Anual	>60 %
% de pacientes con melloría funcional	Anual	>70 %
% de pacientes con LDL saída <55 mg/dl	Anual	>50 %
% de diabéticos con HbA1c de saída <7 %	Anual	>60 %
% completa o programa con adherencia >90 %	Mensual	>80 %
% incorporación laboral durante o programa entre activos	Anual	>70 %
Satisfacción do programa (≥8/10)	Anual	≥80 %

Síndrome coronaria crónica

Indicador	Frecuencia	Estándar
% de pacientes ingresados por SCA con antecedentes de enfermidade coronaria previa	Anual	<20 %
Adherencia e optimización terapéutica en seguimento (estatinas alta intensidade)	Anual	>90 %
% de pacientes con LDL <55 mg	Anual	>60 %
% de pacientes exfumadores con recaídas	Anual	<10 %
% de pacientes con actividade física de intensidade moderada >60 minutos día, >5 días semanais	Anual	>80 %
N.º de ingresos por SCA / necesidade de revascularización / insuficiencia cardíaca / hemorraxia grave / ictus/ morte xeral / morte cardiovascular	Anual	<3 % reingreso



1. PREVENCIÓN CARDIOVASCULAR na POBOACIÓN

1. PREVENCIÓN CARDIOVASCULAR NA POBOACIÓN

A prevención primaria das enfermidades cardiovasculares é a que se realiza sobre individuos sans que non sufriron polo momento ningún evento cardiovascular (infarto, ictus, arteriopatía periférica establecida...) e que **ten por obxecto reducir a incidencia de enfermidades cardiovasculares na poboación xeral**.




FIGURA 2. Diagrama do proceso de prevención cardiovascular na poboación xeral.

Os **equipos asistenciais de atención primaria** (médicos, enfermería, traballadores sociais...) son os profesionais máis próximos á poboación xeral e serán os responsables de acadar os obxectivos de prevención primaria que se presentan nas guías de práctica clínica para atrasar ou evitar a aparición de eventos cardiovasculares mediante o control dos factores de risco cardiovascular, fundamentalmente a hipertensión, a dislipemia, a diabetes, a obesidade e o sobrepeso, e promovendo a adquisición de hábitos cardiosaudables como o abandono do consumo de tabaco, a práctica regular de exercicio físico e unha dieta saudable, como a dieta mediterránea.

DEFINICIÓN DA FASE	1. Prevención cardiovascular na poboación
Criterios de entrada	● Toda a poboación atendida en atención primaria que non sufriu un evento cardiovascular.
Criterios de saída	● Pacientes que sofren un evento cardiovascular susceptible de intervencións de prevención secundaria.
Listaxe de actividades	● 1.1 Estratificación do risco cardiovascular. ● 1.2 Avaliación de diferentes factores de risco cardiovascular modificables. ● 1.3 Tratamento dos factores de risco identificados. ● 1.4 Obxectivos de control dos factores de risco cardiovascular.
Estándares de calidade	● Indicadores de proceso. ● Indicadores de resultado.
Anexos	● Anexo I: Táboa SCORE para poboacións de países con risco cardiovascular baixo baseado nos seguintes factores de risco: idade, sexo, presión arterial sistólica e colesterol total. ● Anexo II: Categorías de risco cardiovascular. ● Anexo III: Clasificación da intensidade da actividade física e exemplos de graos de intensidade absoluta. ● Anexo IV: Cuestionario de adherencia á dieta mediterránea. ● Anexo V: Criterios diagnósticos de sobrepeso ou obesidade. ● Anexo VI: Como medir correctamente a presión arterial na consulta.

DEFINICIÓN DA FASE	1. Prevención cardiovascular na poboación
Anexos	● Anexo VII: Estratificación do grao de hipertensión arterial. ● Anexo VIII: Indicacións clínicas para a medición da presión arterial ambulatoria ou domiciliaria. ● Anexo IX: Test FINDRISC para identificar suxeitos con alto risco de presentar DM2. ● Anexo X: Preguntas fundamentais para a avaliación dos factores de risco psicosociais na práctica clínica. ● Anexo XI: Escala de somnolencia de Epworth. ● Anexo XII: Test de Fagerström (dependencia da nicotina). ● Anexo XVI: TSN. ● Anexo XVII: Tratamento farmacolóxico do tabaquismo. ● Anexo XIX: Características dunha dieta saudable. ● Anexo XX: Pirámide da dieta mediterránea. ● Anexo XXI: Inicio do tratamento antihipertensivo. ● Anexo XXII: Estratexia básica de tratamento farmacolóxico para a HTA non complicada. ● Anexo XXIII: Estratexias de intervención en función do risco cardiovascular total e da concentración de colesterol unido a lipoproteínas de baixa densidade. ● Anexo XXIV: Obxectivo terapéutico para o c-LDL. ● Anexo XXV: Intensidade de tratamento hipolipemiente. ● Anexo XXVII: Intervencións sobre os hábitos de vida no paciente con diabetes. ● Anexo XXIX: Algoritmo de tratamento farmacolóxico no paciente con diabetes <i>mellitus</i> de tipo 2. ● Anexo XXX: Intervalos obxectivo do tratamento para a PA medida na consulta. ● Anexo XXXI: Obxectivos de control glicémico personalizados.

1.1. Estratificación do risco cardiovascular na poboación sa

DEFINICIÓN ACTIVIDADE 1.1	Estratificación do Risco Cardiovascular
Quen	● Médico de atención primaria. ● Enfermeiro/a de atención primaria.
Onde	● Consulta programada en atención primaria.
Cando	● De forma sistemática en pacientes cun risco cardiovascular aumentado (suxeitos con historia familiar de morte prematura por enfermidade cardiovascular, hiperlipemia familiar, factores de risco cardiovascular maiores [tabaquismo, hipertensión, diabetes <i>mellitus</i> ou hiperlipemia] ou comorbilidades que aumenten o risco cardiovascular). ● No primeiro contacto co equipo de atención primaria e de forma incidental ante unha demanda de consulta de atención primaria por outro motivo non relacionado co risco cardiovascular en varóns >40 anos ou mulleres >50 anos ou posmenopáusicas sen factores de risco coñecidos. ● Recoméndase repetir a avaliación do risco cada 5 anos e máis a miúdo para as persoas con riscos próximos ao limiar que indica a necesidade de tratamento.
Que	● Recoméndase a avaliación sistemática do risco cardiovascular. ● Non se recomenda a avaliación sistemática do risco cardiovascular dos varóns <40 anos nin das mulleres <50 anos sen factores de risco cardiovascular coñecidos.
Como	● Sistema SCORE para poboacións de baixo risco cardiovascular, que calcula o risco individual a 10 anos da enfermidade cardiovascular mortal (anexo I). ● Non se require a estratificación do risco cardiovascular mediante o sistema SCORE en individuos que teñan un risco alto ou moi alto e presenten unha enfermidade cardiovascular documentada, diabetes (>40 anos), enfermidade renal ou un único factor de risco extremadamente elevado (anexo II).

1.2. Avaliación dos diferentes factores de risco cardiovascular modificables

DEFINICIÓN ACTIVIDADE 1.2	Avaliación diferentes factores de risco cardiovascular modificables
Quen	● Médico de atención primaria. ● Enfermeiro/a de atención primaria.
Onde	● Consulta programada en atención primaria.
Cando	● De forma sistemática en pacientes cun risco cardiovascular aumentado. ● De forma oportunista en varóns maiores de 40 anos e mulleres maiores de 50 anos ou posmenopáusicas sen factores de risco CV coñecidos.
Que	● A historia familiar de enfermidade cardiovascular prematura en familiares de primeiro grao, varóns antes dos 55 anos e mulleres antes dos 65 anos. ● Hábitos de vida: • Sedentarismo. Coñecer e rexistrar a actividade física. • Consumo de tabaco. • Dieta. Coñecer os hábitos de alimentación. ● Sobrepeso ou obesidade. ● Hipertensión. ● Dislipemia. ● Diabetes mellitus. ● Factores de risco psicosociais, como un nivel socioeconómico baixo, a falta de apoio social, o estrés laboral e familiar, a hostilidade e a ira, a depresión, a ansiedade e outros trastornos mentais. ● Condicións clínicas que incrementan o risco de enfermidade cardiovascular: • Enfermidade renal crónica. • Periodontite crónica. • Pacientes que reciben terapia oncolóxica. • Enfermidade autoinmune (artrite reumatoide, espondilite anquilosante ou psoríase precoz grave). • Síndrome de apnea obstrutiva do sono. • Disfunción eréctil.
Como	● Anamnese detallada sobre antecedentes familiares, hábitos tóxicos (tabaco, alcohol e outras drogas), actividade física (anexo III), hábitos dietéticos e grao de adherencia á dieta mediterránea (anexo IV).

DEFINICIÓN ACTIVIDADE 1.2	Avaliación diferentes factores de risco cardiovascular modificables
Como	● Hábito tabáquico: • Recoméndase preguntar a todos os adultos sobre o consumo de tabaco cando acudan á consulta e aconsellarlles que abandonen o tabaco se fuman. • A periodicidade mínima desta detección e rexistro do consumo de tabaco debe ser dunha vez cada 2 anos. • En pacientes fumadores, debemos coñecer o IPA (índice paquetes/ano), a dependencia da nicotina e a motivación para o abandono do hábito tabáquico. • Recoméndase proporcionar intervencións condutuais e farmacolóxicas para axudar a deixar de fumar os fumadores que queiran facer un intento de abandono do tabaco. ● Sobrepeso ou obesidade: • Tanto o sobrepeso como a obesidade están asociados a un risco aumentado de mortalidade por enfermidade cardiovascular e de mortalidade por calquera causa. • Medidas antropométricas • Altura, peso, índice de masa corporal (cribado de sobrepeso ou obesidade) (anexo V). • Perímetro abdominal. - ≥ 94 cm en varóns e ≥ 80 cm en mulleres é o valor limiar a partir do cal non se debe gañar máis peso. - ≥ 102 cm en varóns e ≥ 88 cm en mulleres é o valor limiar a partir do cal se debe aconsellar unha redución do peso. • Composición corporal en pacientes con sobrepeso, sempre que exista a posibilidade. ● Tensión arterial: • Como medir correctamente a tensión arterial? • Manguito de tamaño adecuado. • Posición correcta do paciente (anexo VI). • En cada visita, determinar tres medidas deixando un minuto entre elas. • Calcular a media das dúas últimas medicións. • Se os valores da primeira lectura son $<130/85$ mmHg, non se requiren máis medicións. • Se en dúas ou tres visitas a presión arterial medida na consulta é $\geq 140/90$ mmHg, considerarase diagnóstico de hipertensión arterial. • Se se sospeita de hipertensión de bata branca ou hipertensión enmascarada, o método diagnóstico de elección será mediante AMPA/MAPA.

DEFINICIÓN ACTIVIDADE 1.2	Avaliación diferentes factores de risco cardiovascular modificables
Como	• Estratificación do grao de hipertensión arterial (anexo VII). • Establecer a necesidade de AMPA/MAPA (anexo VIII). • Periodicidade recomendada na toma da tensión arterial: • A proba inicial de cribado é a toma da presión arterial na consulta. • Periodicidade do cribado cada 3-5 anos. • Periodicidade anual en maiores de 40 anos ou se hai factores de risco para o desenvolvemento de hipertensión arterial (sobrepeso-obesidade, cifras de PA normal-alta, ou raza negra). • Debe confirmarse o diagnóstico de hipertensión arterial mediante MAPA ou AMPA segundo a súa dispoñibilidade. • Dislipemia: • Non hai evidencias suficientes para establecer un rango de idade e unha periodicidade determinada para cuantificar os niveis de colesterol, c-LDL, c-HDL e triglicéridos na poboación sa, polo que a actitude máis razoable é incluílo en calquera análise de sangue solicitada ao paciente, cunha periodicidade mínima de 4 anos e a partir dos 18 anos. • Recoméndase cuantificar o c-non-HDL para a estratificación da enfermidade cardiovascular, particularmente en persoas con niveis altos de triglicéridos, diabetes, obesidade ou niveis moi baixos de c-LDL. • Recoméndase a análise de ApoB para a estratificación da enfermidade cardiovascular, particularmente en persoas con niveis altos de triglicéridos, diabetes, obesidade, síndrome metabólica ou niveis moi baixos de c-LDL. Pódese utilizar como unha alternativa ao c-LDL, se está dispoñible, como a medida principal para o cribado, diagnóstico e manexo, e pode ser preferible ao non-HDL en persoas con niveis altos de triglicéridos, diabetes, obesidade ou niveis moi baixos de c-LDL. • Diabetes: • Débese considerar a detección sistemática de prediabetes e diabetes de tipo 2 en adultos asintomáticos cunha avaliación informal dos factores de risco ou con instrumentos validados. • Débense considerar as análises de prediabetes ou diabetes de tipo 2 en adultos asintomáticos de calquera idade con sobrepeso ou obesidade e cun ou máis factores de risco adicionais para a diabetes. • Para toda a poboación, as análises deben comezar aos 45 anos. • Se os resultados son normais, é razoable repetir as probas, polo menos, cada 3 anos.

DEFINICIÓN ACTIVIDADE 1.2	Avaliación diferentes factores de risco cardiovascular modificables
Como	• A periodicidade da determinación da glicemia basal na persoa sen diabetes non ten evidencias para establecer unha recomendación. Con todo, a glicemia adoita engadirse no contexto da detección ou do seguimento doutros factores de risco cardiovascular. • O test FINDRISC permite identificar suxeitos con alto risco de presentar diabetes de tipo 2 se a puntuación é superior a 15 puntos, polo que se pode evitar a glicemia como proba de cribado (anexo IX). ● Factores de risco psicosociais: • Contribúen ao risco de enfermidade cardiovascular e a un peor pronóstico. • Actúan como obstáculo á adherencia terapéutica e aos esforzos por mellorar o estilo de vida. • Deberase realizar unha anamnese dirixida a identificar factores de risco psicosociais (anexo X) que poden incrementar o risco do paciente. De identificarse algún, solicitarase unha intervención por parte do traballador social. ● Avaliación doutros condicionantes clínicos que incrementan o risco de enfermidade cardiovascular. • Enfermidade renal crónica (ERC): • Asóciase a un risco aumentado, independentemente dos factores de risco do risco cardiovascular convencionais. • Clasificaremos os pacientes con ERC grave (TFG <30 ml/min/1,73 m²) como pacientes de moi alto risco e a aqueles con ERC moderada (TFG 30-59 ml/min/1,73 m²) como pacientes de alto risco. • Periodontite: • Os estudos relacionaron a enfermidade periodontal tanto coa aterosclerose como coa ECV. • Débese promover unha saúde bucodental adecuada na poboación xeral. • Pacientes que reciben terapia oncolóxica: • Os pacientes que sobreviven ao cancro despois dun tratamento con quimioterapia ou radioterapia presentan un risco de enfermidade cardiovascular aumentado relacionado cos tratamentos administrados e as súas doses. • É necesaria a optimización do perfil de risco cardiovascular dos pacientes en tratamento oncolóxico. • Enfermidade autoinmune (artrite reumatoide, espondilite anquilosante ou psoríase precoz grave):

DEFINICIÓN ACTIVIDADE 1.2	Avaliación diferentes factores de risco cardiovascular modificables
Como	• A artrite reumatoide (AR) aumenta o risco CV independentemente dos factores de risco clásicos, con RR = 1,4 para os varóns e RR = 1,5 para as mulleres. • Hai evidencia clara de que a inflamación de alto grao participa no dano vascular acelerado. • Síndrome de apnea obstrutiva do sono: • Existe unha relación positiva entre a síndrome de apnea obstrutiva do sono (SAOS) e a hipertensión, a enfermidade cardiovascular, a fibrilación auricular (FA), o accidente cerebrovascular e a insuficiencia cardíaca. • Débese realizar unha procura activa de pacientes con SAOS usando o test de Epworth (anexo XI) e remitilos a pneumoxia para un diagnóstico e tratamento definitivo. • Disfunción eréctil: • A disfunción eréctil asóciase a eventos cardiovasculares futuros en varóns con e sen enfermidade cardiovascular establecida, polo que se deben avaliar os factores de risco cardiovascular e a presenza de signos e síntomas de enfermidade en varóns con disfunción eréctil.

1.3. Probas complementarias

1.3.1. Probas complementarias sobre tabaquismo

DEFINICIÓN PROBAS COMPLEMENTARIAS 2.1	Tabaquismo
Cal	● Índice paquetes/ano: ● Test de Fagerström (dependencia da nicotina) (anexo XII). ● Test de Richmond (motivación para o abandono) (anexo XIII). ● Algoritmo de tratamento para a cesación brusca (anexo XIV) ou progresiva (anexo XV).
Cando	● Recoméndase preguntar a todos os adultos sobre o consumo de tabaco cando acudan á consulta e aconsellarlles que abandonen o tabaco se fuman. ● A periodicidade mínima desta detección e rexistro do consumo de tabaco debe ser dunha vez cada 2 anos.
Interpretación	● Ver anexos XII e XIII.

1.3.2. Probas complementarias sobre peso

DEFINICIÓN PROBAS COMPLEMENTARIAS 2.1	Sobrepeso ou obesidade
Cal	● Peso, altura e índice de masa corporal (IMC). ● Perímetro abdominal. ● Composición corporal, en caso de ter dispoñibilidade (Tanita).
Cando	● Recoméndase aproveitar calquera motivo de consulta para intervir sobre o sobrepeso ou a obesidade e para interrogar o paciente sobre os seus hábitos en actividade física e dieta.
Interpretación	● Ver anexo V.

1.3.3. Probas complementarias sobre tensión arterial

DEFINICIÓN PROBAS COMPLEMENTARIAS 2.1	Tensión arterial
Cal	● Control da tensión arterial na consulta. ● Valorar AMPA/MAPA segundo dispoñibilidade.
Cando	● Periodicidade do cribado cada 3-5 anos. ● Periodicidade anual en maiores de 40 anos ou se hai factores de risco para o desenvolvemento da HTA (sobrepeso-obesidade, cifras de PA normal-alta ou raza negra).
Interpretación	● Ver anexo VII.

1.3.4. Probas complementarias sobre dislipemia

DEFINICIÓN PROBAS COMPLEMENTARIAS 2.1	Dislipemia
Cal	● Solicitude de analítica cun perfil lipídico que inclúa niveis de colesterol, c-LDL, c-HDL e triglicéridos.
Cando	● Incluído en calquera análise de sangue solicitada ao paciente, cunha periodicidade mínima de 4 anos e a partir dos 18 anos.
Interpretación	● Ver apartado de obxectivos de tratamento.

1.3.5. Probas complementarias sobre diabetes

DEFINICIÓN PROBAS COMPLEMENTARIAS 2.1	Diabetes
Cal	● Solicitude de analítica con glicemia en xaxún. No caso de estar alterada, confirmar cunha segunda análise e solicitar determinación de HbA_{1c}. ● Recoméndase un control analítico con perfil glicémico semestral naqueles pacientes con diabetes que acadaron os obxectivos de control. ● Recoméndase un control analítico con perfil glicémico trimestral naqueles pacientes que non acadaron os obxectivos de control ou aos que se lles modificou o tratamento hipoglicemiante recentemente.
Cando	● Incluído en calquera análise de sangue solicitada ao paciente.
Interpretación	● Ver apartado de obxectivos de tratamento.

DEFINICIÓN ACTIVIDADE 1.3	Tratamento dos FRCV identificados
Quen	• Médico de atención primaria. • Enfermeiro/a de atención primaria.
Onde	• Consulta programada/demanda en atención primaria.
Cando	• Se durante a estratificación do RCV e a avaliación inicial se identifica a existencia dalgún FRCV modificable.
Que	• Hábito tabáquico: • Todo paciente con consumo habitual ou esporádico de tabaco debe recibir en cada contacto co equipo de atención primaria unha intervención breve para a cesación tabáquica. • Sobrepeso ou obesidade: • Recomendar a todas as persoas unha dieta saudable como pedra angular para a prevención da ECV. • Tensión arterial: • A decisión de iniciar un tratamento antihipertensivo depende da PA e do risco CV total (anexo XXI). • Os cambios no estilo de vida están recomendados para todos os pacientes con manexo insuficiente da PA, mesmo para os que teñen hipertensión enmascarada. • Recoméndase un inicio rápido do tratamento farmacolóxico para as persoas con hipertensión de grao 3 con calquera grao de risco CV. • Pódese considerar o inicio do tratamento antihipertensivo para pacientes con hipertensión de graos 1 ou 2 e risco baixo-moderado cando a PA estea nesa franxa en varias visitas repetidas ou estea elevada segundo os criterios ambulatorios e se manteña nesa franxa pese a instaurar cambios no estilo de vida durante un tempo razoable. • Para persoas novas só con elevación moderada da PAS braquial ou con PA normal-alta que teñan un risco baixo ou moderado, débense recomendar cambios no estilo de vida e unha monitorización estreita da PA. • Dislipemia: • A decisión de iniciar tratamento ou non en pacientes en prevención primaria debe tomarse de acordo co nivel de RCV total do paciente e os niveis de c-LDL (anexo XXIII). • Recoméndase prescribir un réxime intensivo de estatina ata acadar a dose máxima tolerada para lograr o obxectivo de cada nivel de risco.


DEFINICIÓN ACTIVIDADE 1.3	Tratamento dos FRCV identificados
Que	• Se non se acada o obxectivo con estatinas na dose máxima tolerada, debe considerarse a combinación de estatina e ezetimiba. ● Diabetes: • Debe considerarse o tratamento con metformina para previr a diabetes de tipo 2 en pacientes con prediabetes (GB entre 100 mg/dl e 125 mg/dl ou A1C entre 5,7-6,4 %), especialmente naqueles con IMC ≥ 35 kg/m², idade <60 anos e mulleres con DMX previa. • Todo paciente con criterios diagnósticos de DM2 (A1C <7,0 %, glicosa plasmática capilar preprandial 80-130 mg/dl, glicosa plasmática posprandial máxima en sangue capilar <180 mg/dl) debe recibir tratamento farmacolóxico para acadar os obxectivos de control. • A decisión da terapia óptima dependerá das comorbilidades e doutros factores.
Como	● Hábito tabáquico: • Asesoramento psicolóxico. • Tratamento farmacolóxico. • Terapia substitutiva con nicotina (gomas de mascar, comprimidos, parches e spray bucal) (anexo XVI). • Terapia farmacolóxica do tabaquismo (anexo XVII). ● Sobrepeso ou obesidade: • Promover o coñecemento das características dunha dieta saudable entre a poboación xeral (anexo XIX). • Promover unha dieta baseada na pirámide nutricional da dieta mediterránea (anexo XX). ● Hipertensión: • Intervencións no estilo de vida. • Recoméndase restrinxir a inxestión de sal a <5 g/día. • Recoméndase restrinxir o consumo de alcohol a estas cantidades: - Menos de 14 unidades á semana os varóns. - Menos de 8 unidades á semana as mulleres. • Recoméndase aumentar o consumo de verduras, froitas frescas, peixe, froitos secos e ácidos graxos non saturados (aceite de oliva), aconséllase reducir o consumo de carne vermella e optar por produtos lácteos baixos en graxa.

DEFINICIÓN ACTIVIDADE 1.3	Tratamento dos FRCV identificados
Como	• Está indicado o control do peso corporal para evitar a obesidade (IMC >30 ou circunferencia de cintura >102 cm os varóns e >88 cm as mulleres) e manter un IMC saudable (ao redor de 20-25) e unha circunferencia de cintura adecuada (<94 cm os varóns e <80 cm as mulleres) para reducir a PA e o risco CV. • Recoméndase o exercicio aeróbico regular (polo menos 30 min de exercicio dinámico moderado 5-7 días á semana). • Recoméndase deixar de fumar, os servizos de apoio e os programas para o abandono do hábito tabáquico. • Tratamento farmacolóxico inicial (anexo XXII). • Inicio do tratamento para a maioría dos pacientes cunha soa pílula de dous fármacos para mellorar a velocidade, a eficacia e a previsibilidade do control da PA. • As combinacións de dous fármacos preferidas son un bloqueador do SRA máis un BCC ou un diurético. • Valorar o uso de monoterapia para pacientes con baixo risco, HTA de grao 1 e PAS <150 mmHg, pacientes con risco moi alto e PA normal alta ou pacientes maiores fráxiles. • Se a PA non se controla cunha combinación de dous fármacos, valorar o uso dunha combinación de tres fármacos nunha pílula cun bloqueador do SRA, un BCC e un diurético. • Valorar a adición de espironolactona para o tratamento da HTA resistente, agás se hai contraindicacións. • Dislipemia: • Intervencións no estilo de vida. • Non expoñerse ao tabaco en ningunha das súas formas. • Manter unha dieta saudable con baixo contido en graxas saturadas e rica en produtos integrais, verduras, froitas e peixe. • 3,5-7 h á semana de actividade física moderadamente intensa ou 30-60 min a maioría dos días. • Peso corporal IMC 20-25, perímetro de cintura <94 cm (varóns) ou <80 cm (mulleres). • Tratamento farmacolóxico inicial: • Avaliar o risco CV total do paciente (anexo I). • Identificar o obxectivo de c-LDL para ese nivel de risco (anexo XXIV).

DEFINICIÓN ACTIVIDADE 1.3	Tratamento dos FRCV identificados
Como	• Implicar o paciente nas decisións sobre o control do risco CV. • Escoller unha estatina e unha dose que, como media, poidan ofrecer esa redución (anexo XXV). • A resposta ao tratamento con estatinas é variable, polo que pode ser necesario axustar a dose (anexo XXVI). ● Diabetes • Intervencións no estilo de vida (anexo XXVII). • Tratamento farmacolóxico (anexo XXIX). • Non se recomenda o uso de AAS de forma sistemática en prevención primaria, incluídas as persoas con diabetes.

DEFINICIÓN ACTIVIDADE 1.4	Obxectivos de control dos FRCV
Quen	● Médico de atención primaria. ● Enfermeiro/a de atención primaria.
Onde	● Consulta programada/demanda en atención primaria.
Cando	● Despois de iniciar o tratamento dalgún FRCV modificable identificado.
Que	● Acadar os obxectivos de control en todo paciente ao que se lle identifique un FRCV modificable.
Como	● Hábito tabáquico: • Lograr o abandono de todas as formas de consumo de tabaco. ● Sobrepeso ou obesidade: • Lograr un IMC 20-25 e un perímetro de cintura <94 cm (varóns) ou <80 cm (mulleres). • Manter polo menos 150 min/semana de AF aeróbica moderada (30 min 5 días/semana) ou 75 min/semana de AF aeróbica intensa (15 min 5 días/semana) ou unha combinación de ambas. • Ser adherente a un modelo de dieta tipo «mediterránea», baixa en graxas saturadas e centrada en produtos integrais, verduras, froitas e peixe. ● Tensión arterial: • Acadar e manter sen efectos adversos relevantes os intervalos obxectivo para a PA medida na consulta (anexo XXX). ● Dislipemia: • En prevención primaria de persoas con risco CV moi alto, recoméndase unha redución $\geq 50\%$ do valor basal e un obxectivo de c-LDL <55 mg/dl. • Para pacientes con risco alto, recoméndase unha redución $\geq 50\%$ do valor basal e un obxectivo de c-LDL <70 mg/dl. • Para suxeitos con risco moderado, débese considerar un obxectivo de c-LDL <100 mg/dl. • Para persoas con risco baixo, pódese considerar un obxectivo de c-LDL <116 mg/dl. ● Diabetes: • É adecuado individualizar os obxectivos de tratamento de acordo coas características clínicas do paciente que se vaia tratar (anexo XXXI). • Un obxectivo razoable de A1C para a maioría dos pacientes adultos (agás embarazadas) é <7 %.

DEFINICIÓN ACTIVIDADE 1.4	Obxectivos de control dos FRCV
Como	• Son razoables obxectivos de A1C máis estritos, como <6,5 %, para pacientes seleccionados (diabetes de inicio recente, diabetes de tipo 2 tratada só con cambios nos hábitos de vida ou metformina, longa expectativa de vida ou sen enfermidade cardiovascular significativa), se se poden conseguir sen hipoglicemias significativas ou outros efectos adversos do tratamento. • Son apropiados obxectivos menos estritos de A1C, como <8 %, para pacientes con antecedentes de hipoglicemia grave, expectativa de vida limitada, complicacións microvasculares ou macrovasculares avanzadas e cadros coexistentes importantes, ou para aqueles con diabetes de longa duración nos que o obxectivo é difícil de acadar malia a educación para o autocontrol da diabetes, un control adecuado da glicosa e doses eficaces de múltiples hipoglicemiantes, incluída a insulina.



2. MANEXO DIAGNÓSTICO do PACIENTE con DOR TORÁCICA

2. MANEXO DIAGNÓSTICO DO PACIENTE CON DOR TORÁCICA

Diagnóstico. Pacientes con dor torácica

- Atención primaria.
- Unidad de dor torácica.
- Tests diagnósticos.




Figura 3. Diagrama do proceso de manexo diagnóstico do paciente con dor torácica.

DEFINICIÓN DA FASE	Paciente con dor torácica
Criterios de entrada	● Paciente con dor torácica suxestiva de orixe isquémica. ● Ausencia de criterios de exclusión. ● Probabilidade pretest <15 %. ● Pacientes con elevada comorbilidade ou pobre calidade de vida, xa que nestes pacientes debe instaurarse tratamento médico de forma inicial. ● Pacientes que cumpren criterios diagnósticos de IAMSEST/IAMCEST. Deben ser remitidos polas vías correspondentes. ● Pacientes con dor torácica non anxinosa ou características atípicas para isquemia (duración prolongada, localización anómala) en pacientes con estudo diagnóstico (coronariografía ou test de isquemia) recente (<1 ano) de baixa probabilidade de isquemia miocárdica (test de isquemia negativo a máis de 9 MET ou coronariografía sen lesións anxiográficas con fluxo normal).
Criterios de saída	● Proceso diagnóstico realizado: • Test de isquemia realizado. • Dor torácica descartada como isquémica.
Listaxe de actividades	● 1.1 Avaliación ambulatoria da dor torácica. ● 1.2 Avaliación en CCEE Cardioloxía (acto único). ● 1.3 Avaliación en servizo de Urgencias. ● 1.4 Realización de exploracións complementarias.
Listaxe de probas complementarias	● 2.1 Electrocardiograma de 12 derivacións. ● 2.2 Analítica de sangue. ● 2.3 Radiografía de tórax. ● 2.4 Ecocardiografía transtorácica. ● 2.5 Ergometría convencional. ● 2.6 SPECT de esforzo/reposo. ● 2.7 SPECT de estrés farmacolóxico. ● 2.8 AnxioTAC de arterias coronarias. ● 2.9 Ecocardiografía de esforzo. ● 2.10 Ecocardiografía de estrés farmacolóxico. ● 2.11 Anxiografía coronaria invasiva. ● 2.12 Holter ECG.

DEFINICIÓN DA FASE	Paciente con dor torácica
Listaxe de tratamento médico óptimo	● 3.1 Nitratos de acción rápida. ● 3.2 Betabloqueantes. ● 3.3 Antihipertensivos.
Estándares de calidade	● Indicadores de proceso. ● Indicadores de resultado.
Anexos	● Clasificación dos síntomas de anxina. ● Probabilidade pretest de cardiopatía isquémica. ● Criterios de alto risco test de isquemia. ● Pacientes non candidatos/malos candidatos a TAC. ● Clasificación TIMI. ● Protocolo de actuación en Urgencias.

DEFINICIÓN ACTIVIDADE 1.1	Avaliación ambulatoria
Quen	● O médico de atención primaria.
Onde	● No centro de saúde.
Cando	● Paciente con dor torácica.
Que	● Realización de anamnese (ver anexo I, clasificación de anxina), exploración física e probas complementarias básicas (analítica de sangue, Rx tórax, electrocardiograma). ● Inicio de tratamento antianxinoso e control de FRCV. ● Derivación a Cardiología se procede.
Como	● Vía realización de e-consulta (paciente que non cumpre criterios de SCA, sospeita de anxina estable). ● Vía servizo de Urgencias (paciente con sospeita de SCA).

DEFINICIÓN ACTIVIDADE 1.2	Avaliación en CCEE CardioloXía
Quen	● O cardiólogo.
Onde	● Consulta de acto único (h. provincial).
Cando	● Paciente con dor torácica derivado desde atención primaria vía e-consulta.
Que	● Realización de anamnese, exploración física e probas complementarias no mesmo acto: • Ecocardiograma transtorácico. • Electrocardiograma. • Ergometría convencional (se procede). ● Solicitud de probas complementarias adicionais, de ser necesario, se hai ausencia de criterios de exclusión; ver anexo II probabilidade pretest (SPECT, TAC coronario, ecocardiograma de esforzo/estrés, Holter ECG). ● Iniciar tratamento farmacolóxico conveniente para estabilización de anxina e tratamento de FRCV.
Como	● Mediante ecógrafo e electrocardiógrafo dispoñible na propia consulta. ● Mediante folla de solicitude de exploracións radiolóxicas.

DEFINICIÓN ACTIVIDADE 1.3	Avaliación da dor torácica no servizo de Urgencias
Quen	● Médico de urgencias, activará o cardiólogo. ● O cardiólogo encargado da UDT (se resultado de 2.ª troponina >24:00 h e non fin de semana), o cardiólogo de garda (se resultado de 2.ª troponina <24:00 h ou fin de semana), sempre que o ECG basal sexa normal; en caso contrario, débese activar de forma inmediata o cardiólogo para comentar ECG.
Onde	● No servizo de Urgencias.
Cando	● Paciente con dor torácica mantida suxestiva de ángor, sen esperar a troponinas. ● Paciente sen dor con 2 determinacións de troponinas negativas, ausencia de criterios de exclusión. ● Paciente con segunda determinación positiva con aumento <40 % (resultado indeterminado) tras excluír causas de elevación secundaria.

DEFINICIÓN ACTIVIDADE 1.3	Avaliación da dor torácica no servizo de Urgencias
Que	● Valoración integral do paciente: • Anamnese. • Exploración física. • Ecocardioscopia en todos os pacientes. • Electrocardiograma. • Valoración da indicación de test de isquemia. • Optimización de tratamento antianxinoso e de FRCV.
Como	● Ver anexo VI. ● Mediante ecógrafo dispoñible no servizo e electrocardiógrafos do servizo de Urgencias. ● Tras a indicación de realización de test de isquemia, o paciente manterase en observación para realizar a proba á mañá seguinte. ● En pacientes con baixa probabilidade e risco, estudos normais, poderase prever a realización da devandita proba de forma ambulatoria. ● Tras a realización do test de isquemia, o cardiólogo encargado da UDT valorará a necesidade de seguimento específico (alta a atención primaria, seguimento en CCEE Cardioloxía ou ingreso hospitalario se datos de alto risco). ● Realizarase optimización de tratamento antianxinoso e de FRCV en pacientes dados de alta precozmente con seguimento ambulatorio, ou tras test de isquemia en función do resultado.

DEFINICIÓN PROBAS COMPLEMENTARIAS 2.1	
Cal	● Electrocardiograma de 12 derivacións.
Cando	● Primeira proba que debe realizarse ante un paciente con dor torácica. ● Menos de 10 minutos desde chegada a urgencias.
Interpretación	● Alteracións na repolarización suxestivas de isquemia (Segmento ST e onda T). Ante ECG anormal, buscar ECG dixitalizados previos e comentar telematicamente co cardiólogo de garda. ● Presenza de bloqueos na conducción intraventricular. ● Arritmias.

DEFINICIÓN PROBAS COMPLEMENTARIAS 2.2	
Cal	● Analítica de sangue.
Cando	● Paciente con dor torácica no servizo de Urxencias.
Interpretación	● Descartar causas secundarias de anxia (anemia). ● Descartar causas extracárdicas da dor torácica. ● Marcadores de dano miocárdico: ● No contexto do diagnóstico da SCA, empréganse en caso de ECG non diagnóstico e sospeita de IAM (en caso de elevación de ST/PCR en ritmo desfibrilable con sospeita de IAM, seguir protocolos específicos). ● Actualmente dispoñemos de troponina de alta sensibilidade. ● Realízase unha primeira determinación de troponina: ● Se o valor é <3 ng/L, atópase por debaixo do límite de detección. Valorar outros diagnósticos se dor >6 h (exclusión IAM, realizar diagnóstico diferencial, valorar necesidade de máis exploracións complementarias). ● Se o valor se atopa >3 ng/L pero <p99 (homes <72 ng/L e mulleres <48 ng/L), cómpre realizar unha 2.ª determinación ás 3 h: ● Se o incremento é ≥50 %, considérase significativo e pode ser indicativo de SCA (valorar contactar con Cardiología). ● Se o incremento é <50 %, non se considera significativo (exclusión IAM, realizar diagnóstico diferencial, valorar necesidade de máis exploracións complementarias). ● Se o valor se atopa >p99 (homes <72 ng/L e mulleres <48 ng/L): ● Valores 5 veces sobre p99 (homes ≥360 ng/L, mulleres ≥240 ng/L) son indicativos de SCA (valorar contactar con Cardiología). ● Valores >p99, pero menos de 5 veces sobre p99, requiren unha 2.ª determinación ás 3 h. O incremento ≥20 % considérase significativo (valorar contactar con Cardiología). ● Anexo VII: Algoritmo troponinas de alta sensibilidade.

DEFINICIÓN PROBAS COMPLEMENTARIAS 2.3	
Cal	● Radiografía de tórax.
Cando	● Paciente con dor torácica no servizo de Urgencias.
Interpretación	● Descartar causas extracardíacas de dor torácica (valoración de silueta cardiopericárdica, alteracións parenquimatosas pulmonares, derrame pleural, afectación en grandes vasos, afectación ósea).

DEFINICIÓN PROBAS COMPLEMENTARIAS 2.4	
Cal	● Ecocardiografía transtorácica.
Cando	● Paciente con dor torácica suxestiva de isquemia.
Interpretación	● Valoración de fracción de exacción ventricular esquerda, avaliación de contractilidade rexional, descarte de valvulopatías significativas ou outras causas de dor torácica.

DEFINICIÓN PROBAS COMPLEMENTARIAS 2.5	
Cal	● Ergometría convencional.
Cando	● Cando non se dispoña doutra alternativa para o diagnóstico non invasivo de isquemia, en paciente con electrocardiograma valorable.
Interpretación	● Avaliación de resposta clínica (síntomas de ángor, resposta tensional) e eléctrica (alteracións do segmento ST, arritmias).

DEFINICIÓN PROBAS COMPLEMENTARIAS 2.6	
Cal	● SPECT esforzo/repouso.
Cando	● Pacientes con mala ventá ecocardiográfica, sen criterios para realizar TC e con capacidade para realizar esforzo en cinta sen fin.
Interpretación	● Valoración de isquemia inducible, necrose. ● Alto risco: Área de isquemia ≥ 10 % do ventrículo esquerdo.

DEFINICIÓN PROBAS COMPLEMENTARIAS 2.7	
Cal	● SPECT estrés farmacológico.
Cando	● Pacientes con mala ventá ecocardiográfica, sen criterios para realizar TC e sen capacidade para realizar esforzo en cinta sen fin.
Interpretación	● Valoración de isquemia inducible, necrose. ● Alto risco: Área de isquemia ≥ 10 % do ventrículo esquerdo.

DEFINICIÓN PROBAS COMPLEMENTARIAS 2.8	
Cal	● TAC coronario.
Cando	● Paciente con dor torácica a estudo, ausencia de preditores de mala interpretación de TAC (ver anexo) e que se atope nalgún dos seguintes supostos (ver anexo clasificación TIMI): • Probabilidade baixa (5-15 %, TIMI 0) con algún factor modificador que aumente o risco (FRCV [nesta situación en concreto podería ser aceptable un paciente con DM como único factor de risco]; cambios no ECG basal; disfunción sistólica do VE suxestiva de EC; ergometría convencional anormal). • Intermedia-baixa (15-55 %, TIMI 1-2, GRACE <140). • Intermedia-alta (TIMI 3-4) nalgúnhas ocasións concretas: ausencia doutros factores de risco e alta probabilidade de TAC de boa calidade (non arritmias, FC <65 lpm, non insuf. renal, IMC <35...).
Interpretación	● Clasificación CAD-RADS (ver anexo). ● Alto risco: EAC de tres vasos, TCE ou DA proximal.

DEFINICIÓN PROBAS COMPLEMENTARIAS 2.9	
Cal	● Ecocardiografía de esforzo.
Cando	● Paciente con dor torácica a estudo, con boa ventá ecocardiográfica e con capacidade de pedaleo. ● Pacientes sen infarto previo.
Interpretación	● Medición de contractilidade rexional. WMSI = 1 (normal); 1,1-1,7 (intermedio); $\geq 1,7$ (alto). ● Alto risco: alteracións segmentarias inducidas polo esforzo en 3 ou máis segmentos.


DEFINICIÓN PROBAS COMPLEMENTARIAS 2.10	
Cal	● Ecocardiografía de estrés farmacológico.
Cando	● Paciente con dor torácica a estudo, con boa ventá ecocardiográfica e sen capacidade de pedaleo.
Interpretación	● WMSI = 1 (normal); 1,1-1,7 (intermedio); $\geq 1,7$ (alto). ● Alto risco: alteracións segmentarias inducidas polo estrés en 3 ou máis segmentos.

DEFINICIÓN PROBAS COMPLEMENTARIAS 2.11	
Cal	● Anxiografía coronaria.
Cando	● Trátase dunha alternativa recomendada en pacientes con probabilidade clínica alta, síntomas graves e refractarios a tratamento médico ou anxina típica a niveis baixos de esforzo e unha avaliación clínica que indique alto risco de eventos.
Interpretación	● Estenose anxiograficamente significativa (TCE >50 % ou xeral >70 %). ● Estenose funcionalmente significativa (iFR/RFR/DFR $<0,90$). ● Área luminal mínima valorada por IVUS <6 mm².

DEFINICIÓN TRATAMENTOS 3.1	
Fármaco	● Nitratos de acción rápida.
Indicación	● Paciente que presenta dor torácica suxestiva de isquemia no momento da exploración.
Contraindicación	● Hipersensibilidade, miocardiopatía hipertrófica obstrutiva, estenose aórtica significativa.
Efectos secundarios	● Cefalea. ● Hipotensión.

DEFINICIÓN TRATAMENTOS 3.2	
Fármaco	● Betabloqueantes.
Indicación	● Paciente que debe realizar anxioTC coronario e presenta frecuencia cardíaca superior a 65 lpm.
Contraindicación	● Hipersensibilidade, <i>shock</i> cardioxénico, trastornos da conducción avanzados, hipotensión sintomática, asma bronquial grave, formas graves de oclusión arterial periférica e síndrome de Raynaud.
Efectos secundarios	● Bradicardia, hipotensión, BAV, insuficiencia cardíaca aguda, broncospasmo.

DEFINICIÓN TRATAMENTOS 3.3	
Fármaco	● Antihipertensivos de acción rápida (captopril).
Indicación	● Como hipotensor en pacientes con hipertensión en contexto de proba de esforzo.
Contraindicación	● Hipersensibilidade, anxioedema asociado a IECA, edema anxioneurótico hereditario, segundo/ terceiro trimestre de embarazo.
Efectos secundarios	● Hipotensión.



3. MANEXO da SÍNDROME CORONARIA AGUDA

3. MANEXO DA SÍNDROME CORONARIA AGUDA




FIGURA 4. Diagrama do proceso da síndrome coronaria crónica.

DEFINICIÓN DA FASE	SÍNDROME CORONARIA AGUDA. HOSPITALIZACIÓN
Criterios de entrada	● Dor torácica con sospeita de síndrome coronaria aguda.
Criterios de saída	● Dor torácica aguda cardíaca non coronaria (miopericardite, miocardiopatías, taquiarritmias, insuficiencia cardíaca, urxencias hipertensivas, valvulopatías, traumatismo cardíaco).
Listaxe de actividades	● Primeiro contacto con sospeita de síndrome coronaria aguda. Identificación do risco de pacientes (isquémico e hemorráxico). ● Protocolo de SCASEST: valoración do risco isquémico para valorar o momento de realizar a coronariografía. Valoración do risco GRACE e CRUSADE. • En <24 horas pacientes de alto risco, mesmo as fins de semana. • En <2 horas pacientes de moi alto risco. ● Protocolo de IAMCEST • Se o tempo estimado desde o diagnóstico (ECG interpretado como IAMCEST por persoal sanitario adestrado) ata a reperfusión <120 minutos, activación do protocolo de anxioplastia primaria (con obxectivo de diagnóstico a reperfusión menor a 90 minutos). • Se o tempo estimado desde o diagnóstico ata a reperfusión >120 minutos, estratexia farmacoinvasiva. Bolo de fibrinolítico en menos de 10 minutos desde o diagnóstico e traslado inmediato ao noso centro: • Anxioplastia de rescate en pacientes sen criterios de reperfusión (persistencia da dor torácica ou ausencia de corrección do ST >50 %). • Intervencionismo coronario precoz (entre 2 e 24 horas) tras tratamento fibrinolítico exitoso (ausencia de dor torácica ou corrección do ST >50 %). ● Protocolo á alta de SCA
Listaxe de probas complementarias	● ECG. ● Biomarcadores. ● Hemograma, creatinina, función renal, perfil lípidos, detección de diabetes. ● Estratificación do risco isquémico e hemorráxico empregando escalas. ● Ecocardiograma a todos os pacientes ao seu ingreso. ● Test de isquemia funcional con imaxe / TC de arterias coronarias / coronariografía con posibilidade de estudo invasivo funcional. ● Monitorización ECG.

DEFINICIÓN DA FASE	SÍNDROME CORONARIA AGUDA. HOSPITALIZACIÓN
Listaxe de tratamento médico óptimo	<i>Protocolo de tratamento médico óptimo segundo as guías de práctica clínica</i> • Ácido acetilsalicílico desde o ingreso. • Inhibidor da P2Y12, preferiblemente con ticagrelor ou prasugrel engadido ao ácido acetilsalicílico. En caso de contraindicacións ou de alto risco hemorráxico, usaremos clopidogrel. • Anticoagulación con fondaparinux en SCASEST ata a revascularización ou durante a hospitalización en pacientes con manexo médico. • Anticoagulantes orais directos en pacientes en fibrilación auricular non valvular, de elección sobre antivitaminas K. • Estatinas de alta potencia. Revascularización da arteria culpable do evento (PCI) • Acceso radial. • Non realización de tromboaspiración de forma rutineira. • Uso de <i>stents</i> farmacoactivos. Non usar osíxenoterapia rutineira, agás saturación de O₂ <90 % ou presión parcial de O₂ <60 mmHg. Betabloqueantes. Inhibidores do encima de conversión de anxiotensina/ antagonistas do receptor de anxiotensina II. Antagonista do receptor mineralocorticoide. Valoración e inclusión de programa de rehabilitación cardíaca previa á alta.
Estándares de calidade	• Mortalidade do infarto agudo de miocardio sen elevación do segmento ST. • Mortalidade do infarto agudo de miocardio con elevación do segmento ST. • Anxioplastia primaria en pacientes con dor torácica e elevación do segmento ST de menos de 12 horas. • Fibrinólise extrahospitalaria en pacientes con infarto agudo de miocardio con elevación do segmento ST se non é posible anxioplastia primaria en <120 minutos. • Anxioplastia de rescate en <24 horas en casos de trombólise efectiva. • Coronariografía precoz en pacientes con infarto agudo de miocardio sen elevación do segmento ST de alto risco en <24 horas. • Estratexia invasiva inmediata en pacientes con infarto agudo de miocardio sen elevación do segmento ST de moi alto risco.

DEFINICIÓN DA FASE	SÍNDROME CORONARIA AGUDA. HOSPITALIZACIÓN
Estándares de calidade	● Test de isquemia con imaxe ou TC de arterias coronarias en pacientes con infarto agudo de miocardio sen elevación do segmento ST de baixo risco. ● Determinación de troponinas cardíacas de alta sensibilidade inmediatamente despois da avaliación inicial e obtención dos resultados aos 60 minutos da extracción da mostra. ● Consentimento informado con explicación adecuada. ● Uso de estatinas de alta intensidade. O obxectivo é reducir os niveis de c-LDL por debaixo de 55 mg/dl ou 1,4 mmol/l. ● Uso de dobre terapia antiplaquetaria, preferiblemente con prasugrel e ticagrelor. En caso de intolerancia ou contraindicación, debería usarse clopidogrel. ● Manter dobre terapia antiplaquetaria durante 12 meses, agás contraindicacións ou elevado risco de sangrado (PRECISE-DAPT >25 ou ABR-HBC). ● O uso de IECA (ou ARA II en caso de contraindicacións) está recomendado en pacientes con hipertensión arterial, FEVE <40 %, diabetes ou insuficiencia renal crónica, agás contraindicacións. ● Uso de betabloqueantes en pacientes con disfunción sistólica do VE e IC con FEVE <40 %. ● Ecocardiograma en todos os pacientes para valoración da función global e segmentaria do ventrículo esquerdo ou para o diagnóstico diferencial. ● Valoración do risco isquémico e hemorráxico usando escalas de risco.
Anexos	● Manexo de fase hospitalaria.

3.1. Primeiro contacto con sospeita de síndrome coronaria aguda

DEFINICIÓN ACTIVIDADE 1.1	VALORACIÓN SOSPEITA SCA EN PRIMEIRO CONTACTO
Quen	● Médico do 061. ● Médico de urxencias. ● Médico de atención primaria. ● Cardiólogo de garda.
Onde	● Domicilio 061. ● PAC. ● Centro de saúde. ● Servizo de urxencias.
Cando	● Inmediatamente <10 minutos de consulta.
Que	● Realización valoración integral do paciente: • Anamnese, presenza de ángor, duración da dor, probabilidade pretest de padecer cardiopatía isquémica. • Exploración física. • Toma de constantes. • Realización e interpretación de ECG. Repetición en caso de recorrencia. • Realización de ecocardiograma en caso de dúbidas. • Monitorización electrocardiográfica en todos os pacientes con sospeita de SCA. • Determinación de biomarcadores, hemograma e función renal.
Como	● Valoración presencial do paciente. ● Integración de anamnese, exploración física e probas complementarias. ● Comparar con ECG previos. En caso de dúbida, consultar telematicamente de forma inmediata coa garda de cardioloxía para valoración de ECG. ● Información a médicos de Urxencias e Enfermería do plan establecido.

3.2. Valoración do risco isquémico e hemorráxico da SCA

DEFINICIÓN ACTIVIDADE 1.2	Identificación do risco de pacientes con SCASEST RISCO ISQUÉMICO E RISCO HEMORRÁXICO
Quen	● Cardiólogo/a que valora o paciente desde o seu ingreso en urxencias ata a alta hospitalaria.
Onde	● Urxencias, unidade coronaria, planta de hospitalización.
Cando	● No momento inicial de valoración do paciente ou ante calquera cambio clínico.
Que	● Valoración do risco de cada paciente: • RISCO ISQUÉMICO. • RISCO HEMORRÁXICO.
Como	● Uso de escalas de risco isquémico (GRACE risk score), risco hemorráxico (CRUSADE, ARC-HBC) e PRECISE-DAPT. ● Identificación de pacientes con necesidade de anticoagulación indefinida (fibrilación auricular, válvulas protésicas metálicas). ● Identificación de pacientes con alto risco isquémico non incluído nas escalas de risco: • Trombose previa do <i>stent</i> con tratamento antiagregante plaquetario. • <i>Stent</i> na última arteria coronaria permeable. • Enfermidade multivazo, sobre todo en pacientes diabéticos. • Enfermidade renal crónica. • Polo menos 3 <i>stents</i> implantados. • Polo menos 3 lesións tratadas. • Bifurcación con 2 <i>stents</i> implantados. • Lonxitude do <i>stent</i> >60 mm. • Tratamento dunha oclusión crónica total.

3.3. Protocolo de perfusión primaria en infarto con elevación do ST

DEFINICIÓN ACTIVIDADE 1.3	Protocolo de perfusión urxente (INFARTO AGUDO DE MIOCARDIO CON ELEVACIÓN DO SEGMENTO ST)
Quen	● Activación inicial a través de: hospital comarcal, médico de urxencias, 061. ● Activación de protocolo de perfusión urxente: • Cardiólogo/a de garda ou de UCC. • Cardiólogo/a intervencionista.
Onde	● Intrahospitalario, inclúe urxencias ou outros servizos. ● Domicilio 061. PAC. ● Hospital comarcal.
Cando	● Emerxente (perfusión <120 minutos, idealmente en <90 minutos desde o primeiro contacto médico ata a realización de angioplastia primaria). ● En caso de tempos para perfusión >120 minutos, indicárase a realización de fibrinólise (<10 minutos) en diagnósticos extrahospitalarios con traslado inmediato despois da administración de fibrinolítico (ex.: hosp. comarcal non ICP). ● ICP de rescate en pacientes con fracaso da fibrinólise (resolución do ST <50-60 % aos 60-90 minutos), en caso de inestabilidade hemodinámica ou eléctrica ou de empeoramento da isquemia. ● ICP programada ás 2-24 horas tras o éxito da fibrinólise.
Que	● Activación de hemodinamista e enfermería de garda. ● Administración de dobro terapia antiagregante (DAPT) con dose de carga de AAS (250-300 mg sen cuberta entérica, vía parenteral se incapacidade de oral) e inhibidor da P2Y12 (preferiblemente PRASUGREL 60 mg ou TICAGRELOR 180 mg v.o.; só en caso de contraindicacións ou necesidade de anticoagulación, CLOPIDOGREL 600 mg). ● Cangrelor e.v. podería estar indicado en pacientes <i>naive</i> que non poden tomar inhibidores da P2Y12 (intubación orotraqueal ou vómitos incoercibles).

DEFINICIÓN ACTIVIDADE 1.3	Protocolo de reperfusión urgente (INFARTO AGUDO DE MIOCARDIO CON ELEVACIÓN DO SEGMENTO ST)
Que	● Administración de nitratos (s.l. ou e.v.) en casos de dor torácica persistente, hipertensión arterial. ● Administración de opiáceos para alivio da anxina. ● Administración de tratamento diurético en presenza de datos de conxestión pulmonar. ● Administración de medidas de soporte hemodinámico (fármacos inotrópicos ou vasopresores, ou asistencia de curta duración tipo IMPELLA ou ECMO) en presenza de <i>shock</i> cardioxénico. ● Osixenoterapia en caso de saturación de O₂ <90 % ou presión parcial de O₂ <60 mmHg. ● Soporte respiratorio con VMNI ou IOT en presenza de insuficiencia respiratoria non corrixible con osixenoterapia ou edema agudo de pulmón.
Como	● Manexo integral desde urxencias ou a través de IANUS. ● Traslado inmediato á sala de hemodinámica. ● Manexo posterior en UCC/UCIC baixo monitorización electrocardiográfica continua polo menos durante 24 horas. ● Realización e dixitalización de ecocardiograma a todos os pacientes o antes posible. ● Repetir de forma inmediata o ecocardiograma en caso de cambios clínicos, <i>shock</i> cardioxénico ou inestabilización hemodinámica ou sospeita de complicación mecánica. ● Informar os pacientes e familiares en todo momento.

3.4. Manexo de pacientes con síndrome coronaria aguda sen elevación do ST

DEFINICIÓN ACTIVIDADE 1.4	Protocolo de manexo (INFARTO AGUDO DE MIOCARDIO SEN ELEVACIÓN DO SEGMENTO ST)
Quen	● Activación inicial a través de: hospital comarcal, médico de urxencias, 061. ● Activación de protocolo de reperfusión urgente: • Cardiólogo/a de garda ou de UCC. • Cardiólogo/a intervencionista.
Onde	● Intrahospitalario, inclúe urxencias ou outros servizos. ● Domicilio 061. PAC. ● Hospital comarcal.
Cando	● No momento inicial de valoración de pacientes, xa sexa en urxencias ou noutros servizos, identificación do risco individualizado para decidir momento de tratamento intervencionista. ● Risco moi alto (estratexia invasiva inmediata <2 horas): • Inestabilidade hemodinámica. • Shock cardioxénico. • Dor torácica recorrente ou refractaria. • Arritmias ventriculares. • Insuficiencia cardíaca aguda relacionada con SCASEST. • Descenso do segmento ST >1 mm en 6 ou máis derivacións e elevación do segmento ST en aVR ou V1. • Alta sospeita de oclusión coronaria, pacientes con infarto posterior, defectos segmentarios <i>de novo</i> nun territorio coronario acompañado de dor persistente. ● Risco alto (estratexia invasiva precoz <24 horas): • Diagnóstico establecido de infarto agudo sen elevación do segmento ST. • Alteracións electrocardiográficas dinámicas ou silentes, dinámicas novas ou presumiblemente novas do segmento ST/onda T. • Recuperado de parada cardíaca sen criterios de <i>shock</i> cardioxénico nin elevación do segmento ST. • GRACE score >140 puntos. ● Risco baixo (estratexia invasiva electiva): • Manéxase de forma similar aos pacientes con síndrome coronaria crónica. • Test de isquemia con imaxe ou tests anatómicos non invasivos.

DEFINICIÓN ACTIVIDADE 1.4	Protocolo de manexo (INFARTO AGUDO DE MIOCARDIO SEN ELEVACIÓN DO SEGMENTO ST)
Que	● Ingreso en planta de hospitalización/UCC/UCIC, segundo risco individualizado. ● Administración de AAS en todos os pacientes sen contraindicacións, con dose inicial de carga de 150-300 mg vía oral (sen cuberta entérica) ou dose intravenosa de 75-250 mg en caso de intolerancia oral. ● Non administración sistemática de inhibidor da P2Y12, especialmente en pacientes con estratexia invasiva precoz, en caso de sospeita de enfermidade de tronco con alta probabilidade de necesitar cirurxía cardíaca. ● O pretratamento con inhibidor da P2Y12 podería recomendarse en pacientes con SCAEST nos que non se prevé estratexia invasiva precoz e que non teñen elevado risco de sangrado ou naqueles pacientes de debut con alta probabilidade de oclusión coronaria. ● Agás en caso de contraindicacións, prasugrel debería ser considerado en preferencia a ticagrelor. ● Clopidogrel, só cando prasugrel ou ticagrelor non son tolerados ou están contraindicados. ● Cangrelor e.v. podería estar indicado en pacientes <i>naive</i> que non poden tomar inhibidores da P2Y12 (intubación orotraqueal ou vómitos incoercibles). ● Administración de nitratos en casos de dor torácica, hipertensión arterial. ● Administración de opiáceos para alivio da anxina. ● Administración de tratamento diurético en presenza de datos de conxestión. ● Administración de medidas de soporte hemodinámico (fármacos inotrópicos ou vasopresores, ou asistencia de curta duración tipo IMPELLA ou ECMO) en presenza de <i>shock</i> cardioxénico. ● Osixenoterapia en caso de saturación de O₂ <90 % ou presión parcial de O₂ <60 mmHg. ● Soporte respiratorio con VMNI ou IOT segundo a situación clínica do paciente en caso de insuficiencia respiratoria refractaria ou edema agudo de pulmón.

DEFINICIÓN ACTIVIDADE 1.4	Protocolo de manexo (INFARTO AGUDO DE MIOCARDIO SEN ELEVACIÓN DO SEGMENTO ST)
Como	● Manexo integral desde urxencias con monitorización electrocardiográfica. ● Consentimento informado a todos os pacientes, incluíndo copia para o paciente. ● Establecer momento idóneo da estratexia invasiva, mesmo fin de semana e festivos. ● Manter monitorización electrocardiográfica continua polo menos durante 24 horas ou máis de 24 horas en caso de alto risco (inestabilidade hemodinámica, arritmias ventriculares, FEVE <40 %, fallo na reperfusión, estenose severa en vasos epicárdicos principais, complicacións relacionadas coa reperfusión ou GRACE >140). ● Realización e dixitalización de ecocardiograma a todos os pacientes o antes posible. ● Repetir de forma inmediata o ecocardiograma en caso de cambios clínicos, <i>shock</i> cardioxénico ou inestabilización hemodinámica ou sospeita de complicación mecánica. ● Informar os pacientes e familiares en todo momento.

3.4.1. Probas complementarias. Electrocardiograma de 12 derivacións

DEFINICIÓN PROBAS COMPLEMENTARIAS 2.1	
Cal	ELECTROCARDIOGRAMA
Cando	● No momento de presentación do paciente (<10 minutos) con inmediata interpretación. ● En caso de recorrencia de dor torácica ou diagnóstico incerto. ● Utilización de derivacións adicionais (V7, V8, V9, V3R, V4R) en caso de diagnóstico incerto con derivacións estándar.
Interpretación	● Inmediata (<10 minutos); en caso de dúbida, enviar telematicamente á garda de cardiología para orientación. ● Comparar con ECG previos da historia. ● Dixitalizar e engadir á historia electrónica.

3.4.2. Probas complementarias. Monitorización electrocardiográfica

DEFINICIÓN PROBAS COMPLEMENTARIAS 2.2	
Cal	MONITORIZACIÓN ELECTROCARDIOGRÁFICA
Cando	● En todo paciente con diagnóstico establecido ou de sospeita de SCASEST. ● Débese manter polo menos 24 horas ou ata o intervencionismo coronario percutáneo (ou o que sexa primeiro) en pacientes con baixo risco de arritmias. ● Monitorización electrocardiográfica durante máis de 24 horas en pacientes con alto risco de arritmias. ● En ausencia de signos ou síntomas de isquemia, a monitorización electrocardiográfica en pacientes con anxina inestable podería considerarse en pacientes seleccionados (sospeita de espasmo coronario ou síntomas asociados a eventos arrítmicos). ALTO RISCO DE ARRITMIAS: inestabilidade hemodinámica, arritmias ventriculares, FEVE <40 %, fallo de reperfusión, estenose significativa de vasos coronarios epicárdicos, complicacións relacionadas coa revascularización, GRACE >140.
Interpretación	● Valoración de arritmias supraventriculares e ventriculares. ● Revisión de alarmas do dispositivo. ● Identificación de pacientes de alto risco.

3.4.3. Probas complementarias. Ecocardiograma

DEFINICIÓN PROBAS COMPLEMENTARIAS 2.3	
Cal	ECOCARDIOGRAMA
Cando	● Inmediatamente a todos os pacientes e sospeitas. ● No momento de presentación clínica, en caso de inestabilidade hemodinámica ou sospeita de complicacións. ● En caso de diagnóstico incerto.
Interpretación	● Valoración da función VE global e rexional para identificar alteracións da motilidade parietal rexional que indiquen enfermidade coronaria. ● Avaliación da FEVE para estratificación prognóstica. ● Avaliación da función diastólica. ● Detección de complicacións (derrame pericárdico, rotura do septo interventricular ou insuficiencia mitral isquémica). ● Diagnóstico diferencial (tromboembolismo pulmonar, pericardite). ● Todos os estudos deben estar correctamente identificados e dixitalizados.

3.4.4. Probas complementarias. Test de isquemia con imaxe

DEFINICIÓN PROBAS COMPLEMENTARIAS 2.4	
Cal	TEST DE ISQUEMIA CON IMAXE
Cando	Paciente de baixo risco (dor torácica sen recorrencia, non alteracións electrocardiográficas e valores de troponina, preferiblemente de alta sensibilidade).
Interpretación	● Para valoración de isquemia e viabilidade. ● Risco alto de eventos: • Imaxe de perfusión con SPECT ou PET: área de isquemia ≥ 10 % do miocardio do ventrículo esquerdo. • Ecocardiograma de estrés: ≥ 3 de 16 segmentos con hipocinesia ou acinesia inducida por estrés. • Resonancia magnética cardíaca: ≥ 2 de 16 segmentos con defectos de perfusión por estrés ou ≥ 3 segmentos con disfunción inducida por dobutamina.

3.4.5. Probas complementarias. TAC de coronarias

DEFINICIÓN PROBAS COMPLEMENTARIAS 2.5	
Cal	TESTS ANATÓMICOS NON INVASIVOS
Cando	● Paciente con dor torácica sen recorrencia, non alteracións electrocardiográficas e valores de troponina, preferiblemente de alta sensibilidade. ● Pacientes con risco baixo ou intermedio de cardiopatía isquémica cando os marcadores de dano miocárdico son negativos ou os ECG son normais ou non concluíntes. ● Non se recomenda con historia de enfermidade coronaria previa, frecuencia cardíaca irregular, obesidade significativa, incapacidade do paciente para aguantar a respiración ou outra condición que dificulte a adquisición de imaxes de boa calidade.
Interpretación	● Para valoración anatómica non invasiva de arterias coronarias. ● Risco alto de eventos. • Enfermidade de tres vasos. • Enfermidade de tronco coronario esquerdo. • Enfermidade proximal da arteria descendente anterior.

3.4.6. Probas complementarias. RMN cardíaca

DEFINICIÓN PROBAS COMPLEMENTARIAS 2.6	
Cal	RESONANCIA MAGNÉTICA CARDÍACA
Cando	● Durante o ingreso ou precozmente á alta en: • Pacientes con MINOCA (<i>myocardial infarction with non-obstructive coronary arteries</i>) para estudar a etioloxía. • Pacientes con mala ventá ecocardiográfica con resultados non concluíntes, sospeita de trombo intraventricular.
Interpretación	● Valoración de estrutura e función cardíaca. ● Estudo etiolóxico.

3.4.7. Probas complementarias. Coronariografía

DEFINICIÓN PROBAS COMPLEMENTARIAS 2.7	
Cal	CORONARIOGRAFÍA
Cando	● Estratexia invasiva inmediata en pacientes con IAMCEST. ● Estratexia invasiva inmediata (<2 horas), recomendada en pacientes con SCAEST con polo menos un factor de moi alto risco. • Inestabilidade hemodinámica ou <i>shock</i> cardioxénico. • Dor torácica recorrente ou refractaria. • Arritmias ventriculares. • Complicacións mecánicas do IAM. • Insuficiencia cardíaca aguda relacionada con SCA. • Depresión do segmento ST en 6 ou máis derivacións e elevación do segmento ST en aVR ou V1. ● Estratexia invasiva precoz (<24 horas) en pacientes con SCAEST de alto risco isquémico. • Diagnóstico de infarto agudo sen elevación do segmento ST. • Alteracións electrocardiográficas dinámicas ou silentes, dinámicas novas ou presumiblemente novas do segmento ST/onda T. • Recuperado de parada cardíaca sen criterios de <i>shock</i> cardioxénico nin elevación do segmento ST. • GRACE score >140 puntos. • Alta sospeita de oclusión coronaria. ● Estratexia invasiva selectiva. • Pacientes con SCAEST de baixo risco tras realización de test de isquemia con imaxe ou test anatómico non invasivo de alto risco.
Interpretación	● Uso de acceso vascular radial. ● Tratamento de lesións culpables sen necesidade do <i>heart team</i> segundo protocolo. En caso de enfermidade multivaso e lesión de tronco coronario esquerdo, comentar con <i>heart team</i>. ● Revascularización completa de lesións non culpables en pacientes con enfermidade coronaria multivaso durante a hospitalización ou de forma precoz á alta.

DEFINICIÓN PROBAS COMPLEMENTARIAS 2.7	
Interpretación	● Utilizaranse estudos funcionais invasivos en pacientes con enfermidade multivaso. Índices non hiperémicos (IFR, RFR e DFR). ● Valorarase a imaxe intracoronaria para a interpretación avanzada de lesións importantes ou complicacións do <i>stent</i> (especialmente en caso de trombose). ● Indicarase cirurxía de revascularización coronaria en caso de pacientes con enfermidade coronaria non apta para intervencionismo coronario percutáneo ou fallo deste, así como nos casos seleccionados no <i>heart team</i>. ● En caso de insuficiencia renal, utilizaranse medios de contraste iso- ou hipoosmolar. Usarase salino isotópico pre- e poshidratación se se espera un volume de contraste >100 ml.

3.4.8. Probas complementarias. Troponinas de alta sensibilidade

DEFINICIÓN PROBAS COMPLEMENTARIAS 2.8	
Cal	BIOMARCADORES: troponinas de alta sensibilidade
Cando	● No momento da presentación clínica do paciente e obtención dos resultados aos 60 minutos da extracción da mostra. ● Algoritmo 0/1 horas ou algoritmo 0/2 horas idealmente se dispoñible, aínda que podería considerarse algoritmo 0/3 horas. ● Seriación de marcadores para diagnóstico e prognóstico.
Interpretación	● Indican necrose cardíaca de forma precoz. ● VPN 90 %. ● VPP 70 %. ● Establecemento do pico de marcadores de necrose tras seriación. Valor prognóstico.

3.4.9. Probas complementarias. Péptidos natriuréticos

DEFINICIÓN PROBAS COMPLEMENTARIAS 2.9	
Cal	BIOMARCADORES: NT-proBNP
Cando	● Durante a hospitalización.
Interpretación	● Marcador prognóstico. Maior nivel, peor prognóstico. ● En casos moi elevados, valorar a presenza de insuficiencia cardíaca ou conxestión cardíaca.

3.4.10. Probas complementarias. Outros biomarcadores

DEFINICIÓN PROBAS COMPLEMENTARIAS 2.10	
Cal	OUTROS BIOMARCADORES
Cando	● Durante a hospitalización. ● Péptido natriurético A, proteína C reactiva de alta sensibilidade, proadrenomedulina, GDF 15, copepina, h-FABP.
Interpretación	● Non estarían recomendados marcadores adicionais para diagnóstico ou prognóstico.

3.4.11. Probas complementarias. Analítica completa

DEFINICIÓN PROBAS COMPLEMENTARIAS 2.11	
Cal	ANÁLISE DE SANGUE
Cando	● Ao ingreso e durante a hospitalización deberíase realizar <i>screening</i> de diabetes <i>mellitus</i> e control glicémico en pacientes con diabetes coñecida ou con hiperglicemia ao ingreso. ● Avaliación de función renal mediante estimación do filtrado glomerular e determinación de creatinina en todos os pacientes. ● Hemograma completo, hemoglobina incluída. ● Perfil lipídico. ● Recoméndase avaliar a función tiroide en caso de sospeita clínica de alteracións tiroides.
Interpretación	Tratamento para acadar obxectivos terapéuticos.

3.4.12. Tratamento SCA. Ácido acetilsalicílico

DEFINICIÓN TRATAMENTOS 3.1	
Fármaco	AAS (ácido acetilsalicílico)
Indicación	● Pacientes con sospeita de SCA. ● Dose de carga de 150-300 mg oral sen cuberta entérica ou 75-250 mg i.v. se a vía oral non é posible, seguida de dose de mantemento de 75-100 mg/día. A vía i.v. é máis rápida.
Contraindicación	● Alerxia ao ácido acetilsalicílico, outros salicilatos ou antiinflamatorios non esteroides. ● Sangrado activo. ● Terceiro mes de embarazo.
Efectos secundarios	● Trastornos gastrointestinais: úlcera gástrica/duodenal, hemorraxia gastrointestinal, dispepsia, náuseas, vómitos. ● Espasmo bronquial. ● Urticaria, anxioedema, erupcións cutáneas, rinite. ● Síndrome de Reye (en menores de 16 anos).

3.4.13. Tratamento SCA. Nitratos

DEFINICIÓN TRATAMENTOS 3.2	
Fármaco	NITRATOS
Indicación	Pacientes con sospeita de SCA con clínica de anxina, hipertensión arterial ou edema agudo de pulmón hipertensivo.
Contraindicación	● Hipersensibilidade coñecida. ● Hipotensión arterial, <i>shock</i>. ● Uso previo de inhibidores da fosfodiesterase 5 (sildenafil, vardenafil, tadalafil). ● Miocardiopatía hipertrófica obstrutiva. ● Precaución estenose valvular aórtica significativa.
Efectos secundarios	Mareo, dor de cabeza, avermellamento de rostro e pescozo, náuseas ou vómitos, hipotensión arterial, taquicardia reflexa.

3.4.14. Tratamento SCA. Osixenoterapia

DEFINICIÓN TRATAMENTOS 3.3	
Fármaco	OSIXENOTERAPIA SUPLEMENTARIA
Indicación	● Pacientes con saturación de O_2 <90 % ou presión parcial de O_2 <60 mmHg. ● Ventilación mecánica non invasiva con presión positiva continua ou presión positiva bifásica en vías aéreas para pacientes con taxa respiratoria >25 respiracións/minuto ou saturación de O_2 <90 %. ● Intubación orotraqueal en pacientes con insuficiencia ou esgotamento respiratorio que dean lugar a hipoxemia, hipercapnia ou acidose e se a ventilación non invasiva non se tolera.

3.4.15. Tratamento SCA. Inhibidores da bomba de protóns

DEFINICIÓN TRATAMENTOS 3.4	
Fármaco	INHIBIDORES DA BOMBA DE PROTÓNS
Indicación	Recoméndase en pacientes con alto risco hemorráxico dixestivo e en pacientes con tratamento antitrombótico concomitante para reducir o risco de sangrado.
Contraindicación	Intolerancia coñecida.
Efectos secundarios	Hipomagnesemia.

3.4.16. Tratamento SCA. Anticoagulantes. Antivitamina K

DEFINICIÓN TRATAMENTOS 3.5	
Fármaco	ANTIVITAMINA K
Indicación	● Manexo da FIBRILACIÓN AURICULAR segundo risco CHA2DS2-VASc. Con obxectivo de INR entre 2,0-2,5 e tempo en rango terapéutico >70 %. ● PRÓTESES VALVULARES METÁLICAS. ● Estenose mitral. ● SÍNDROME ANTIFOSFOLÍPIDICA.
Contraindicación	Hipersensibilidade ou alerxia coñecida.
Efectos secundarios	Hemorraxias.

3.4.17. Tratamento SCA. Anticoagulantes directos

DEFINICIÓN TRATAMENTOS 3.6	
Fármaco	ANTICOAGULANTES DIRECTOS ORAIS ● Inhibidores da trombina (dabigatrán). ● Inhibidores do factor Xa (apixabán, rivaroxabán, edoxabán).
Indicación	● Manexo da FIBRILACIÓN AURICULAR De elección en pacientes con FA con CHA2DS2-VASc 2 en varóns e 1 en mulleres. En caso de risco hemorráxico elevado (HAS BLED ≥ 3) e superior ao risco de trombose de <i>stent</i>, usaranse doses de 15 mg no caso de rivaroxabán e de 110 mg no caso de dabigatrán.
Contraindicación	● Estenose mitral moderada severa. ● Válvulas protésicas metálicas.
Efectos secundarios	Hemorraxias.

3.4.18. Tratamento SCA. Prasugrel

DEFINICIÓN TRATAMENTOS 3.7	
Fármaco	INHIBIDOR DA P2Y12 (PRASUGREL). Inhibidor da P2Y12 con metabolización hepática nun único paso. 60 mg dose de carga, seguida de mantemento de 10 mg unha vez ao día.
Indicación	● Pacientes con SCA e intervencionismo coronario percutáneo. ● Manter o tratamento 12 meses, agás contraindicacións ou redución por risco hemorráxico. ● De preferencia en comparación con ticagrelor en pacientes con SCASEST.
Contraindicación	● ACV previo. ● Recoméndase axuste de dose en pacientes con peso corporal ≤ 60 kg: 5 mg unha vez ao día como dose de mantemento. ● Non se recomenda en pacientes con idade ≥ 75 anos; se se considera necesario, deberase empregar unha dose de 5 mg/día. ● Non recomendado en pacientes con enfermidade renal crónica de grao 5 (TFG <15 ml/min/1,73m²).
Efectos secundarios	Hemorraxia.

3.4.19. Tratamento SCA. Ticagrelor

DEFINICIÓN TRATAMENTOS 3.8	
Fármaco	INHIBIDOR DA P2Y12 (TICAGRELOR). Inhibidor da P2Y12 sen metabolismo hepático. 180 mg dose de carga, seguida de mantemento de 90 mg dúas veces ao día.
Indicación	● Pacientes con SCA e intervencionismo coronario percutáneo ou manexo médico. ● Manter o tratamento 12 meses, agás contraindicacións ou redución por risco hemorráxico. ● O tratamento podería prolongarse durante máis de 12 meses en risco isquémico alto ou moderado e baixo risco hemorráxico.
Contraindicación	● Ictus hemorráxico previo. ● Non recomendado en pacientes con enfermidade renal crónica de grao 5 (TFG <15 ml/min/1,73m²).
Efectos secundarios	● Hemorraxia. ● Dispnea.

3.4.20. Tratamento SCA. Clopidogrel

DEFINICIÓN TRATAMENTOS 3.9	
Fármaco	INHIBIDOR DA P2Y12 (CLOPIDOGREL). Inhibidor da P2Y12 con metabolización hepática en dous pasos. 600 mg dose de carga, seguida de mantemento de 75 mg unha vez ao día. En caso de pacientes sometidos a fibrinólise: dose de carga de 300 mg se o paciente é <75 anos (>75 anos recoméndase a administración de 75 mg), cunha dose de mantemento de 75 mg/día.
Indicación	● Pacientes con SCA e intervencionismo coronario percutáneo ou manexo médico. ● Manter o tratamento 12 meses, agás contraindicacións ou redución por risco hemorráxico.
Contraindicación	Hipersensibilidade previa.
Efectos secundarios	Hemorraxia.

3.4.21. Tratamento SCA. Cangrelor

DEFINICIÓN TRATAMENTOS 3.11	
Fármaco	CANGRELOR Análogo da adenosina trifostato reversible. Administración de 30 mcg/kg en bolo e infusión de 4 microgramos/kg/minuto durante a ICP.
Indicación	Débase administrar en pacientes non tratados cun inhibidor da P2Y12 durante o intervencionismo coronario percutáneo e que non se poidan tratar (intubados e vómitos incoercibles) e en IAMCEST non pretratados nos que se considere necesario por parte do operador por anatomía coronaria (trombo intracoronario).
Contraindicación	Precaución en pacientes con insuficiencia renal estadio V.
Efectos secundarios	Hemorrxias.

3.4.22. Tratamento SCA. Heparina sódica

DEFINICIÓN TRATAMENTOS 3.12	
Fármaco	HEPARINA SÓDICA
Indicación	● Tratamento anticoagulante durante a realización de coronariografía. Bolo i.v. de 70-100 UI/kg durante a coronariografía para intervencionismo coronario percutáneo. ● En caso de fibrinólise: bolo i.v. de 60 UI/kg, cun máximo de 4000 UI, seguido de infusión i.v. de 12 UI/kg, cun máximo de 1000 UI/hora durante 24-48 horas.
Contraindicación	● Hipersensibilidade previa. ● Trombocitopenia inducida por heparina previa.
Efectos secundarios	● Trombocitopenia inducida por heparina. ● Hemorrxias.

3.4.23. Tratamento SCA. Bivalirudina

DEFINICIÓN TRATAMENTOS 3.13	
Fármaco	BIVALIRUDINA
Indicación	Tratamento anticoagulante durante a realización de coronariografía en pacientes con trombopenia inducida por heparina, como alternativa á heparina sódica. Bolo i.v. de 0,75 mg/kg, seguido de infusión de 1,75 mg/kg/hora ata un máximo de 4 horas despois do procedemento.
Contraindicación	Non recomendado en pacientes con enfermidade renal crónica de grao 5 (TFG <15 ml/min/1,73 m ²).
Efectos secundarios	Hemorraxias.

3.4.24. Tratamento SCA. Enoxaparina

DEFINICIÓN TRATAMENTOS 3.14	
Fármaco	ENOXAPARINA
Indicación	● Tratamento anticoagulante durante a realización de coronariografía. Bolo i.v. 0,5 mg/kg. ● En caso de fibrinólise: • <75 anos: bolo i.v. de 30 mg, seguido 15 minutos máis tarde de 1 mg/kg s.c. cada 12 horas ata a revascularización ou a alta, durante un máximo de 8 días. • ≥75 anos: non administrar bolo. Dose de 0,75 mg/kg.
Contraindicación	● TFG <15 ml/min/1,73 m². ● TFG <30 ml/min/1,73 m²; axustar dose s.c. a unha vez cada 24 horas. A dose débese axustar por función renal e peso.
Efectos secundarios	Hemorraxias.

3.4.25. Tratamento SCA. Fondaparinux

DEFINICIÓN TRATAMENTOS 3.15	
Fármaco	FONDAPARINUX
Indicación	Tratamento anticoagulante durante a hospitalización en pacientes con SCASEST ata a realización do intervencionismo coronario percutáneo ou pacientes tratados medicamente ata a alta hospitalaria. Dose de 2,5 mg subcutánea cada 24 horas.
Contraindicación	● Non se recomenda o fondaparinux para a ICP primaria. ● Non recomendado en pacientes con enfermidade renal crónica de grao 4 (TFG <20 ml/min/1,73m²).
Efectos secundarios	Hemorraxias.

3.4.26. Tratamento SCA. Betabloqueantes

DEFINICIÓN TRATAMENTOS 3.16	
Fármaco	BETABLOQUEANTES (bisoprolol, carvediolol)
Indicación	● A todos os pacientes de forma sistemática agás contraindicacións. ● Especialmente en pacientes con IC ou FEVE ≤40 %.
Contraindicación	● Asma. ● Bradicardia, bloqueo AV. ● Shock cardioxénico. ● Hipotensión arterial.
Efectos secundarios	Mareos, astenia, disfunción eréctil.

3.4.27. Tratamento SCA. IECA

DEFINICIÓN TRATAMENTOS 3.17	
Fármaco	INHIBIDORES DO ENCIMA DE CONVERSIÓN DE ANXIOTENSINA/ ANTAGONISTA DO RECEPTOR DE ANXIOTENSINA II (enalapril, captopril, valsartán)
Indicación	Débese indicar en todos os pacientes con IAMCEST, agás contraindicacións. Especialmente en pacientes con IAMCEST con evidencia de insuficiencia cardíaca, disfunción sistólica, diabetes ou infarto anterior. O ARA II estaría recomendado en pacientes con intolerancia aos IECA.
Efectos secundarios	● Hipotensión arterial. ● Tose. ● Aumento de niveis de creatinina, urea, potasio.

3.4.28. Tratamento SCA. Antagonista receptor mineralocorticoide

DEFINICIÓN TRATAMENTOS 3.18	
Fármaco	ANTAGONISTA DO RECEPTOR MINERALOCORTICOIDE (aldactone, eplerenona)
Indicación	Recomendado en pacientes con FEVE $\leq 40\%$ e insuficiencia cardíaca ou diabetes cun IECA e cun BB.
Efectos secundarios	● Hiperpotasemia. ● Insuficiencia renal.

3.4.29. Tratamento SCA. Estatinas de alta potencia

DEFINICIÓN TRATAMENTOS 3.19	
Fármaco	ESTATINAS DE ALTA POTENCIA (atorvastatina 80 mg, rosuvastatina 20-40 mg).
Indicación	Fármaco de elección a doses altas desde o momento do ingreso.
Contraindicación	Hipersensibilidade coñecida.
Efectos secundarios	Mialxias, elevación significativa de CK, elevación significativa de encimas hepáticos.

3.4.30. Tratamento SCA. Ezetimiba

DEFINICIÓN TRATAMENTOS 3.20	
Fármaco	EZETIMIBA 10 mg
Indicación	Débase engadir canda as estatinas de alta potencia para acadar o obxectivo terapéutico de c-LDL en prevención secundaria de SCA desde o momento do ingreso se se sospeita que non acadará o obxectivo.

3.4.31. Tratamento SCA. Inhibidores da PCSK9

DEFINICIÓN TRATAMENTOS 3.21	
Fármaco	INHIBIDORES DA PCSK9
Indicación	Tras alta hospitalaria en control ambulatorio (rehabilitación cardíaca). Para pacientes con risco cardiovascular moi alto e risco residual que non acadan o obxectivo terapéutico con consellos dietéticos e dose máxima tolerada de estatinas e ezetimiba segundo o informe de posicionamento terapéutico do SERGAS.

3.4.32. Tratamento SCA. Polipíldora Cardiovascular

DEFINICIÓN TRATAMENTOS 3.22	
Fármaco	POLIPÍLDORA CV (Aspirina 100 + Ramipril 2.5/5/10 + Atorvastatina 40)
Indicación	Tras alta hospitalaria ou en control ambulatorio (rehabilitación cardíaca). Para pacientes nos que poida sospeitarse mal cumprimento terapéutico e en xeral en maiores de 65 anos tras as recomendacións das Guías ESC 2023 e resultados do Estudo SECURE.

3.5. Protocolo tras a alta por SCA

3.5.1. Consulta por dor torácica tras síndrome coronaria aguda

DEFINICIÓN DA FASE	SÍNDROME CORONARIA AGUDA. FASE EXTRAHOSPITALARIA
Criterios de entrada	Dor torácica sen causa obvia non cardíaca (dor posrevascularización coronaria).
Criterios de saída	• Dor torácica non cardíaca. • Ángor con criterios de estabilidade clínica, sen cambios electrocardiográficos, sen inestabilidade hemodinámica (síndrome coronaria crónica).
Listaxe de actividades	• Historia clínica e exploración física. • Electrocardiograma e interpretación inmediata (<10 minutos). • Toma de constantes (TA, FC, saturación de O₂).
Listaxe de probas complementarias	• ECG. • Biomarcadores (descartar síndrome coronaria aguda). • Hemograma, creatinina, función renal, perfil lípidos, <i>screening</i> de diabetes.
Listaxe de tratamento médico óptimo	• Nitratos orais ou intravenosos para aliviar a anxina. • Antianxinosos.
Estándares de calidade	• Indicadores de proceso: • Realización e interpretación correcta de ECG en menos de 10 minutos. • Repetir ECG se hai un novo episodio de dor torácica. • Realizar derivacións adicionais en pacientes con dor torácica persistente e ECG non diagnóstico. • Indicadores de resultado: • Número de pacientes incorrectamente diagnosticados de orixe non coronaria.
Anexos	Fluxo inicial de pacientes con sospeita de síndrome coronaria aguda.

DEFINICIÓN ACTIVIDADE 1.1	HISTORIA CLÍNICA E EXPLORACIÓN FÍSICA
Quen	Médico de atención extrahospitalaria.
Onde	Centro de saúde, PAC, outras urxencias extrahospitalarias.
Cando	No momento de presentación do paciente.
Que	Historia clínica e exploración física.

- **Historia médica:**

- Antecedentes persoais: a maior parte dos pacientes con cardiopatía isquémica correctamente revascularizados no noso medio NON teñen anxina tras a síndrome coronaria aguda (85 %). A aparición de anxina *de novo*, cando previamente non a tiñan, é polo tanto un dato que nos debe orientar cara á presenza dunha nova síndrome coronaria aguda (ángor posrevascularización) ou presenza de anemia.

- Características da dor: as características da dor relacionada coa isquemia miocárdica pódense dividir en catro categorías: localización, carácter, duración e relación co esforzo ou outros factores de exacerbación ou alivio. A falta de aire pode ser o único síntoma e en ocasións resulta difícil facer o diagnóstico diferencial, especialmente en pacientes de máis idade, mulleres e en pacientes con diabetes *mellitus*, insuficiencia renal crónica ou demencia. Resumo da anxina típica e atípica:

- **Anxina típica:** cumpre as tres características seguintes:

- Dor opresiva no peito ou no pescozo, mandíbula, ombro ou brazo.
- Provocada polo esforzo físico.
- Alíviase nuns 5 minutos, con repouso ou nitratos.

Preguntar se as características da dor lle lembran unha anxina previa.


- **Anxina atípica:** cumpre dúas das características anteriores.
- **Dor torácica non anxinosa:** cumpre unha ou ningunha das características anteriores.

- **Exploración física:**

- Adoita ser normal na maioría dos pacientes con sospeita de síndrome coronaria aguda.
- Avaliación dos datos de insuficiencia cardíaca ou inestabilidade eléctrica.
- Identificar signos de dor torácica producidos por causas non coronarias (embolia pulmonar) ou enfermidades extracardiacas (espasmo esofáxico, úlcera gástrica, colecistite, pancreatite, pneumotórax, pneumonía, enfermidades reumáticas...).

- **Descartar síndrome coronaria aguda:**

- Realización de ECG, comparar con estudos previos.
- En caso de dor prolongada >15 minutos, realización de determinación de marcadores de necrose, seriación en urxencias ou hospital de día de cardioloXía.

A light blue background featuring a large, stylized heart shape on the left and a thick, light blue ECG line that runs vertically and horizontally across the center. The text is positioned to the right of the heart and above the ECG line.

4. REHABILITACIÓN CARDÍACA e PREVENCIÓN SECUNDARIA

4. REHABILITACIÓN CARDÍACA E PREVENCIÓN SECUNDARIA

Rehabilitación cardíaca e prevención secundaria

- Fases.
- Valoración de riesgo.
- Componentes.
- Unidades comunitarias e hospitalarias.

Rehabilitación cardíaca



FIGURA 5. Diagrama do proceso de rehabilitación cardíaca e prevención secundaria.






FIGURA 7. Diagrama de seguimento en Atención Primaria tras a rehabilitación cardíaca.

4.1. Unidades básicas de rehabilitación cardíaca

Introdución

A rehabilitación cardíaca (RhC) demostrou mellorar o prognóstico e a calidade de vida dos pacientes cardiópatas, o que motivou que hoxe en día estea recoñecida a súa necesidade, principalmente en pacientes que presentan insuficiencia cardíaca ou que sufriron síndrome coronaria aguda (SCA) ou revascularización coronaria. Ademais da súa efectividade en resultados clínicos, demostrou ser unha práctica custo-efectiva ao reducir o índice de reingresos, o consumo de fármacos e de probas complementarias e incrementar a taxa de reincorporación laboral.

Os programas de prevención secundaria e de rehabilitación cardíaca deben ser multidisciplinares, multifactoriais e integrais. Tradicionalmente, o papel da atención primaria neste campo limitábase á prevención primaria e, en prevención secundaria, a seguir directrices do especialista hospitalario. Porén, na actualidade a atención primaria conta con fisioterapeutas, médicos/as de familia, profesionais de enfermería, traballadores/as sociais, farmacéuticos/as e administrativos, e garante accesibilidade, continuidade asistencial, lonxitudinalidade e integralidade, polo que se considera o lugar idóneo para os programas de RhC cardíaca en pacientes de baixo risco.



FIGURA 8. Diagrama do proceso de rehabilitación cardíaca e prevención secundaria na unidade básica.

Obxectivo

Desenvolver programas de rehabilitación cardíaca para pacientes de baixo risco, a través de unidades básicas de rehabilitación cardíaca e hospitais comarcais: actualmente, no Centro de Atención Primaria da Estrada e no Hospital do Barbanza en coordinación coa Unidade de Rehabilitación Cardíaca do Servizo de CardioloXía do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago.

O obxectivo último da súa posta en marcha é intentar achegar as unidades de rehabilitación cardíaca ao paciente. Debido á dispersión xeográfica no noso medio, obxectivamos que dificultade para o transporte e a distancia ata o medio hospitalario eran dificultades que presentaban os pacientes e que, en ocasións, chegaban a condicionar a renuncia á realización destes programas. Polo tanto, cremos que a inclusión de hospitais comarcais ou centros de atención primaria dentro do programa de rehabilitación cardíaca pode contribuír de maneira decisiva a resolver esta dificultade, debido á extensa área de poboación que se cobre actualmente.

Fases e actividades do programa

Fase I: comprende o período de estancia hospitalaria e consta destas actividades:

- Identificación de candidatos e educación sanitaria (1.^a).
- Inclusión no programa de RhC (2.^a).
- Alta hospitalaria (3.^a). Definida na actividade 1.

Fase II: período no que se realiza a adquisición de novos hábitos de vida. Consta destas actividades:

- Primeira consulta cardiovascular Unidade de RhC avanzada (4.^a).
- Primeira consulta de Rehabilitación (5.^a).
- Derivación a fase II en Unidade básica de RhC (6.^a), definida na actividade 2.
- Primeira consulta de fase II médico/a de Unidade básica de RhC (7.^a), definida na actividade 3.
- Primeira consulta de fase II Traballo social (8.^a), definida na actividade 4.
- Primeira consulta de fase II Fisioterapia (9.^a), definida na actividade 5.
- Programa de exercicio físico (10.^a), definido na actividade 6.
- Consulta en continuo de Enfermería fase II (11.^a), definida na actividade 7.
- Consulta final de fase II en Cardiología (12.^a), definida na actividade 8.
- Consulta final de fase II en Rehabilitación (13.^a).

Fase III: desde a finalización da fase II e ao longo de toda a vida do paciente:

- Primeira consulta de fase III médico/a de familia (14.^a), definida na actividade 9.
- Consulta de seguimento fase III médico/a de familia (15.^a), definida na actividade 10.
- Segunda consulta de Enfermería A. P. fase III (16.^a), definida na actividade 11.
- Consulta de seguimento en Fisioterapia A. P. (17.^a), definida na actividade 12.
- E-consulta de seguimento (18.^a), definida na actividade 13.
- Consulta de seguimento fase III na Unidade de RhC avanzada (19.^a), definida na actividade 14.

Ficha do proceso asistencial

DEFINICIÓN DA FASE	Proceso polo que, tras establecerse o diagnóstico e o tratamento de síndrome coronaria aguda, se procede a desenvolver o antes posible un programa de RhC, multidisciplinar e multifactorial, para a corrección dos FRCV do paciente e a súa atención integral. Comeza na fase I (durante o período de enfermidade aguda) no medio hospitalario e continúa tras a alta de forma ambulatoria. Na fase II, os pacientes de risco moderado ou alto realizarán o programa de RhC nunha unidade de RhC avanzada dun hospital de terceiro nivel. Os pacientes de risco baixo realizarán o programa de RhC ou ben na Unidade de RhC básica de atención primaria ou hospital comarcal, ou ben de forma domiciliaria. A fase III realízase na Unidade de RhC básica para todos os pacientes independentemente da súa estratificación de risco.
Criterios de entrada	Pacientes ingresados no hospital por cardiopatía isquémica que, por seren de baixo risco, son considerados pola Unidade avanzada de rehabilitación cardíaca susceptibles de desenvolver a fase II e a fase III na Unidade básica de RhC e cuxa indicación é aceptada polo/pola paciente e o/a facultativo/a da devandita unidade básica.
Criterios de saída	● Fase II: informe de alta na fase II da Unidade avanzada de RhC para entrar na fase III. ● Fase III: durante toda a vida, o paciente deberá manter hábitos e condutas saudables e controlar os factores de risco cardiovasculares, polo que as actividades do PPS e RhC non teñen límite final.
Obxectivos	● Mellora da calidade de vida. ● Diminución de reingresos e de probabilidade de infarto agudo de miocardio recorrente. ● Mellor control de factores de risco: lípidos, TA, tabaquismo, sedentarismo, obesidade... ● Mellora prognóstica con incremento da supervivencia cardiovascular. ● Reincorporación laboral precoz.

Listaxe de actividades	1.1. Actividades da fase I: • Identificación de candidatos e educación sanitaria (1.^a). • Inclusión no programa de RhC (2.^a). • Alta hospitalaria (3.^a). 1.2. Actividades da fase II: • Primeira consulta cardiovascular Unidade de RhC avanzada (4.^a). • Primeira consulta de Rehabilitación (5.^a). • Derivación a fase II en Unidade básica de RhC (6.^a). • Primeira consulta de fase II médico/a de Unidade básica de RhC (7.^a). • Primeira consulta de fase II Traballo social (8.^a). • Primeira consulta de fase II Fisioterapia (9.^a). • Programa de exercicio físico (10.^a). • Consulta en continuo de Enfermería fase II (11.^a). • Consulta final de fase II en Cardiología (12.^a). • Consulta final de fase II en Rehabilitación (13.^a). 1.3 Actividades da fase III: • Primeira consulta de fase III médico/a de familia (14.^a). • Consulta de seguimento fase III médico/a de familia (15.^a). • Segunda consulta de Enfermería A. P. fase III (16.^a). • Consulta de seguimento en Fisioterapia A. P. (17.^a). • E-consulta de seguimento (18.^a). • Consulta seguimento fase III na Unidade de RhC avanzada (19.^a).
Listaxe de probas complementarias	2.1. Test funcional: Ergometría ou ergoespirometría. 2.2. Ecocardiograma. 2.3. Coronariografía. 2.4. Analítica. ...
Listaxe de tratamento médico óptimo	3.1. Antiagregantes plaquetarios. 3.2. Betabloqueantes. 3.3. IECA. 3.4. Hipolipemiantes. ...

Estándares de calidade	● CVRS mediante cuestionario específico SF-36 ou similar ao inicio e ao finalizar. ● Saúde mental mediante cuestionario específico GHQ-28 ou similar ao inicio e ao finalizar. ● Tempo de absentismo laboral. ● Indicadores e obxectivos en relación con FRCV: ao inicio e ao finalizar a fase II. TAS ≤ 140 mmHg, TAD ≤ 90 mmHg, IMC < 25, perímetro abdominal ≤ 94 cm en varóns e ≤ 80 cm en mulleres, c-LDL < 55 mg/dl, colesterol total ≤ 175 mg/dl, abandono do tabaco, menor nivel de ansiedade e depresión.
Anexos	● Anexo I: Criterios de inclusión do programa nos pacientes ingresados A. ● Anexo II: Test de Morisky-Green. ● Anexo III: Análise de hábitos alimentarios. Test de Predimed (dieta mediterránea). ● Anexo IV: Risco de síndrome apnea do sono. Escala de Epworth e Mallampati. ● Anexo V: Modelo de primeira visita cardiovascular. ● Anexo VI: Parámetros antropométricos e analíticos consultas de enfermería. ● Anexo VII: Folla autocontrol paciente. ● Anexo VIII: Enquisa de valoración e suxestións. ● Anexo IX: Estratificación do risco. ● Anexo X: <i>Checklist</i> proba de esforzo. ● Anexo XI: Escala de Borg. ● Anexo XII: Informe ergoespirometría. ● Anexo XIII: Cuestionario calidade de vida (cuestionario saúde EuroQol 5-D). ● Anexo XIV: Escala modificada de dispnea do Medical Research Center. ● Anexo XV: Cuestionario IPAQ. ● Anexo XVI: Enquisa de risco psicolóxico, test de ansiedade e depresión. ● Anexo XVII: Folla de prescrición e rexistro de actividade física extrahospitalaria. ● Anexo XVIII: Manexo abandono tabáquico. ● Anexo XIX: Test de Fagerström (dependencia da nicotina). ● Anexo XX: Folla de rexistro de actividade en ximnasio de rehabilitación cardíaca. ● Anexo XXI: Modelo de alta do programa de rehabilitación.

Anexos	● Anexo XXII: Modelo de consentimento informado. ● Anexo XXIII: Manexo xeral de fármacos cardiovasculares. ● Anexo XXIV: Criterios de lípidos para o diagnóstico de hipercolesterolemia familiar. ● Anexo XXV: Modelo de informe de alta. ● Anexo XXVI: Protocolo de seguridade do ximnasio en caso de RCP e folla de formación.
--------	--

DEFINICIÓN ACTIVIDADE 1	ALTA HOSPITALARIA (3.ª)
Quen	Cardiólogo/a responsable do paciente.
Onde	Planta de hospitalización.
Cando	Tras hospitalización.
Que	Alta hospitalaria.
Como	● Informe de hospitalización. ● Plan terapéutico conciliado á alta. Os pasos que se deberían realizar son: • conciliación da medicación (comparar a mellor historia de medicación domiciliaria posible e a folla de rexistro de administración das últimas 24 horas). • comunicar o «mellor plan de medicación posible á alta» ao seguinte profesional que atenda o paciente. Para iso, é especialmente importante evitar ordes ou instrucións xenéricas do tipo: «continuar coa medicación habitual» ou «resto de medicación igual». • evitar copiar tratamentos de ingresos previos. ● Revisión da medicación: avaliar necesidade, adecuación, interaccións, duplicidades... ● Prescrición da medicación: inactivación (inactivar a medicación que se debe suspender), creación e xeración de prescricións (polo tempo necesario), a fin de proporcionar aos pacientes ou coidadores o «mellor plan posible de medicación á alta». ● Comunicación ao paciente do novo plan de tratamento, asegurándonos de que o comprende, e entrega da folla de medicación activa e do informe de alta.

Como	● Derivacións. Derivación ao médico/a de referencia da Unidade básica de RhC, coa recomendación de consulta nun prazo idóneo de menos de 72 horas e non superior a 5 días, e aviso de que recibirá unha chamada do seu enfermeiro/a dentro do programa Conecta 72. ● Cita de seguimento para consulta en Unidade de RhC avanzada de Cardiología do CHUS.
------	---

DEFINICIÓN ACTIVIDADE 2	DERIVACIÓN PARA FASE II EN UNIDADE BÁSICA DE RhC (6.ª)
Quen	Cardiólogo/a.
Onde	Unidade RhC avanzada.
Cando	Tras primeira visita cardiovascular e médico rehabilitador.
Que	Derivación para fase II en Unidade básica de RhC.
Como	Os pacientes serán remitidos á súa unidade básica de RhC con informe clínico que inclúa, polo menos, o indicado no protocolo: 1. Informe de hospitalización. 2. Informe de fase I. 3. Estratificación do risco: estratificación baseada no diagnóstico, curso clínico e resultado das exploracións para a súa inclusión na fase II. Nestes pacientes, o episodio cardiovascular terá cursado sen complicacións durante a súa estancia hospitalaria. Non terán síntomas ou signos de isquemia residual nin arritmias ventriculares severas, a capacidade funcional será superior a 7 MET e a fracción de exacción superior ao 50 %. - Resultado de exploracións, ergometría (con frecuencia cardíaca máxima acadada en test de esforzo e, polo tanto, FC de adestramento 75 % primeiro mes e 85 % segundo mes) e función ventricular. 4. Plan de coidados con instrucións para control de risco cardiovascular e hábitos saudables. 5. Programas de intervención específicos (tabaco, obesidade...). 6. Programa educativo planificado a través de actividades grupais e material de soporte.

Como

7. Inclusión ou non nalgún programa específico: tabaquismo, hiperlipemias, obesidade...
8. Plan terapéutico conciliado á alta. Os pasos que habería que realizar son:
 - Revisión da medicación: avaliar necesidade, adecuación, interaccións, duplicidades...
 - Prescrición da medicación: inactivación (inactivar a medicación que se debe suspender), creación e xeración de prescricións (polo tempo necesario), a fin de proporcionar aos pacientes ou coidadores o «mellor plan posible de medicación á alta».
9. Comunicación ao paciente do novo plan de tratamento, asegurándonos de que o comprende, e entrega da folla de medicación activa e do informe de alta.
10. Plan personalizado de exercicio físico recomendado, con ficha para o fisioterapeuta.
11. Derivacións. Derivación ao médico/a de referencia da unidade básica, para valoración de inicio de fase II.
12. Cita de seguimento para consulta na Unidade de RhC avanzada de CardioloXía do CHUS tras finalizar a fase II.

DEFINICIÓN ACTIVIDADE 3	PRIMEIRA CONSULTA FASE II MÉDICO DE REFERENCIA UNIDADE BÁSICA DE RhC (7.ª)
Quen	Médico de referencia.
Onde	Consulta médica Unidade básica RhC.
Cando	Na primeira semana tras a alta hospitalaria.
Que	Primeira consulta da fase II.
Como	1. Revisión de informe de RhC cardíaca avanzada. 2. Comprobar e conciliar a medicación (debe incluír medicación antiagregante e pantoprazol se maior de 55 anos e dobre antiagregación). Derivar a farmacéutico/a se hai problemas de conciliación ou é un paciente polimedicado. 3. Valoración proposta de RhC para a fase II (debe incluír probas realizadas, valoración de risco, valoración psicolóxica e programa de exercicio físico). 4. Valoración do plan terapéutico xeral para o control dos FRCV. 5. Anamnese dirixida a identificar síntomas de insuficiencia cardíaca (dispnea, ortopnea, astenia...) ou de cardiopatía isquémica (dor anxinosa). 6. Exploración física: referida especialmente a valorar o estado hemodinámico (pulso, tensión arterial), presenza de edemas, auscultación cardiorrespiratoria, exploración abdominal e aumento do pulso venoso xugular. 7. Solicitude de analítica de sangue e urina para realizar antes da segunda visita: hemograma, velocidade de sedimentación globular (VSG), glicosa, perfil lipídico, ións, funcións hepática e renal. 8. Solicitude de ECG para a segunda visita con Enfermería. 9. Educación sanitaria para recoñecemento de síntomas de alarma e actuación. 10. Derivacións: • Enfermería. • Traballo social. • Se é polimedicado ou ten erros de conciliación, derivar a Farmacia. • Derivar a Fisioterapia para FIPRI RhC se non hai discrepancia coa indicación de RhC na Unidade básica. En caso de discrepancia, comunicalo ao coordinador local de RhC.

DEFINICIÓN ACTIVIDADE 4	PRIMEIRA CONSULTA FASE II TRABALLO SOCIAL (8.ª)
Quen	Traballador social de Unidade básica RhC.
Onde	Consulta traballador social.
Cando	Tras alta fase II.
Que	Primeira consulta fase II Traballo social.
Como	• Valoración psicosocial. • Valoración sociolaboral. • Apoio psicosocial e sociolaboral se o precisa. • Mediante: entrevista persoal en primeira visita, conclusións específicas e rexistro de información en IANUS.

DEFINICIÓN ACTIVIDADE 5	PRIMEIRA CONSULTA FASE II FISIOTERAPIA (9.ª)
Quen	Fisioterapeuta da Unidade básica de RhC.
Onde	Consulta de fisioterapia na Unidade básica.
Cando	Tras ser derivado polo médico de referencia da Unidade básica para inicio de fase II.
Que	Primeira consulta fase II Fisioterapia.
Como	• Valoración do plan de exercicio físico recomendado. • Explicación e información ao paciente e á familia. • Citación para o plan de adestramento de fase II, 24 sesións.

DEFINICIÓN ACTIVIDADE 6	PROGRAMA EJERCICIO FÍSICO (10.ª)
Quen	Fisioterapeuta da Unidade básica de RhC.
Onde	Sala de fisioterapia da Unidade básica.
Cando	2-3 sesións semanais (total 24 sesións).
Que	Programa de exercicio físico.
Como	● Identificar incidencias. ● Exercicio físico segundo necesidades de cada paciente. ● Rexistro de información en IANUS. ● Folla de prescrición e rexistro de actividade física: • Frecuencia do adestramento: 2-3 sesións por semana. • Períodos: prequecemento, quecemento, adestramento, arrefriamento e postarrefriamento. • Prequecemento: antes de iniciar os exercicios, os pacientes autocontrolarán a FC, a TA, o peso e a glicemia se son diabéticos. Ensinaráselles a colocar o pulsómetro coas alarmas correspondentes aos límites máximo e mínimo programados. Se hai alteración nalgún dos parámetros autocontrolados, o paciente será derivado de forma urxente á consulta da súa enfermería de referencia da Unidade básica. • Quecemento: ten unha duración de 10 minutos. Tras a relaxación e os exercicios de respiración abdominal, realízanse exercicios calisténicos de baixa intensidade, así como exercicios de flexibilidade e estiramento. Ao finalizar a fase de quecemento, o paciente realiza un segundo control de FC. • Adestramento: exercicio en cicloergómetro ou tapiz rodante; 45 minutos nos que se acadará de forma intermitente a FC máxima. • Arrefriamento: 5 minutos ao finalizar o exercicio no cicloergómetro ou tapiz rodante. Realízanse exercicios nos que se diminúe progresivamente o nivel de esforzo. O obxectivo é evitar a interrupción brusca, que pode ocasionar unha baixada importante da TA por vasodilatación periférica ao interromper subitamente o bombeo de sangue ao sistema musculoesquelético. Este período é necesario e non realizalo é causa de complicacións. • Postarrefriamento: ao finalizar este período, mídese a TA e a FC (FC final) e anótase na folla de rexistro.

DEFINICIÓN ACTIVIDADE 7	CONSULTA EN CONTINUO DE ENFERMERÍA DA UNIDADE BÁSICA DE RhC (11.ª)
Quen	Enfermeira de Unidade básica.
Onde	Consulta de enfermmería.
Cando	A demanda.
Que	Consulta en continuo de enfermeira.
Como	Se algún dos parámetros de automedición está alterado. 1. Escala NYHA (valoración funcional da IC) e CCS (valoración da anxina). 2. Exploración física: referida especialmente a valorar o estado hemodinámico (pulso, tensión arterial, peso, perímetro abdominal). 3. Valoración analítica de entrada e saída da fase II. 4. Interconsulta: médico de referencia da Unidade básica, en caso de dúbidas. 5. Rexistro de actividade en IANUS.

DEFINICIÓN ACTIVIDADE 8	CONSULTA DE SAÍDA DE FASE II EN CARDIOLOXÍA (12.ª)
Quen	Cardiólogo e enfermeira de Unidade avanzada.
Onde	Unidade avanzada de RhC.
Cando	Tras finalizar a fase II na Unidade básica de RhC.
Que	Consulta de saída de fase II en Cardiología.
Como	1. Valoración antropométrica á alta (enfermeira). 2. Valoración de hábitos alimentarios e test idéntico ao da visita de arranque (enfermeira). 3. Realización de test funcional (ergoespiometría, preferiblemente) ou proba de esforzo ou SPECT (enfermeira e cardiólogo) se a primeira proba non é máxima ou positiva. 4. Revisión de todo o programa co paciente(cardiólogo). 5. Elaboración de informe de alta de fase II e folla de prescrición de fármacos. 6. Valoración da experiencia do paciente. 7. Programación de fase III. 8. Rexistro de información en IANUS.

Actividades de fase III

- Comprenderá desde a finalización da fase II e prolongarase ao longo de toda a vida do paciente.
- O paciente continuará co cumprimento das recomendacións dadas tras a alta da fase II.
- Realizará o exercicio físico prescrito e a actividade deportiva permitida en: ximnasios especializados, centros de AP, polideportivos municipais, asociacións de pacientes cardíacos ou no seu domicilio e, se o desexa, terá unha cita mensual na Unidade de RhC básica.
- Seguirá realizando as técnicas de relaxación aprendidas.
- O paciente será controlado nas consultas de AP. Garantirase o control periódico dos FRCV.
- A Unidade de RhC avanzada, en coordinación coa Unidade de RhC básica, organiza periodicamente actividades dirixidas a manter e reforzar nos pacientes actitudes saudables, co obxectivo de mellorar a evolución da enfermidade e de asegurar, actualizar e lembrar as pautas aconselladas na fase II.
- Os equipos de Prevención secundaria e Rehabilitación cardíaca hospitalaria, xuntamente cos profesionais das consultas de AP e AE, así como coas asociacións de pacientes cardíacos, deberán, de forma coordinada, organizar actividades que favorezan a adhesión, a promoción e os cambios dirixidos cara a estilos de vida saudables, así como evitar o abandono dos programas.
- Deberase favorecer a conexión dos pacientes coas redes de apoio institucional e cos programas específicos comunitarios se for necesario, así como a súa implicación en actividades de prevención dentro do marco comunitario de atención primaria.

DEFINICIÓN ACTIVIDADE 9	PRIMEIRA CONSULTA DE FASE III MÉDICO DE FAMILIA (14.ª)
Quen	Médico de atención primaria.
Onde	Consulta médica de atención primaria.
Cando	Primeira semana tras a alta en fase III.
Que	Primeira consulta de fase III médico de familia.
Como	1. Revisión de informe de alta en fase II. 2. Comprobar e conciliar a medicación á alta (debe incluír medicación antiagregante e protector gástrico se hai risco de sangrado en maiores de 55 anos e dobre antiagregación). Derivar a farmacéutico/a se hai problemas de conciliación ou é paciente polimedicado. 3. Valoración proposta de RhC para a fase III. 4. Valoración do plan terapéutico xeral para o control dos obxectivos de prevención cardiovascular. 5. Seguimento: • Primeiro ano: a partir da fase II, o paciente será citado trimestralmente ata que transcorra un ano da alta hospitalaria (é dicir, aos 6, 9 e 12 meses) e nestas citas continuaránse repetindo a anamnese e máis a exploración física. Ademais, aos 6 meses volverase valorar o ECG e a analítica solicitados na visita do trimestre anterior, 3.º mes e 9.º mes. • A partir do primeiro ano: realizaranse seguimentos semestrais ou anuais clínicos, analíticos e electrocardiográficos. 6. Derivacións: durante o seguimento do paciente postinfarto de baixo risco pode ocorrer: • que se detecten novos factores de risco cardiovascular, en cuxo caso actuaremos segundo os protocolos específicos. • que aparezan complicacións graves (arritmias, disfunción ventricular, ángor...), o que obrigará á remisión hospitalaria do paciente e a unha nova estratificación do risco. • Todo paciente que na fase III presente algunha incidencia relacionada co seu proceso pode ser obxecto de e-interconsulta entre o facultativo do paciente e o cardiólogo director da RhC, polo que se fará unha e-interconsulta á Unidade de RhC avanzada.

DEFINICIÓN ACTIVIDADE 10	CONSULTA SEGUIMIENTO FASE III MÉDICO DE FAMILIA (15.ª)
Quen	Médico de atención primaria.
Onde	Consulta médica de atención primaria.
Cando	Durante a fase III.
Que	Consulta de seguimento de fase III médico de familia.
Como	Primeiro ano: a partir da fase II, o paciente será citado trimestralmente ata que transcorra un ano da alta hospitalaria (é dicir, aos 6, 9 e 12 meses) e nestas citas continuarase repetindo a anamnese e mais a exploración física. Ademais, aos 6 meses volverase valorar o ECG e a analítica solicitados na visita do trimestre anterior, 3.º mes e 9.º mes. A partir do primeiro ano: realizaranse seguimentos semestrais ou anuais clínicos, analíticos e electrocardiográficos. Derivacións: durante o seguimento do paciente postinfarto de baixo risco pode ocorrer: • que se detecten novos factores de risco cardiovascular, en cuxo caso actuaremos segundo os protocolos específicos. • que aparezan complicacións graves (arritmias, disfunción ventricular, reinfarto, ángor), o que obrigará á remisión hospitalaria do paciente e a unha nova estratificación do risco. • Todo paciente que na fase III presente algunha incidencia relacionada co seu proceso pode ser obxecto de e-interconsulta entre o facultativo do paciente e o cardiólogo director da RhC, polo que se fará unha e-interconsulta á Unidade de RhC avanzada.

DEFINICIÓN ACTIVIDADE 11	CONSULTA ENFERMEIRA A. P. FASE III (16. ^a)
Quen	Enfermeira de atención primaria.
Onde	Consulta enfermeira A. P.
Cando	Durante a fase III.
Que	Consulta enfermeira A. P. fase III.
Como	1. Exploración física: referida especialmente a valorar o estado hemodinámico (FC, tensión arterial, peso, perímetro abdominal). 2. Educación sanitaria a paciente e familiares: • Alimentación cardiosaudable. • Exercicio/actividade física. • Hábitos tóxicos. • Alcohol: menos de 30 g/día. • Síntomas de alarma. 3. Valoración da adherencia terapéutica; investigar que sabe sobre os fármacos que toma (nome, indicación, dose, efectos secundarios, administración, almacenamento, conservación e caducidade, etc.), facilitar información e mellorar habilidades de uso. (Cubrir o test de Morisky-Green). 4. Primeiro ano: a partir da fase II, o paciente será citado trimestralmente ata que transcorra un ano da alta hospitalaria (é dicir, aos 6, 9 e 12 meses) e nesas citas continuaránse repetindo a medición de constantes, o control de peso e o perímetro abdominal. Control de FRCV. Realización semestral de ECG. Realización de analítica aos 6 meses, solicitada na visita do trimestre anterior, 3.º mes e 9.º mes. A partir do primeiro ano: realizaranse seguimentos anuais clínicos, analíticos e electrocardiográficos. 5. Derivacións: durante o seguimento do paciente postinfarto de baixo risco pode ocorrer que se detecten sinais de alarma, en cuxo caso será derivado ao médico de familia.

DEFINICIÓN ACTIVIDADE 12	CONSULTA FISIOTERAPEUTA A. P. FASE III (17.ª)
Quen	Fisioterapeuta en A. P.
Onde	Consulta fisioterapeuta.
Cando	Trimestralmente durante o primeiro ano.
Que	Consulta seguimento de fisioterapia fase III.
Como	Valoración do plan de exercicio recomendado.

DEFINICIÓN ACTIVIDADE 13	E-CONSULTA DE SEGUIMIENTO (18.ª)
Quen	Médico de atención primaria.
Onde	Consulta médica de atención primaria.
Cando	Ante a aparición de complicacións ou descompensacións cardiovasculares.
Que	E-consulta de seguimento.
Como	Todo paciente que na fase III presente algunha incidencia relacionada co seu proceso pode ser obxecto de e-interconsulta entre o facultativo do paciente e o cardiólogo director da RhC, polo que se fará unha e-interconsulta á Unidade de RhC avanzada.

DEFINICIÓN ACTIVIDADE 14	CONSULTA DE SEGUIMIENTO FASE III NA UNIDADE AVANZADA RhC
Quen	Cardiólogo da Unidade de RhC avanzada.
Onde	Consulta cardiólogo da Unidade de RhC avanzada.
Cando	Ante a aparición de complicacións ou descompensacións cardiovasculares.
Que	Consulta de seguimento fase III.
Como	Todo paciente que en e-consulta se considere subsidiario de valoración presencial.





FIGURA 9. Estrutura da unidade básica de RhC.

4.2. Programa de rehabilitación cardíaca avanzada

Introdución

Os programas de rehabilitación cardíaca teñen como propósito axudar o paciente e a súa familia a incorporarse a unha vida normal tras padecer unha enfermidade cardíaca. Estes programas tamén cumpren outro obxectivo: determinar e axudar a corrixir as causas que lle produciron esa cardiopatía, a través do control de factores de risco.

A rehabilitación cardíaca defínese como o conxunto de intervencións dirixidas a mellorar a evolución da enfermidade cardiovascular, actuando sobre o estado físico, mental e social do paciente. Intégrase dentro do proceso de cardiopatía isquémica do noso centro hospitalario como parte do tratamento global da enfermidade cardiovascular. Non se trata dunha terapia illada, senón que forma parte importante do proceso de atención integrado.



DEFINICIÓN DA FASE	Fase hospitalaria (fase I)
Criterios de entrada	● Pacientes pertencentes á nosa área sanitaria, con cobertura SERGAS con (anexo I): • Ingreso por síndrome coronaria aguda, con ou sen elevación do segmento ST. • Procedemento de revascularización coronaria, percutánea (ICP) ou cirúrxica (<i>bypass</i>). • Ausencia de contraindicación para realizar un programa de RC.
Criterios de exclusión	● Imposibilidade ou contraindicación para realizar exercicio físico. ● Paciente que xa realizase e completase un programa de RC (como norma xeral, non se lle volve ofertar). ● Paciente de idade avanzada (>85). ● Paciente con patoloxía de saúde mental en curso que dificulte a súa participación en RC (esquizofrenia, alzhéimer, etc.).
Listaxe de actividades	● 1.1. Identificación do paciente candidato a participar no programa de RC. ● 1.2. <i>Screening</i> do paciente para identificar factores de risco cardiovascular que serán obxecto de tratamento durante a RC, así como posibles factores que poidan contribuír a unha mala adherencia ao programa (vivir lonxe do centro onde se realiza a RC, ser traballador activo, estar ao cargo de familiares, etc.). ● 1.3. Entrevista activa ao paciente durante o seu ingreso. Identificación e posta en común dos FRCV sobre os que se vai intervir, educación sanitaria acerca destes e acerca de hábitos de vida saudable. Información sobre a ferramenta Mimocardio. ● 1.4. Explicación detallada do programa de RC e ofrecemento. ● 1.5. Entrega ao paciente de carpeta con material explicativo de pautas que se deben seguir tras a alta hospitalaria e ata a súa incorporación ao programa de RC. Tamén se inclúen consentimentos informados, cuestionario de hábitos dietéticos previos e test Predimed, test Morisky-Green e escalas Epworth e Mallampati. Facílitate teléfono de contacto con enfermeira responsable. ● 1.6. Xestión de citas de RC. ● 1.7. Comunicación ao médico e enfermería responsable da adherencia ou non ao programa.

Listaxe de actividades	● 1.8. Rexistro en IANUS, tanto no curso clínico como no de rehabilitación cardíaca. Rexistro en curso de cardiología se hai adherencia do paciente ao programa. ● 1.9. Rexistro da actividade en CEX (prestación educación sanitaria).
Listaxe de probas complementarias	● 2.1. Entrégaselle unha petición para a realización dunha análise de sangue no seu centro de atención primaria tras a alta hospitalaria e antes da súa incorporación ao programa de RC.
Listaxe de tratamento médico óptimo	● 3.1. Manexo xeral de fármacos cardiovasculares (anexo XXIV).
Estándares de calidade	● Indicadores de proceso: porcentaxe que acepta o programa de RC. ● Indicadores de resultado: enquisa de satisfacción do paciente.
Anexos	● Consentimento informado do programa de RC (anexo XXIII). ● Test Morisky-Green (anexo II). ● Cuestionario de hábitos dietéticos previos e test Predimed (anexo III). ● Escalas Epworth e Mallampati (anexo IV). ● Folla de autorrexistro de constantes (PA, FC, peso, actividade física) (anexo VII). ● Folla de consellos e autorrexistro AMPA (anexo XXII).

DEFINICIÓN ACTIVIDADE 1.1, 1.2, 1.3, 1.4, 1.5, 1.6, 1.7	Entrevista emocional e educación sanitaria
Quen	Persoal de enfermería.
Onde	No hospital: planta de cardiología, planta de cirurxía cardíaca, unidade de coidados intermedios e unidade coronaria de coidados críticos.
Cando	Durante a hospitalización do paciente.
Que	As actividades 1.1, 1.2, 1.3, 1.4, 1.5, 1.6 e 1.7.
Como	Utilizando a técnica da entrevista emocional e a escoita activa.

DEFINICIÓN PROBAS COMPLEMENTARIAS 2.1	Extracción de análises de sangue
Cal	Extracción de análises de sangue.
Cando	Tras a alta hospitalaria e antes da incorporación ao programa de RC. Lípidos a partir das 4 semanas.
Interpretación	Na fase II do programa de RC (consulta de enfermería e consulta de cardioloxía).

DEFINICIÓN DA FASE	Fase de intervención ambulatoria (fase II)
Criterios de entrada	Pacientes que durante o seu ingreso aceptasen participar no programa de RC e que entreguen asinadas dúas copias do consentimento informado de RC.
Criterios de saída	● Pacientes que rexeiten participar no programa de RC. ● Pacientes que non acudan ás citas programadas e que non acheguen explicación ou motivo para iso.
Listaxe de actividades	● 1.0. Consulta inicial de enfermería. ● 1.1. Consulta inicial de cardioloxía. ● 1.2. Consulta inicial de rehabilitación. ● 1.3. Consulta inicial doutros especialistas do equipo multidisciplinar. ● 1.3.1. Psicoloxía. ● 1.3.2. Endocrinoloxía. ● 1.3.3. Deshabitución tabáquica (pneumoloxía). ● 1.4. Sesións programadas de exercicio físico. ● 1.5. Seguimento exercicio físico non presencial. ● 1.6. Itinerario formativo en saúde cardiovascular. ● 1.7. Información e inclusión na aplicación TELEA para seguimento do paciente cando for necesario. ● 1.8. Consulta aberta enfermería. ● 1.9. Consulta final (alta) de enfermería. ● 1.10. Consulta final (alta) de cardioloxía. ● 1.11. Consulta final (alta) de rehabilitación. ● 1.12. Semanalmente: reunión do equipo multidisciplinar para mellora continua da calidade asistencial.
Listaxe de probas complementarias	● 2.1. Ergometría convencional. ● 2.2. Ergoespirometría (recomendada). ● 2.3. Test da marcha dos seis minutos (TM6M). ● 2.4. Outras probas de imaxe para detección de isquemia (ecocardiograma de esforzo, SPECT e anxioTAC).

Listaxe de tratamento médico óptimo	● 3.1. Manexo xeral de fármacos cardiovasculares (anexo XXIV).
Estándares de calidade	● Indicadores de proceso: enquisa de satisfacción do paciente, porcentaxe de pacientes que abandonan a RC (adherencia ao programa). ● Indicadores de resultado: • Número de reingresos, visitas a urxencias CV, eventos adversos graves dos pacientes que realizan RC fronte aos que rexeitan (non realizan) participación en RC. • Porcentaxe de pacientes que completan o programa RC. • Porcentaxe de pacientes con melloría da capacidade funcional tras programa RC. • Porcentaxe de pacientes que deixaron de fumar. • Porcentaxe de pacientes que reduciron o seu colesterol LDL. • Porcentaxe de pacientes con reincorporación laboral.
Anexos	● Consentimento informado para realización de probas de esforzo. ● <i>Checklist</i> para realización de probas de esforzo (anexo X). ● Cuestionario Predimed (anexo III). ● Cuestionario Morisky-Green (anexo II). ● Cuestionario Epworth (anexo IV). ● Cuestionario IPAQ-9 (anexo XV). ● Cuestionario EuroQol 5-D (anexo XIII). ● Cuestionario SF 36 (anexo XXV). ● Escala modificada de dispnea (Medical Research Center) (anexo XIV). ● Test de ansiedade e depresión (HADS) (anexo XVI). ● Folla de prescrición e rexistro de actividade física extrahospitalaria (anexo XVII). ● Test de Fagerström (anexo XIX). ● Escala visual analóxica da motivación para abandono tabáquico (anexo XVIII). ● Enquisa de satisfacción do paciente (anexo VIII).

DEFINICIÓN ACTIVIDADE 1.0	Consulta inicial de enfermería
Quen	Enfermeiro/a.
Onde	Despachos (consultas) de enfermería.
Cando	Tras a alta hospitalaria (idealmente dentro dos primeiros 15 días en SCA e 60 días en cirurxía cardíaca).
Que	● Avaliación de factores de risco, antecedentes familiares. ● Establecer plan de acción conxuntamente co paciente. Obxectivos do programa de RC. ● Educación para o autocoidado e empoderamento do paciente. ● Avaliación sintomática e de isquemia residual, garantir que non se desencadea isquemia significativa. ● Reforzar o papel do paciente como axente promotor de hábitos de vida saudables e da súa contorna.
Como	● Toma de parámetros antropométricos e constantes vitais (altura, peso, cálculo de IMC, PA, FC, valorar ritmicidade do pulso, porcentaxe de graxa corporal, perímetro abdominal, perímetro de pescozo). ● Adestrar o paciente na toma de constantes, na detección da ritmicidade do pulso e nos parámetros antropométricos. ● Reforzar a toma correcta da medicación e o coñecemento por parte do paciente dos seus posibles efectos secundarios. ● Verificar o coñecemento por parte do paciente dos síntomas de alarma. ● Valoración de análises de sangue. ● Realización de cooximetría se hai antecedentes de tabaquismo. ● Análise da información dos cuestionarios e derivación a especialistas en caso necesario. ● Rexistro de información na historia clínica electrónica. ● Rexistro de actividade en CEX.

DEFINICIÓN ACTIVIDADE 1.1	Consulta inicial de cardiología
Quen	Cardiólogo/a.
Onde	Despacho de cardiología.
Cando	Tras a consulta inicial de enfermería (idealmente o mesmo día ou unha semana máis tarde).
Que	● Avaliación cardiolóxica avanzada. Antecedentes familiares. Estudo do evento actual.

Que	● Avaliación sintomática e de isquemia residual, garantir que non se desencadea isquemia significativa. ● Tratamento médico óptimo. ● Establecemento de risco, obxectivos e plan de acción. ● Información personalizada e de pronóstico. ● Obxectivos do programa de RC.
Como	● Realización de historia clínica completa, revisión de historia previa. ● Revisión de probas complementarias co paciente (analítica, visualización de coronariografía e ecocardiograma). ● Reforzar tratamento antiisquémico. ● Solicitude de probas de esforzo con imaxe ou nova coronariografía en caso de síntomas significativos ou sospeita de isquemia inducida. ● Rexistro de información na historia clínica electrónica. ● Rexistro de actividade en CEX.

DEFINICIÓN ACTIVIDADE 1.2	Consulta inicial de rehabilitación
Quen	Médico/a especialista de rehabilitación.
Onde	Despacho de rehabilitación.
Cando	Tras a consulta de cardioloxía (idealmente unha semana despois).
Que	● Valoración do aparello locomotor e valoración neurolóxica. ● Valoración da dispnea previa e postevento. ● Valoración da actividade física previa e postevento. ● Valoración da calidade de vida previa e postevento. ● Valoración do nivel de ansiedade e depresión para remitir á consulta de psicoloxía. ● Establecer obxectivos individuais por paciente.
Como	● Valoración do aparello locomotor. ● Cuestionario calidade de vida (cuestionario saúde EuroQol 5-D). ● Cuestionario SF 36. ● Escala modificada de dispnea do Medical Research Center. ● Cuestionario IPAQ. ● Parámetro minutos de exercicio por semana. ● Enquisa risco psicolóxico, test ansiedade e depresión (HADS). ● Plan personalizado de exercicio físico para o fisioterapeuta. ● Rexistro de información na historia clínica electrónica. ● Rexistro de actividade en CEX.

DEFINICIÓN ACTIVIDADE 1.3.1	Consulta inicial de psicoloxía
Quen	Psicólogo/a.
Onde	Despacho de cardioloXía.
Cando	Tras consulta de rehabilitación.
Que	● Detectar trazos de ansiedade, depresión ou ira. ● Detectar adherencia e cumprimento do programa. ● Detectar hábitos de vida non saudables. ● Exploración de actividade sexual.
Como	● Entrevista persoal. ● Terapia grupal. ● Conclusións específicas. ● Rexistro de información en historia clínica electrónica. ● Rexistro de actividade en CEX.

DEFINICIÓN ACTIVIDADE 1.3.2	Consulta inicial de endocrinoloxía
Quen	Endocrinólogo/a.
Onde	Consulta de cardioloXía.
Cando	Tras consulta de rehabilitación.
Que	● Manexo de diabetes <i>de novo</i>. ● Manexo de diabetes descontrolada (HbA1c 8 %), agás pacientes que estean en seguimento por consulta de endocrinoloxía habitual. ● Manexo de obesidade mórbida (IMC >40).
Como	● Educación diabetolóxica e manexo, prescrición de tratamento. ● Pautas alimentarias para control de obesidade mórbida. ● Rexistro de actividade en historia clínica electrónica. ● Rexistro de actividade en CEX.

DEFINICIÓN ACTIVIDADE 1.3.3	Consulta inicial de Deshabitución tabáquica
Quen	Pneumólogo/a.
Onde	Consulta de pneumoloxía.
Cando	Tras consulta de rehabilitación.
Que	● Diagnóstico de tabaquismo. Historia de tabaquismo.

Que	● Análise da motivación do paciente para o abandono do tabaco. ● Educación sanitaria respecto ao tabaco. ● Ofrecer tratamento médico específico para cesamento do hábito tabáquico. ● Avaliación de cambio de hábitos.
Como	● Escala visual analóxica da motivación de abandono tabáquico. ● Test de Fagerström. ● Prescrición de medicación específica para cesamento do hábito tabáquico. ● Cooximetría. ● Rexistro de actividade en historia clínica electrónica. ● Rexistro de actividade en CEX.

DEFINICIÓN ACTIVIDADE 1.4	Sesiós programadas de exercicio físico
Quen	Persoal de enfermería e fisioterapia.
Onde	Ximnasio de RC.
Cando	Tras consulta inicial de rehabilitación.
Que	● Identificar incidencias cardiovasculares, identificación de síntomas no seguimento (anxina, hipotensión, hipoglicemia, etc.). ● Seguimento dos obxectivos marcados no plan de acción. ● Adherencia a fármacos. ● Adherencia a hábitos. ● Reforzar medidas educativas e resolución de dúbidas. ● Programación de exercicio individualizado por fisioterapia. ● Realización de exercicio físico segundo necesidades individuais de cada paciente.
Como	● Toma de constantes antes e despois do exercicio (PA, FC, peso e glicemia en pacientes diabéticos). ● Folla de prescrición e rexistro de actividade física extrahospitalaria. ● Sesiós dunha hora (fase de quecemento, realización de exercicio continuo ou por intervalos de alta intensidade e fase de estiramento). ● Rexistramos número de sesiós. ● Toma de constantes antes e despois. Glicemia en diabéticos. ● Rexistro de actividade en historia clínica electrónica. ● Rexistro de actividade en CEX.

DEFINICIÓN ACTIVIDADE 1.5	Sesiões de exercicio físico non presencial
Quen	Persoal de enfermmería e fisioterapia.
Onde	● Pacientes con acceso a internet: teleconferencia grupal asociada con TELEA/PREBENCAR. Idealmente con pulsómetro para pacientes. ● Pacientes sen acceso, informe semanal da actividade física.
Cando	● Cando o paciente rexeite o programa presencial. ● Ofrecerase 2-3 veces por semana durante 12 ou 14 sesións. ● Chamada telefónica de seguimento de enfermmería cada 15 días.
Que	● Identificar incidencias cardiovasculares, identificación de síntomas no seguimento (anxina, dispnea, hipotensión, hipoglicemia, etc.). ● Adherencia a fármacos. ● Adherencia a hábitos. ● Reforzar medidas educativas e resolución de dúbidas. ● Seguimento dos obxectivos marcados no plan de acción. ● Programación de exercicio individualizado por fisioterapia. ● Realización de exercicio físico segundo necesidades individuais de cada paciente.
Como	● Autocontrol de constantes antes e despois do exercicio (PA, FC, peso e glicemia en pacientes diabéticos). ● Revisar datos rexistrados en TELEA por parte do paciente e consultar telefonicamente datos de prescrición e rexistro de actividade física extrahospitalaria (anexo XVII) en pacientes sen TELEA. ● Sesiões dunha hora a través dun programa de reunións virtuais (fase de quecemento, realización de exercicio continuo ou por intervalos de alta intensidade e fase de estiramento). ● Rexistro de actividade en historia clínica electrónica. ● Rexistro de actividade en CEX.

DEFINICIÓN ACTIVIDADE 1.6	Itinerario formativo en saúde cardiovascular
Quen	Persoal do equipo multidisciplinar.
Onde	Espazo de saúde cardiovascular (5.ª planta).
Cando	As datas determínanse mensualmente (entrégaselles un tríptico informativo con datas aos pacientes).

Que	Charlas formativas para pacientes e familiares sobre temas de saúde cardiovascular.
Como	● Cardiopatía isquémica. Infarto agudo de miocardio. Todo o que debo saber. ● Tratamentos cardiovasculares. Que facer ante un episodio de dor torácica? ● Control de factores de risco cardiovascular: hipertensión arterial, diabetes, dislipemia, obesidade, tabaco, estrés e sedentarismo. ● Dieta cardiosaudable. ● Tabaquismo. ● Exercicio físico. Adopción dun estilo de vida activo. ● Todo o que necesito saber sobre: reincorporación laboral, viaxes e sexo. ● Manexo da ansiedade e do estrés. ● Educación sobre a diabetes.

DEFINICIÓN ACTIVIDADE 1.7	Información e inclusión na aplicación TELEA para seguimento do paciente
Quen	Fisioterapeuta.
Onde	Ximnasio de rehabilitación cardíaca ou telefonicamente.
Cando	● Tras a primeira consulta de enfermería (información de TELEA). ● Tras a primeira consulta de rehabilitación (inclusión).
Que	Explicar funcionamento e acceso á plataforma.
Como	● Proporcionar claves de acceso. ● Uso do manual de usuario de TELEA.

DEFINICIÓN ACTIVIDADE 1.8	Consulta aberta de enfermería
Quen	Enfermeiro/a.
Onde	Consulta de enfermería.
Cando	De modo continuo, a petición do paciente.
Que	● Facilitar teléfono de contacto da enfermeira responsable ao paciente na primeira visita. ● Resolver dúbidas do paciente sobre autocoidado, medicación, citas...
Como	● Resolver a dúbida en cuestión. ● Derivar ao profesional indicado se for necesario.

DEFINICIÓN ACTIVIDADE 1.9	Consulta final (alta) de enfermmería
Quen	Enfermeiro/a.
Onde	Consultas de enfermmería.
Cando	Ao finalizar o programa de actividade física.
Que	• Valoración de todo o programa e plan de alta. • Preguntar experiencia, valoración e iniciativas de mellora do programa.
Como	• Toma de parámetros antropométricos e constantes vitais á alta. • Valoración de análises de sangue á alta. • Realización de cooximetría se hai antecedentes de tabaquismo. • Valoración dos hábitos alimentarios e análise da información dos cuestionarios igual que na visita inicial. • Comentar co paciente os valores ao inicio e fin do programa, escoitar a opinión do paciente e establecer un plan á alta para o seu seguimento en atención primaria (fase III). • Insistir no empoderamento do paciente, no seu autocoidado e no seu papel como axente para promover hábitos de vida saudables. • Resolver dúbidas de paciente e familiares. • Rexistro de información na historia clínica electrónica. • Rexistro de actividade en CEX.

DEFINICIÓN ACTIVIDADE 1.10	Consulta final (alta) de cardioloxía
Quen	Cardiólogo/a.
Onde	Consulta de cardioloxía.
Cando	Ao finalizar o programa de actividade física.
Que	• Valoración de todo o programa e plan de alta. • Preguntar experiencia, valoración e iniciativas de mellora do programa.
Como	• Revisión de todo o programa conxuntamente co paciente. • Análise de síntomas e capacidade funcional. • Asegurar a reincorporación laboral e funcional. • Elaboración de informe de alta e folla de prescrición de fármacos.

Como	● Valorar a incorporación de estratexia polipílula para mellorar a adherencia terapéutica. ● Programar fase III. ● escoitar a opinión do paciente sobre o programa (o paciente deixa enquisa de valoración e suxestións de forma anónima ao finalizar o programa, anexo). ● Resolver dúbidas de paciente e familiares. ● Insistir no papel do paciente e da súa contorna como axentes para promover prevención primaria. ● Rexistro de información en IANUS. ● Rexistro de actividade en CEX.
------	---

DEFINICIÓN ACTIVIDADE 1.11	Consulta final (alta) de rehabilitación
Quen	Médico/a rehabilitador/a.
Onde	Consulta de rehabilitación.
Cando	Tras visita final de cardioloxía.
Que	● Revaloración do aparello locomotor e neurolóxica. ● Valoración da dispnea. ● Valoración da actividade física. ● Valoración da calidade de vida. ● Valoración do nivel de ansiedade e depresión para remitir á consulta de psicoloxía. ● Grao de satisfacción do programa.
Como	● Valoración do aparello locomotor. ● Cuestionario calidade de vida (cuestionario saúde EuroQol 5-D (anexo XIII). ● Recóllese o cuestionario SF 36 (anexo XXVI). ● Escala modificada de dispnea do Medical Research Center (anexo XIV). ● Cuestionario IPAQ (anexo XV). ● Parámetro minutos/semana. ● Rexistro de información en IANUS. ● Rexistro de actividade en CEX.


DEFINICIÓN ACTIVIDADE 1.12	Reunión do equipo multidisciplinar para mellora continua da calidade asistencial
Quen	Todos os integrantes do programa de mellora continua da calidade.
Onde	Ximnasio de rehabilitación cardíaca.
Cando	Todos os mércores ás 8:15.
Que	● Propostas de melloras (táboa Excel). ● Valoración de indicadores de actividade (proceso). ● Valoración de indicadores de calidade e de resultado. ● Identificación de descoordinacións. ● Execución de accións de mellora.
Como	● Listaxe de propostas de melloras. ● Priorización de propostas. ● Clasificación das melloras en dependentes de nós ou dependentes doutros. ● Unha acción, un responsable, unha data.

DEFINICIÓN PROBAS COMPLEMENTARIAS 2.1	Ergometría convencional
Quen	Cardiólogo/a e enfermeiro/a.
Onde	Sala de estudos funcionais.
Cando	● Tras a alta, preferiblemente nos primeiros 15 días. ● Sempre que non se poida realizar ergoespirometría. ● Pacientes con infarto non complicado, boa función sistólica, revascularizados e boa capacidade funcional esperada.
Que	● Valoración da capacidade funcional. ● Presenza de isquemia inducible. ● Estratificación do risco (baixo, moderado, alto). ● Fixar rango de frecuencias cardíacas obxectivo.
Como	● Realización de ECG (dixitalización en IANUS). ● Realización de ergometría (<i>checklist</i>) (anexo X). ● Sinatura de consentimentos informados. ● Rexistro de información en IANUS. ● Rexistro de actividade en CEX.

DEFINICIÓN PROBAS COMPLEMENTARIAS 2.2	Ergoespirometría (CPET)
Quen	Cardiólogo/a e enfermeiro/a.
Onde	Sala de estudos funcionais.
Cando	Tras a alta, preferiblemente nos primeiros 15 días. Proba recomendada sempre que sexa posible, especialmente en pacientes con baixa capacidade funcional, sen hábito previo de exercicio, infarto complicado ou disfunción sistólica.
Que	● Comprobar <i>checklist</i> (anexo X). ● Valoración da capacidade funcional. ● Valoración do consumo máximo de osíxeno e limiares ventilatorios. ● Presenza de isquemia inducible. ● Estratificación do risco (baixo, moderado, alto). ● Fixar rango de frecuencias cardíacas obxectivo.
Como	● Realización de ECG (dixitalización en IANUS). ● Realización de ergoespirometría. ● Sinatura de consentimentos informados. ● Informe CPET (anexo XII). ● Rexistro de información en IANUS. ● Rexistro de actividade en CEX.

DEFINICIÓN PROBAS COMPLEMENTARIAS 2.3	Test da marcha dos seis minutos (TM6M)
Quen	Enfermeira.
Onde	En corredor con circuío sinalizado de 30 m.
Cando	Pacientes que non poden realizar ergometría.
Que	Avaliar a capacidade no exercicio.
Como	● Realización do TM6M. ● Xerar informe (anexo XXVI). ● Rexistro de información en IANUS. ● Rexistro de actividade en CEX.

DEFINICIÓN PROBAS COMPLEMENTARIAS 2.4	Otras probas de imaxe para detección de isquemia (ecocardiograma de esforzo e SPECT)
Quen	Unidade de imaxe (ecocardiograma de esforzo) ou unidade de medicina nuclear (SPECT perfusión miocárdica).
Onde	Salas funcionais (en unidade de imaxe ou en medicina nuclear).
Cando	● A pacientes revascularizados cirurxicamente; ● ou con ECG non interpretable; ● ou con isquemia residual por revascularización parcial. ● Realización de ergometría con técnica de imaxe.
Que	Realización de ergometría con técnica de imaxe.
Como	● Sinatura de consentimentos informados e entrega de copia ao paciente. ● Realización de ECG (dixitalización en IANUS). ● Realización da técnica. ● Informe desta. ● Rexistro de información en IANUS.

A large, light blue, stylized graphic of an ECG (heart rate) line. It starts with a circular loop on the left, then rises into a sharp peak, followed by a steep drop and a smaller peak, and finally a long, gradual decline towards the bottom right. The line is thick and has rounded ends.

SÍNDROME CORONARIA CRÓNICA

5. SÍNDROME CORONARIA CRÓNICA

Introdución:

Dentro do concepto de síndrome coronaria crónica (SCC) inclúense as diferentes fases evolutivas da enfermidade coronaria (EC), con excepción das situacións nas que a trombose coronaria aguda domina a presentación clínica (SCA). As guías de práctica clínica (GPC) sobre o diagnóstico e tratamento das SCC clasifican estas últimas en seis categorías ou contextos clínicos:

1. Pacientes con sospeita de EC e síntomas estables de anxina ou dispnea.
2. Pacientes cun novo episodio de IC ou disfunción do ventrículo esquerdo (VE) e sospeita de EC.
3. Pacientes sintomáticos ou asintomáticos con síntomas estables menos de 1 ano tras unha SCA ou pacientes recentemente sometidos a revascularización.
4. Pacientes sintomáticos ou asintomáticos máis de 1 ano despois do diagnóstico inicial ou da revascularización.
5. Pacientes con anxina e sospeita de enfermidade vasoespástica ou microvascular.
6. Suxeitos asintomáticos nos que se detecta unha EC durante o cribado.

Os pacientes incluídos no grupo 2 son obxecto do proceso asistencial de insuficiencia cardíaca e, polo tanto, non se tratarán neste documento.




FIGURA 11. Diagrama do seguimento en AP tras o proceso de rehabilitación cardíaca e prevención secundaria.




FIGURA 12. Diagrama do proceso da síndrome coronaria crónica.




FIGURA 13. Diagrama do proceso da síndrome coronaria crónica.




FIGURA 14. Intervencións no estilo de vida.




FIGURA 15. Instauration do tratamento médico óptimo.




FIGURA 16. Tratamento de eventos cardiovasculares e descompensacións.

DEFINICIÓN DA FASE	SÍNDROME CORONARIA CRÓNICA
Criterios de entrada	● Pacientes con sospeita de enfermidade coronaria e síntomas estables de anxina ou dispnea. ● Pacientes sintomáticos ou asintomáticos con síntomas estables menos de 1 ano tras unha SCA ou pacientes recentemente sometidos a revascularización. ● Pacientes sintomáticos ou asintomáticos máis de 1 ano despois do diagnóstico inicial ou da revascularización. ● Pacientes tras programa de rehabilitación cardíaca. ● Pacientes con anxina e sospeita de enfermidade vasoespástica ou microvascular. ● Suxeitos asintomáticos nos que se detecta unha enfermidade coronaria durante o cribado.
Criterios de saída	● Estabilidade clínica. ● Diagnóstico completo. ● Tratamento óptimo.
Listaxe de actividades	● 1.1. Avaliación básica, diagnóstico e avaliación do risco. ● 1.2. Intervencións no estilo de vida e control de risco cardiovascular. ● 1.3. Instauración de tratamento médico óptimo. ● 1.4. Seguimento, prevención de eventos cardiovasculares e descompensacións. ● 1.5. Tratamento de eventos cardiovasculares e descompensacións.
Listaxe de probas complementarias	● 2.1. ECG de 12 derivacións. ● 2.2. Holter 24 horas. ● 2.3. Ecocardiograma en repouso. ● 2.4. Ergometría convencional. ● 2.5. TAC de arterias coronarias. ● 2.6. Ecocardiograma de exercicio/farmacolóxico. ● 2.7. SPECT de exercicio/farmacolóxico. ● 2.8. Resonancia magnética cardíaca. ● 2.9. Anxiografía coronaria invasiva.
Listaxe de tratamento médico óptimo	● 3.1. Fármacos antiisquémicos. ● 3.1.1. Nitratos de acción rápida. ● 3.1.2. Nitratos de acción prolongada. ● 3.1.3. Betabloqueantes. ● 3.1.4. Bloqueadores das canles de calcio. ● 3.1.5. Ivabradina. ● 3.1.6. Nicorandil. ● 3.1.7. Ranolazina. ● 3.1.8. Trimetazidina.

DEFINICIÓN DA FASE	SÍNDROME CORONARIA CRÓNICA
Listaxe de tratamento médico óptimo	● 3.2. Prevención de eventos. ● 3.2.1. AAS. ● 3.2.2. IP2Y12. ● 3.2.3. Anticoagulación oral. ● 3.2.4. IBP. ● 3.2.5. Estatinas. ● 3.2.6. Hipolipemiantes. ● 3.2.7. Bloqueadores do SRAA. ● 3.2.8. Bloqueadores beta.
Estándares de calidade	● Indicadores de proceso. ● Indicadores de resultado.
Anexos	● Anexo I: Clasificación clínica tradicional de sospeita de síntomas anxinosos. ● Anexo II: Clasificación da gravidade da anxina de esforzo segundo a CCS. ● Anexo III: Táboas de probabilidade pretest de enfermidade coronaria obstrutiva para pacientes sintomáticos segundo idade, sexo e natureza dos síntomas. ● Anexo IV: Probabilidade clínica de enfermidade coronaria. ● Anexo V: Selección de probas adecuadas para o diagnóstico de enfermidade coronaria. ● Anexo VI: Definición de alto risco de eventos para distintos tipos de probas en pacientes con SCC establecida. ● Anexo VII: Esquema de tratamento para o control dos síntomas de anxina. ● Anexo VIII: Opcións de tratamento para a DAPT estendida e criterios de risco isquémico/hemorráxico. ● Anexo IX: Clasificación CAD-RADS. ● Anexo X: Resposta normal e isquémica a diferentes modalidades de estrés no ecocardiograma de estrés.

5.1. Avaliación básica, diagnóstico e avaliación do risco

DEFINICIÓN ACTIVIDADE 1.1	Avaliación básica, diagnóstico e avaliación do risco
Quen	● Cardiólogo Unidade dor torácica – Urgencias. ● Cardiólogo consulta acto único. ● Cardiólogo en consultas externas.
Onde	● Urgencias. ● Consulta acto único. ● Consultas externas.
Cando	Paciente cumpre criterios de entrada.
Que	● Avaliar síntomas e signos. ● Avaliar comorbilidades e outras causas dos síntomas. ● Probas básicas: analítica estándar, ECG e ecocardiograma. ● Avaliación da probabilidade pretest e clínica de enfermidade coronaria. ● Selección de probas apropiadas. ● Avaliar o risco de eventos.
Como	● Síntomas e signos: clasificación clínica tradicional de sospeita de síntomas anxiosos (anexo I) e da gravidade da anxina de esforzo (anexo II). ● Comorbilidades e outras causas dos síntomas: • Se a revascularización non é unha opción probable (por comorbilidades ou calidade de vida), redúcense as probas diagnósticas a un mínimo clinicamente indicado, débese realizar un diagnóstico clínico da enfermidade coronaria e instaurase o tratamento farmacolóxico adecuado. • Se a dor ten unha orixe claramente non anxiosa, pódense realizar outras probas diagnósticas para identificar outras causas da dor (gastrointestinal, pulmonar ou musculoesquelética). ● Probas básicas: • Analítica estándar: para identificar posibles causas de isquemia, establecer factores de risco cardiovascular e enfermidades asociadas e para determinar o pronóstico. • ECG: avaliar a presenza de ondas Q e alteracións do segmento ST-T. • Ecocardiograma: para excluír outras causas de anxina (estenose aórtica, miocardiopatía...), identificar alteracións da motilidade parietal rexional que indiquen enfermidade coronaria (acinesia segmentaria, hipocinesia) e cuantificar a fracción de execución (FEVE normal >53 %) para estratificación pronóstica.

DEFINICIÓN ACTIVIDADE 1.1	Avaliación básica, diagnóstico e avaliación do risco
Como	● Probabilidade pretest e clínica (anexos III e IV): • Probabilidade pretest $\leq 5\%$ (moi baixa): practicamente descarta enfermidade coronaria; non son necesarias máis probas diagnósticas. • Probabilidade pretest 5-15 % (intermedia): considerar probas diagnósticas tendo en conta a probabilidade clínica. • Probabilidade pretest $>15\%$ (alta): son necesarias probas diagnósticas. ● Selección das probas apropiadas (anexo V): • Comorbidade alta e pobre calidade de vida: diagnóstico clínico de enfermidade coronaria e proceder con tratamento empírico sen máis probas diagnósticas. • Probabilidade entre baixa e intermedia (PPT 5-15 %): avaliación non invasiva da anatomía coronaria (TAC de arterias coronarias). • Probabilidade alta (PPT $>15\%$): probas non invasivas para a detección de isquemia, priorizando as probas con imaxe (SPECT esforzo, ecocardiograma de exercicio) e reservando a ergometría convencional exclusivamente para cando non se dispoña destas. • Probabilidade moi alta de enfermidade coronaria, síntomas que non responden a tratamento farmacolóxico ou anxina típica a niveis baixos de esforzo e unha avaliación clínica inicial que indica un alto risco de eventos: coronariografía invasiva e revascularización baseada en achados anatómicos e repercusión funcional. ● Avaliar o risco de eventos (anexo VI): recomendado para todos os pacientes con sospeita ou diagnóstico novo de enfermidade coronaria: • Risco baixo de eventos: taxa anual de mortalidade cardíaca $<1\%$. • Risco alto de eventos: taxa anual de mortalidade cardíaca $>3\%$.

5.2. Intervencións no estilo de vida

DEFINICIÓN ACTIVIDADE 1.2	Intervencións no estilo de vida
Quen	● Cardiólogo consultas externas. ● Médico de atención primaria.
Onde	● Consultas externas cardiología. ● Centro de saúde.
Cando	En cada consulta programada.
Que	● Factores de risco cardiovascular. ● Tabaquismo. ● Dieta. ● Actividade física. ● Control do peso. ● Outros. ● Educación e información sanitaria.
Como	● Acadar obxectivos de factores de risco cardiovascular: TA <140/90 mmHg (se posible <130/80 mmHg na maioría dos pacientes), c-LDL <55 mg/dl e HbA1c <7 %. ● Tabaquismo: usar estratexias farmacolóxicas e condutuais para axudar os pacientes a deixar de fumar. Evitar o tabaquismo pasivo. ● Dieta: dieta con alto contido en vexetais, froita e cereais integrais. Limitar o consumo de graxas saturadas a menos do 10 % da inxesta total. Limitar o consumo de alcohol a menos de 100 g/semana ou 15 g/día. Limitar o consumo de sal. ● Actividade física: 30-60 minutos de actividade física moderada a maioría dos días, aínda que a actividade física irregular tamén é beneficiosa. ● Control do peso: obter e manter un peso saudable (IMC <25) ou reducir o peso mediante a inxestión recomendada de calorías e o aumento da actividade física. ● Outros: adherencia ao tratamento médico prescrito. A actividade sexual de intensidade baixa ou moderada ten pouco risco para os pacientes estables asintomáticos.

5.3. Instauración de tratamento médico óptimo

DEFINICIÓN ACTIVIDADE 1.3	Instauración de tratamento médico óptimo
Quen	Cardiólogo consultas externas.
Onde	Consultas externas.
Cando	En cada consulta programada.
Que	● Fármacos antiisquémicos. ● Fármacos para a prevención de eventos.
Como	● Fármacos que diminúen a probabilidade de eventos (antiagregantes e estatinas). ● Valorar a incorporación de estratexia polipíula para mellorar a adherencia terapéutica. ● Duración da dobre terapia antiagregante: en liñas xerais, a DAPT suspenderase aos 12 meses tras un evento coronario agudo (SCACEST, SCASEST ou AI) ou aos 6 meses na SCC sometida a ICP. Deberá preverse unha duración estendida da DAPT en pacientes con moderado ou alto risco isquémico e baixo risco hemorráxico (anexo VIII). ● Axuste de tratamento antianxinoso (anexo VII).

5.4. Seguimento, prevención de eventos cardiovasculares e descompensacións

DEFINICIÓN ACTIVIDADE 1.4	Seguimento, prevención de eventos cardiovasculares e descompensacións
Quen	● Cardiólogo consultas externas (≤12 meses tras SCA ou non cumpre criterios de saída). ● Médico de atención primaria (>12 meses tras SCA e cumpre criterios de saída, ou alta de programa de rehabilitación cardíaca). ● Enfermeiro/a de cardioloxía. ● Enfermeiro/a de atención primaria.
Onde	● Consultas externas cardioloxía. ● Consulta de atención primaria.
Cando	● Aos 3, 6 e 12 meses en pacientes con diagnóstico recente de SCC ou revascularización. ● Cada 12 meses en pacientes que non acadaron criterios de saída. ● Polo menos unha vez ao ano en consulta de atención primaria en pacientes que cumpren criterios de saída e foron dados de alta.

Que	● Avaliación dos síntomas. ● Exploración física. ● Constantes vitais. ● ECG de 12 derivacións. ● Análises de sangue. ● Adherencia terapéutica. ● Optimización do tratamento.
Como	● Historia clínica enfocada a sintomatoloxía cardiovascular, especialmente anxina ou dispnea. Valoración da limitación funcional na vida diaria, análise de actividades en contexto da idade. ● Preguntar por outros síntomas cardiovasculares, como palpitacións, mareos, presíncopes ou síncope que poidan requirir unha maior investigación ou intervención. ● Realizar unha exploración física completa, prestando especial atención á presenza de sopros (descartar estenose aórtica en anciáns, sopro sistólico) e signos de insuficiencia cardíaca. ● Toma de constantes vitais: frecuencia cardíaca e tensión arterial. ● Realizar ECG de 12 derivacións para detectar cambios que indiquen isquemia ou infarto silentes e identificar alteracións en segmentos electrocardiográficos específicos (PR, QRS e QT). O ECG debe dixitalizarse na historia clínica electrónica para poder comparar. ● Realizar análise de sangue que inclúa: hemograma, bioquímica, coagulación, hemoglobina glicosilada (HbA1c), colesterol fraccionado, ácido úrico e hormonas tiroides (se hai sospeita de enfermidade tiroide). ● Avaliar adecuada adherencia ao tratamento, recalcar importancia, promover cambios de comportamento e reforzar logros dos pacientes.

5.5. Tratamento de eventos cardiovasculares e descompensacións

DEFINICIÓN ACTIVIDADE 1.5	Tratamento de eventos cardiovasculares e descompensacións
Quen	● Cardiólogo consultas externas. ● Garda de cardioloxía. ● Cardiólogo de planta/UCC.
Onde	● Consultas externas cardioloxía. ● Urxencias, planta de hospitalización/UCC.
Cando	● En cada consulta programada ante signos ou síntomas que suxiran unha descompensación (progresión, incremento intensidade ou duración, diminución do limiar, ángor de repouso <i>de novo</i>, síntomas acompañantes de risco, dispnea ou presíncope/síncope). ● Cando o paciente acuda a urxencias por sospeita de evento cardiovascular/descompensación. ● En planta de hospitalización/UCC, cando o paciente ingrese por un evento cardiovascular/descompensación.
Que	● Síndrome coronaria aguda. SCACEST/SCASEST/AI. ● Signos ou síntomas de insuficiencia cardíaca. ● Mal control da anxina.
Como	● Ante sospeita de síndrome coronaria aguda: derivar a urxencias acompañado por 061. ● Ante signos ou síntomas de insuficiencia cardíaca: • Se inestable: derivar a urxencias. • Se estable: ecocardiograma para valorar función ventricular e valvulopatías, instaurar tratamento e valorar derivación a Unidade de insuficiencia cardíaca. ● Ante síntomas estables de anxina: • Documentar isquemia , priorizando test de detección de isquemia con imaxe (SPECT, eco de exercicio). • Se isquemia moderada-severa e en ausencia de SCA recente (ICP ou CABG <1 ano, SCA <2 meses), estenose de tronco común esquerdo ≥50 %, FEVE <35 %, clase funcional NYHA III-IV ou anxina refractaria a pesar de dose máxima tolerada de fármacos antianxinosos: tratamento médico (estratexia ISCHEMIA). • Se non se cumpre algún dos anteriores: coronariografía.

5.5.1. Probas complementarias. ECG de 12 derivacións

DEFINICIÓN PROBAS COMPLEMENTARIAS 2.1	
Cal	ECG de 12 derivacións
Cando	● En todo paciente con dor torácica en repouso ou inmediatamente despois dun episodio de anxina que indique inestabilidade clínica. ● En cada consulta de revisión.
Interpretación	● En ECG con dor. Elevación do segmento ST (medida no punto J) en polo menos 2 derivacións contiguas cunha elevación $\geq 2,5$ mm en varóns menores de 40 anos, ≥ 2 mm nos de 40 anos ou máis ou $\geq 1,5$ mm en mulleres nas derivacións V2-V3 ou ≥ 1 mm noutras derivacións (en ausencia de HVE ou BREFH) ou depresión do segmento ST en V1-V3 e elevación $\geq 0,5$ mm en V7-V9 (IAM posterior): sospeita IAMCEST. ● En ECG con dor. Depresión do segmento ST, elevación transitoria e cambios na onda T: sospeita IAMSEST/AI. ● En pacientes asintomáticos con enfermidade coronaria, pode ser normal. ● Importante comparar con ECG previos para detectar cambios evolutivos. ● En pacientes anciáns, detectar fibrilación auricular ou trastornos de condución en pacientes con betabloqueantes.

5.5.2. Probas complementarias. Holter de 24 horas

DEFINICIÓN PROBAS COMPLEMENTARIAS 2.2	
Cal	Holter de 24 horas
Cando	● Pacientes con dor torácica e sospeita de arritmia como desencadeante (episodios frecuentes precedidos ou acompañados de palpitacións). ● Débese considerar en pacientes con sospeita de anxina vasoespástica (preferiblemente de 12 derivacións) en presenza de dores moi frecuentes en repouso. ● Non se debe empregar como proba sistemática para pacientes con sospeita de síndrome coronaria crónica.
Interpretación	● Detección de arritmias, especialmente fibrilación auricular, como causa da dor torácica. ● Supradesnivel do segmento ST durante as crises de vasoespasmo na anxina vasoespástica.

5.5.3. Probas complementarias. Ecocardiograma

DEFINICIÓN PROBAS COMPLEMENTARIAS 2.3	
Cal	Ecocardiograma en repouso
Cando	● En todos os pacientes con síndrome coronaria crónica ao diagnóstico se non dispoñen previamente. ● En pacientes con FEVE $\leq 40\%$, recoméndase repetir o estudo ás 6-12 semanas da revascularización ou tratamento médico óptimo para reavaliar a función e ver se hai recuperación. ● En presenza de dispnea ou datos suxestivos de insuficiencia cardíaca.
Interpretación	● Avaliar función sistólica (FEVE), alteracións da motilidade rexional (comparar con estudos previos), presión pulmonar estimada e valvulopatías.

5.5.4. Probas complementarias. Ergometría convencional

DEFINICIÓN PROBAS COMPLEMENTARIAS 2.4	
Cal	Ergometría convencional
Cando	● Como proba alternativa para considerar ou descartar a EC cando non se dispoña de probas non invasivas con imaxe. ● En pacientes seleccionados para avaliar tolerancia ao exercicio, síntomas, arritmias, resposta da presión arterial e risco de eventos. ● Pódese considerar en pacientes baixo tratamento para avaliar o control dos síntomas e a isquemia. ● Non se recomenda con fins diagnósticos en pacientes con ECG non interpretable: depresión do segmento ST ≥ 1 mm no ECG en repouso, bloqueo de rama esquerda, ritmo de marcapasos ou en tratamento con dixital. ● Débese incluír consentimento informado e <i>checklist</i> de seguridade.
Interpretación	● Resposta clínica anormal: anxina durante a proba ou signos de disfunción ventricular esquerda (hipotensión ou falta de progresión da presión arterial, mareo, palidez, suor fría, náuseas).

Interpretación	● Resposta eléctrica anormal: descenso do punto J respecto ao nivel basal ≥ 1 mm, seguido dun segmento ST horizontal ou descendente aos 60-80 ms; descenso do punto J respecto ao nivel basal, seguido dun segmento ST lentamente ascendente que aos 60-80 ms continúa deprimido polo menos 0,15 mV por debaixo da liña isoeléctrica; elevación do segmento ST de máis de 1 mm en ausencia de necrose previa (agás aVR); inversión da onda U. Lenta normalización, descendente no postesforzo. ● Como norma xeral, debe ser limitada por síntomas.
----------------	--

5.5.5. Probas complementarias. TAC de arterias coronarias

DEFINICIÓN PROBAS COMPLEMENTARIAS 2.5	
Cal	TAC de arterias coronarias
Cando	● En pacientes con sospeita de enfermidade coronaria e probabilidade clínica baixa ou intermedia, sen diagnóstico previo da enfermidade e características asociadas cunha probabilidade alta de boa calidade de imaxe. ● Non se recomenda en caso de sospeita de calcificación coronaria extensa, frecuencia cardíaca irregular, obesidade significativa, incapacidade do paciente para cooperar aguantando a respiración ou outra condición patolóxica que dificulte a adquisición de imaxes de boa calidade. ● Débese incluír consentimento informado e <i>checklist</i> de seguridade (contrastes iodados, insuficiencia renal).
Interpretación	● Permite detectar aterosclerose coronaria subclínica e descartar a enfermidade coronaria anatómica e funcionalmente significativa. ● Clasificación CAD-RADS (anexo): • CAD-RADS 0: sen evidencia de placa ou estenose. • CAD-RADS 1: estenose mínima (1-24 %) ou placa sen estenose. • CAD-RADS 2: estenose leve (25-49 %). • CAD-RADS 3: estenose moderada (50-69 %). • CAD-RADS 4a: estenose severa (70-99 %). • CAD-RADS 4b: estenose de TCE ≥ 50 % ou enfermidade obstrutiva trivascular (≥ 70 %). • CAD-RADS 5: oclusión total (100 %). • CAD-RADS N: estudo non diagnóstico.

5.5.6. Probas complementarias. Ecocardiograma de esforzo

DEFINICIÓN PROBAS COMPLEMENTARIAS 2.6	
Cal	Ecocardiograma de esforzo/farmacolóxico
Cando	● En pacientes con sospeita de enfermidade coronaria e probabilidade clínica alta se a revascularización é probable ou para pacientes cun diagnóstico previo de enfermidade coronaria. ● É condición indispensable unha ventá ecocardiográfica óptima en decúbito supino, se ben ante ventás subóptimas e en ausencia de probas alternativas no noso centro dispónse de medios de contraste para mellorar a definición dos bordos endocárdicos. ● En presenza de infartos previos e defectos da contractilidade segmentaria múltiples, o valor diagnóstico diminúe. ● Débese incluír consentimento informado e <i>checklist</i> de seguridade. ● O estudo de estrés farmacolóxico débese utilizar unicamente por incapacidade do paciente para realizar esforzo físico (regadenoson, dobutamina).
Interpretación	● Índice de contractilidade segmentaria. <i>Wall motion score index</i> (WMSI), avaliación da contractilidade en cada un dos segmentos: 1: normal ou hipercinesia. 2: hipocinesia. 3: hipocinesia severa ou acinesia. 4: discinesia. 5: aneurisma. ● O WMSI calcúlase como o cociente da suma da puntuación de cada un dos 16 (ou 17) segmentos entre o número de segmentos visualizados. ● WMSI = 1 (normal); 1,1-1,7 (intermedio); $\geq 1,7$ (alto); significa que presenta defectos de contractilidade en múltiples segmentos. ● ≥ 3 de 16 segmentos con hipocinesia ou acinesia inducida polo estrés. ● Sempre se debe valorar no contexto clínico do paciente, da súa medicación e do grao de esforzo que realizou.

5.5.7. Probas complementarias. SPECT de esforzo ou farmacolóxico

DEFINICIÓN PROBAS COMPLEMENTARIAS 2.7	
Cal	SPECT de exercicio/farmacolóxico
Cando	● Para o diagnóstico inicial de enfermidade coronaria en pacientes sintomáticos nos que non se pode descartar enfermidade obstrutiva pola avaliación clínica. ● Avaliación funcional da isquemia en pacientes con sospeita de enfermidade coronaria e probabilidade clínica alta se a revascularización é probable ou para pacientes cun diagnóstico previo de enfermidade coronaria. ● Cando o TAC de arterias coronarias mostrase enfermidade coronaria de importancia funcional indeterminada ou non sexa diagnóstico. ● Pacientes con mala ventá para ecocardiograma de exercicio ou necroses miocárdicas previas. ● Débese incluír consentimento informado e <i>checklist</i> de seguridade. ● O estudo de estrés farmacolóxico débese utilizar unicamente por incapacidade do paciente para realizar esforzo físico (regadenoson, dobutamina).
Interpretación	● Defecto de perfusión desencadeado con esforzo, non presente en repouso reversible (isquemia inducible). ● Defecto de perfusión permanente (infarto establecido), tanto en esforzo como en repouso. ● O estudo pode ser non concluínte. Cómpre ter en conta posibles artefactos da técnica. ● Unha área de isquemia $\geq 10\%$ do miocardio do ventrículo esquerdo predí un alto risco de eventos. ● Sempre se debe valorar no contexto clínico do paciente, da súa medicación e do grao de esforzo que realizou.

5.5.8. Probas complementarias. Resonancia magnética cardíaca

DEFINICIÓN PROBAS COMPLEMENTARIAS 2.8	
Cal	Resonancia magnética cardíaca
Cando	● Pódese considerar en pacientes con sospeita de EC e resultados non concluíntes na ecocardiografía nos que se sospeita necrose previa. ● Débese considerar RMC con realce tardío de gadolinio en pacientes con miocardiopatía dilatada para diferenciar a etiloxía isquémica fronte á non isquémica. ● Avaliación da isquemia e viabilidade miocárdica en pacientes con enfermidade cardíaca e insuficiencia cardíaca, considerados aptos para revascularización, antes de tomar unha decisión. ● Débese incluír consentimento informado e <i>checklist</i> de seguridade (insuficiencia renal – gadolinio, contraindicacións para RMN por dispositivos implantados).
Interpretación	● Realce tardío de gadolinio que abrangue subendocardio e é consistente cun territorio de perfusión coronaria compatible con necrose miocárdica. ● Realce tardío de gadolinio transmural permite identificar segmentos non viables.

5.5.9. Probas complementarias. Anxiografía coronaria invasiva

DEFINICIÓN PROBAS COMPLEMENTARIAS 2.9	
Cal	Anxiografía coronaria invasiva
Cando	● Recoméndase como proba alternativa para o diagnóstico de EC en pacientes con probabilidade clínica alta, síntomas graves e refractarios a tratamento médico ou anxina típica a niveis baixos de esforzo e unha avaliación clínica que indique alto risco de eventos. A avaliación invasiva funcional debe estar dispoñible para avaliar a estenose antes da revascularización, agás en casos de estenose de grao moi alto (estenose >90 % do diámetro). ● Débese considerar a coronariografía invasiva con avaliación funcional para confirmar o diagnóstico de EC en pacientes con diagnóstico incerto en probas non invasivas.

Cando	● Non se recomenda unicamente para estratificar o risco. ● Débese incluír consentimento informado e <i>checklist</i> de seguridade.
Interpretación	● Estenoses anxiograficamente significativas ou índices non hiperémicos. ● Valoración técnicas de imaxe intracoronaria na enfermidade do tronco común esquerdo.

DEFINICIÓN TRATAMENTOS 3.1.1	Fármacos antiisquémicos
Fármaco	NITRATOS DE ACCIÓN RÁPIDA (nitroglicerina s.l. ou aerosol)
Indicación	● Alivio inmediato da anxina. ● Profiláctica antes de realizar actividades físicas que previsiblemente provoquen anxina.
Contraindicación	Hipersensibilidade, MCHO, EAo avanzada, uso concomitante de IPDE-5 (p. ex., sildenafilo, tadalafilo ou vardenafilo) ou riociguat.
Efectos secundarios	Hipotensión, cefalea e rubor cutáneo.

DEFINICIÓN TRATAMENTOS 3.1.2	Fármacos antiisquémicos
Fármaco	BETABLOQUEANTES
Indicación	Tratamento de 1.ª liña para o control da frecuencia cardíaca e o alivio da anxina.
Contraindicación	Bradicardia marcada, disfunción sinusal moderada ou severa, bloqueio AV de 2.º ou 3.º grao (en ausencia dun marcapasos permanente), insuficiencia cardíaca descompensada, edema pulmonar, choque ou hipotensión arterial marcada, asma ou EPOC grave, reacción alérxica coñecida ou outra reacción adversa (farmacolóxica).
Efectos secundarios	Fatiga, depresión, bradicardia, bloqueio cardíaco, broncospasmo, vasoconstrición periférica, hipotensión postural, impotencia e enmascaramento dos síntomas de hipoglicemia.

DEFINICIÓN TRATAMENTOS 3.1.3.1	Fármacos antiisquémicos
Fármaco	CALCIOANTAGONISTAS DIHIDROPIRIDÍNICOS
Indicación	Tratamento de 1.ª liña para o alivio da ansina.
Contraindicación	Alerxia a dihidropiridinas, EAo avanzada, MCHO, hipotensión grave, ansina inestable, IAM.
Efectos secundarios	Hipotensión, taquicardia reflexa, cefalea, rubor facial, edema maleolar, náuseas, dispepsia, estrinximento.

DEFINICIÓN TRATAMENTOS 3.1.3.2	Fármacos antiisquémicos
Fármaco	CALCIOANTAGONISTAS NON DIHIDROPIRIDÍNICOS
